



## **AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

**Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS**

**Curso Académico: Curso 2020-2021**

## ■ 1.- DATOS DO TITULO

### ■ 2.-CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### ■ DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

##### ■ CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

##### ■ CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

##### ■ CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

#### ■ DIMENSIÓN 2. RECURSOS

##### ■ CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

##### ■ CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

#### ■ DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

##### ■ CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

##### ■ CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

## ■ 3.-MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

### ■ 4.-PLAN DE MELLORAS

#### ■ Abertas Curso 2021-2022

##### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

##### ■ Criterio 2. Información e transparencia

##### ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

##### ■ Outros criterios

##### ■ AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

##### ■ AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

#### ■ Finalizadas Curso 2020-2021

##### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

##### ■ Criterio 2. Información e transparencia

##### ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

##### ■ Outros criterios

##### ■ AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

- [AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-14 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)
- [AM-MP-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)-INTERCAMPUS](#)

■ [Anexo: LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES](#)

■ [Addenda Xeral: Grao Mestre/a en Educación Primaria](#)

■ [Addenda Covid específica: Grao Mestre/a en Educación Primaria Facultade Formación do Profesorado \(Lugo\)](#)

■ [Addenda específica: Grao Mestre/a en Educación Primaria Facultade de Ciencias da Educación \(Santiago de Compostela\)](#)

<u>1.DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atención á Diversidade (FCE-Santiago)</li> <li>• Educación Musical (FCE-Santiago)</li> <li>• Lingua estranxeira: inglés (FCE-Santiago e FFP-Lugo)</li> <li>• Audición e Linguaxe (FFP-Lugo)</li> <li>• Educación Física (FFP-Lugo)</li> <li>• Dirección e Xestión de Centros (FFP-Lugo)</li> </ul>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Sistema de Garantía de Calidade da docencia - INTERCAMPUS
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación (FCE)
	Facultade de Formación do Profesorado (FFP)
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

### 1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A regulación do título de Mestre de Educación Primaria recóllese na Orde ECI/3857/2007, de 27 de decembro. No seu contido apúntanse as condicións necesarias para verificar os títulos universitarios que capaciten para o desenvolvemento da profesión de Mestre. A especialidades docentes dos Mestres de Primaria preséntanse no Real Decreto 1594/2011, de 4 de novembro.

O perfil formativo/egreso do título conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. No curso 2016/2017 implantouse a 2ª edición do plan de estudos, ofertada unicamente a estudantes do primeiro curso (inicio de estudos), xa que se implantou gradualmente, un curso cada ano académico, sendo a promoción 2019/2010 a primeira graduada baixo este plan. Esta modificación académica responde ás necesidades e condicións da profesión regulada.

Na Memoria para a verificación do título está debidamente xustificado o seu interese académico, científico e profesional. No epígrafe adicado á descrición do título cítase o tipo de ensinanza, as mencións cualificadoras, a distribución de créditos e o número de prazas ofertadas. No Campus de Santiago ofértanse tres mencións cualificadoras: Lingua Estranxeira: Inglés, Atención Á Diversidade e Educación Musical. No Campus de Lugo ofértanse para o curso 2020-2021 catro mencións cualificadoras: educación física, lingua estranxeira: inglés, audición e linguaxe e titoría e xestión de centros.

En canto ao número de prazas ofertadas, a Memoria de verificación recolle que a Facultade de Formación do Profesorado en Lugo dispón dun total de 90 de novo ingreso para o primeriro ano de implantación, mentres que na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago o número é de 140 prazas.

No curso 2020/2021 o número de prazas ofertadas foi o mesmo que no curso anterior (2019/2020) 194 en total: 112 na FCE-Santiago, 82 na FFP-Lugo. Cómpre engadir 16 prazas para o Dobre Grao / Simultaneidade de estudos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, tanto no Campus de Lugo como no de Santiago de Compostela. Na Facultade de Ciencias da Educación estabilizouse a redución do 5% sobre as prazas de novo ingreso<sup>1</sup> con respecto a cursos atrás, que xa foran reducidas de 140 a 133 no 2015-2016, posteriormente a 126 no 2016-2017, e 115 no curso 2017/2018, e 112 no 2018-2019. Por iso, o número ofertado en Santiago correspóndese coa cifra de 112 prazas. A súa vez, no Campus de Lugo, a oferta de prazas pasou de 90 no ano 2015-2016, a 85 no 2016-2017, para logo estabilizarse ata a actualidade en 82. O cupo de prazas ofertadas viuse superado polo número de alumnado finalmente matriculado (procedemento de adscrición da CIUG<sup>2</sup>). A implementación do título xustifícase en base á demanda de estudantes neste ámbito profesional. Para as 82 prazas ofertadas en Lugo (Facultade de Formación do Profesorado) presentáronse un total de 703 solicitudes no curso 2020-2021. Para as 112 prazas ofertadas en Santiago (Facultade de Ciencias da Educación) entregáronse un total de 1.255 solicitudes. Os datos confirman que a demanda crecente de prazas na titulación, tanto no Campus de Santiago como no de Lugo, é unha constante, con unha cota moi superior de solicitudes por número de prazas ofertadas. Así leva sucedendo de maneira continua desde o ano 2015-2016.

A matrícula de novo ingreso<sup>3</sup> por preinscrición foi de 202 estudantes no último curso (No ano 2015-2016 era de 236, no 2016-2017 de 228, e estabilizase no 2017-2018 con 202), co cal a variación de novo ingreso é do -1,46<sup>4</sup>. Como asemella lóxico en función destes datos a maior variación deuse no ano 2017-2018 con -11,40, o cal coincide coa redución de prazas, tamén existe un dato positivo de 3,02 no curso 2019-2020. Na Facultade de Ciencias da Educación a relación de preinscritos

<sup>1</sup> IN01G

<sup>2</sup> Informe da CIUG

<sup>3</sup> IN04G

<sup>4</sup> IN05G

en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas<sup>5</sup> foi 79,46 marcando un pequeno descenso, que tende a estabilización respecto de anos anteriores (2015-2016 = 83,46; 2016-2017=84,13; 2017-2018=72,17; 2018-2019=71,43) , en relación ao curso anterior (2019-2020 = 91,07%) a súa vez na Facultade de Formación do Profesorado, a porcentaxe sitúase no 37,80% (2015-2016=53,33; 2016-2017=51,76; 2017-2018=40; 2018-2019=57,32; 2019-2020=43,90). O número de matriculados en todos os cursos do título<sup>6</sup>, sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming, acadou un total de 943 (1008 no curso 2019-2020, 1074 no curso 2015-2016). A matrícula de acceso<sup>7</sup> foi de 239 estudantes (290 en 2015-2016; 285 en 2016-2017; 241 en 2017-2018; 250 en 2018-2019; e 252 en 2019-2020), incluíndo tanto aos que trasladan o seu expediente, como aos que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros ou aos que se adaptan desde plans en extinción.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados<sup>8</sup>, sen contabilizar aos matriculados en programas de mobilidade incoming, foi dun 0,64%, marcando un pequeno descenso respecto de 2019-2020 = 0,69, aínda así cabe destacar o importante aumento desde o anterior informe dado que en 2015-2016 o dato era de 0,28, e en 2016-2017 de 0,19. No caso, da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados<sup>9</sup>, sen contabilizar aos matriculados en programas de mobilidade incoming, cabe sinalar que diminuíu desde un 1,19% no curso 2019/2020 ata un 1,06% no curso 2020/2021, estabilizando a tendencia decrecente dos últimos anos (2,14 en 2015-2016; 1,97 en 2016-2017; 1,07 en 2017-2018; 0,88 en 2018-2019).

A taxa de ocupación do título<sup>10</sup> acadou a porcentaxe de 104,12%, marcando un leve descenso en comparación co curso anterior (105,67%), pero cunha tendencia estable desde o 2015-2016 (105,83). Tamén a nota media de acceso<sup>11</sup> por preinscrición (5-14) foi de 10,75 (11,48 na FCE, e 9,71 na FFP), a máis alta nos últimos cursos, o que engade atractivo e interese para o futuro alumnado. Neste senso debemos sinalar a crecente subida deste indicador que era de 8,11 en 2015-2016, 8,28 en 2016-2017; 9,07 en 2017-2018; 9,40 en 2018-2019 e 9,77 en 2019-2020). Os estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis<sup>12</sup> foi do 100%, este dato mantense invariable desde 2018-2019, en 2015-2016 era do 96,79%. A relación de estudantes preinscritos en primeira opción<sup>13</sup> foi 61,58% marcando unha estabilización respecto aos cursos anteriores ( 71,30 no 2015-2016; 71,09 no 2016-2017; 58,50% no 2017/2018; 65,46% no 2018/2019 e 71,13% no 2019/2020)

A elevada demanda dos estudantes polo título ven refrendada tanto pola traxectoria da USC na formación de Mestres como polos resultados obtidos polos egresados. A porcentaxe de alumnado que termina os estudos no tempo previsto<sup>14</sup> é en Santiago 83,05%, e en Lugo o 91,46%, sendo a media un 86,50% (Este dato é coincidente co do curso 2015-2016, e só tivo unha pequena baixada no ano 2018-2019 cando marcou o 72,77%). A duración media dos estudos<sup>15</sup> no Campus de Santiago de 4,38 anos e en Lugo de 4,34; o que fai un total de 4,35 anos para a titulación; manténdose na mesma liña que en cursos anteriores (4,20 en 2015-2016; 4,28 en 2016-2017; 4,26 en 2017-2018; 4,24 en 2018-2019 e 4,30 en 2019-2020). Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formativo deste Título.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e asignaturas previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos, materias e asignaturas correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

<sup>5</sup> IN10G

<sup>6</sup> IN02G

<sup>7</sup> IN03G-G

<sup>8</sup> IN08G

<sup>9</sup> IN09G

<sup>10</sup> IN12G

<sup>11</sup> IN06G

<sup>12</sup> IN07G

<sup>13</sup> IN10G

<sup>14</sup> IN37G

<sup>15</sup> IN38G

A actividade docente orientada á obtención das competencias previstas desenvolveuse conforme ao indicado na memoria de verificación do título, que amosa a sucesión de materias, organizadas en dous cuatrimestres, para a capacitación e formación profesional dos Mestres. No apartado quinto a memoria achega as indicacións para a planificación das ensinanzas, respecto das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. No Informe Anual de Seguimento 2015/2016 fixéranse constar erros derivados do proceso de envorcado de datos na Memoria de verificación do título, así como a introdución dos contidos correctos, correspondentes ás materias optativas “A convivencia nos centros escolares” e “A calidade nos centros escolares”, propias da Mención cualificadora en Dirección e xestión de centros que se imparte na Facultade de Formación do Profesorado. As páxinas web das dúas Facultades amosan enlaces aos programas docentes das distintas materias do título, seguindo os parámetros establecidos na Memoria verificada para acadar as competencias a desenvolver ao longo do título. De igual xeito, a oferta de módulos e materias correspóndese co establecido neste documento. Seguimos destacando este feito que vimos estabilizando ata o curso 2020/2021.

Cando se lle pregunta aos egresados/as pola súa satisfacción co grao<sup>16</sup> cabe sinalar que os items que máis valoran son os relacionados coa formación teórica (3,85 no primeiro semestre e 3,61 no segundo semestre do curso 2020-2021) seguido da capacidade de análise (3,67 no segundo semestre e 3,52 no primeiro) e da capacidade de planificación, coordinación e organización (3,57 no primeiro semestre e 3,44 no segundo semestre). Pola contra os items cunha media máis baixa (1-5) son cando se lles pregunta pola súa vinculación entre o traballo desenvolve e a formación recibida (1,41 no primeiro semestre e 1,49 no segundo semestre), cabe sinalar que esta puntuación dáse para toda a Universidade de Santiago de Compostela e non de maneira específica para este grao, onde os perfís profesionais están máis delimitados e son máis específicos.

No curso 2020-2021 abordouse de xeito específico a cuestión do axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a Memoria Verificada do Título (**AM-MP-10**). Con respecto a esta cuestión, na FFP-Lugo, o [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) establece como responsabilidade dos coordinadores de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Asimesmo, o documento contempla como función dos coordinadores de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Estas funcións asignadas aos coordinadores de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encarga docente. Polo tanto, os axustes entre os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas. Esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19.

En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora, polo que se abre unha acción para o curso 2021-2022 con tarefas consistentes na reformulación do proceso de revisión de programas e a creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT.

O último dato que temos da media de alumnos por grupo expositivo<sup>17</sup> é de 54,63 datado no curso 2017/2018, 54,20 EN 2016-2017 e 55,72 en 2015-2016. Si que temos datos actualizados da media de alumnos por grupo de docencia interactiva<sup>18</sup> que ten descendido progresivamente nos últimos anos ata situarse en 24,79 no presente curso 2020-2021 (26,08 en 2015-2016; 25,74 en 2016-2017; 25,54 en 2017,2018; 29,32 no curso 2018/2019, e 24,88 no curso 2019/2020). A media do curso 2020-21 é superior á da USC (22,52)

O Curso de adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofertáse coas mesmas condicións e recursos que o grao.

O alumnado pode participar de xeito opcional nos programas de mobilidade rexidos polo “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (Erasmus) e extracomunitarios (países de América Latina ou de fala inglesa). Cabe salientar que no curso 2020/2021 a satisfacción media dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade<sup>19</sup> é de 4,51, marcando un importante aumento respecto do último dato (2018/2019 onde foi dun 3,70 (1-5); e 3,56 en 2015-2016). No curso 2020-2021 non contamos con cifras actualizadas de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade<sup>20</sup> sobre o total de matriculados no curso, ao non existir dato neste curso facemos referencia ao último dispoñible no 2017/2018 cando supuxo un 2,39 % na Facultade de Santiago e un 0,76% na de Lugo, marcando un 1,76 de media (2,73 no 2016-2017 e 2,51 no 2015-2016). Dadas as circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria da COVID-19, os datos de mobilidade e traslados

<sup>16</sup> INF09

<sup>17</sup> IN31G

<sup>18</sup> IN32G

<sup>19</sup> IN15G-G

<sup>20</sup> IN17G

víronse afectados. Cómpre salientar, asimesmo, que o indicador neste caso non resulta fiable, sendo as porcentaxes reais de estudantes enviados maiores, xa que, de acordo coas condicións das convocatorias, non todo o alumnado matriculado pode acceder a prazas de mobilidade. De feito, únicamente cumpren as condicións para solicitar praza os estudantes que cursan segundo e terceiro (e cuarto soamente no caso do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos).

Na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago dos programas de mobilidade saínte<sup>21</sup> durante o presente curso 2020/2021 beneficiáronse un total de 22 alumnos, cifra moito mais baixa que nos últimos cursos (61 en 2017/2018;44 en 2018/2019 e 63 en 2019/2020), dos cales 6 pertencían ao Grao en Mestre de Educación Primaria: 4 desfrutaron do Programa Erasmus e 2 realizaron a súa mobilidade dentro do Programa SICUE. En relación aos programas de mobilidade entrante non se rexistrou ningún alumno/a no curso 2019/2020, pero no 2020/2021 recuperouse este indicador cun total de 19 na totalidade da Facultade e 4 no Grao de Mestre/a en Educación Primaria (1 de Erasmus e 3 de SICUE).

Con respecto á procedencia ou destino do alumnado participante en programas de mobilidade, na FFP-Lugo no curso 2020-2021 enviáronse 3 alumnos de SICUE e 2 de Erasmus do Grao de Educación Infantil, 3 Erasmus do Grao de Primaria e 2 Erasmus do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos, sumando un total de 10 seguindo co número ascendente dos últimos cursos (7 en 2017/2018, 5 en 2018/2019 e 8 en 2019/2019). No presente curso o alumnado entrante en programas de mobilidade na Facultade ocupou 1 praza procedente de SICUE no marco do Grao de mestre/a en Educación Primaria. As cifras mantéñense en valores similares nos últimos anos (1 en 2017/2018, 1 en 2018/2019 e ningún en 2019/2020). A baixa porcentaxe de alumnado participante neste tipo de programas obríganos a continuar esforzándonos en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado.

Na táboa seguinte preséntase o total de alumnado participante en programas de mobilidade desde o curso 2014-15 nos dous centros e o desglose de alumnado pertencente ás titulacións de Infantil, Primaria e Dobre Grao/Simultaneidade de estudos

**Táboa 1. Evolución da mobilidade saínte e entrante na FFP-Lugo e na FCE-Santiago nas titulacións de Infantil e Primaria e no Dobre Grao/Simultaneidade de estudos**

	Total alumnado saínte	Alumnado saínte de Infantil e Dobre Grao/Simultaneidade de estudos (DG)	Alumnado saínte de Primaria	Porcentaxe alumnado Infantil e Primaria sobre total alumnado saínte	Total alumnado entrante	Alumnado entrante de Infantil	Alumnado entrante de Primaria	Porcentaxe alumnado Infantil e Primaria sobre total alumnado entrante
2014-15	42	8	14	52,38%	39	5	8	33,33%
2015-16	70	18	27	64,28%	22	5	5	45,45%
2016-17	63	8	29	58,73%	31	2	7	29,03%
2017-18	68	12	18	44,11%	28	1	9	35,71%
2018-19	49	6	24	61,22%	34	6	10	47,05%
2019-20	70	18 + 2 DG	21	58,57%	30	4	---	13,33%
2020-21	32	12 + 4 DG	9	78,12%	19	3	5	42,10%

Fonte: 2502229\_INF.03 2015-16 a 2020-21

Como se pode observar, a porcentaxe de alumnado saínte que cursa as titulacións de Infantil e Primaria con respecto ao total de alumnado saínte mantense en xeral en cifras superiores ao 50% desde o curso 2014-15, incluíndo o curso 2019-20 no que se interrompiu a actividade docente presencial no segundo semestre por mor da pandemia, e a porcentaxe de alumnado entrante que cursa esas titulacións supera o 30% de media con respecto ao total de alumnado entrante entre os anos 2014-15 e 2020-21.

Tal e como consta nos sucesivos informes de seguimento, nos últimos cursos véñense desenvolvendo accións de mellora relativas á mobilidade de estudantes, e encamiñadas cara a fomentar a participación do alumnado nestes programas, tanto no Grao de Primaria coma no de Infantil e no Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.

Dese xeito, na FFP-Lugo involucrouse nas tarefas de difusión de información en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro non soamente ao Responsable Académico de Mobilidade e aos coordinadores académicos de intercambios, senón tamén aos coordinadores de título e curso. Como consecuencia, e como se sinalou anteriormente, a mobilidade saínte total do alumnado da facultade aumentou de 5 alumnos no curso 2018-2019 a 8 no curso 2019-2020 e a 10 no curso 2020-2021. Con respecto ao curso 2020-21, na acción de mellora **AM-MP-6 (2020-2021)**, desenvolvida nese curso nos dous centros, intensificáronse as actividades de difusión de información.

Na FFP-Lugo, ao longo do curso, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron ao alumnado por medio do Campus Virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes. No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala

<sup>21</sup> Documento INF.03



inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. A necesidade de continuar fomentando a participación motiva a reapertura da acción de mellora para o curso 2021-2022, co fin de facer un seguimento específico da mobilidade saínte do alumnado.

A participación do alumnado en programas de mobilidade é un aspecto sen dúbida susceptible de mellora, malia que cómpre matizar que na persistencia de prazas vacantes en destinos Erasmus inflúen cuestións económicas, de competencia lingüística do alumnado (por exemplo, na FFP-Lugo non se adoitan cubrir as prazas de Erasmus que requiren portugués, e non se cubren todas as prazas de francés), e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos, os cales preparan ao alumnado para o exercicio dunha profesión regulada cuxa normativa varía dependendo do país. Unha razón específica para a baixa participación no programa SICUE é sen dúbida de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, carecer tamén de bolsas e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos, así como a compatibilidade dos plans de estudos.

Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios na contorna europea. Porén, na FFP-Lugo, por exemplo, continúa a traballar nesa liña; así, desde o curso 2014-2015 cóntase con dúas prazas de mobilidade para Romanía, e no curso 2020-2021 iniciáronse contactos con outras universidades en Finlandia e Albania para explorar as posibilidades de abrir novos convenios de colaboración.

Do mesmo xeito, na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela existe un Vicedecanato específico para cuestións de mobilidade, así como profesorado encargado de coordinar, recibir e asesorar ao estudiantado dos diferentes programas (Erasmus, Sicue ou Convenios Bilaterais). Por tanto, de maneira periódica organízanse diferentes xuntanzas divulgativas, explicativas e informativas co alumnado para dar a coñecer as diferentes propostas neste eido, ao tempo que se solucionan dúbidas que podan xurdir. É unha práctica habitual convidar a alumnas/os que teñan participado nestes programas anteriormente a esas xuntanzas, para que así podan dar a súa opinión desde unha perspectiva diferente, motivando ao estudiantado solicitante.

Non hai datos dispoñibles para o curso 2019-20 sobre a satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade<sup>22</sup>, aínda que o dato do curso 2020/2021 é moi positivo (4,51 sobre 5 de media nos dous campus), marcando a puntuación máis elevada nos últimos cursos (3,56 en 205/2016; 3,34 en 2016/2017; 3,37 en 2017/2018 e 3,70 en 2018/2019)

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias-asignaturas do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A implementación do título de Mestre de Educación Primaria aposta pola coordinación do profesorado. De feito, as guías docentes son un instrumento importante para a coordinación das materias e para o desenvolvemento da docencia. Nas dúas facultades que se imparte esta titulación existe un coordinador do título e outro específico por cada curso. Entre os seus cometidos atópase a acollida do novo alumnado, os encontros cos delegados de curso, as sesións de traballo co profesorado da titulación, a recollida de información para elaborar os informes de seguimento e das accións de mellora, a comprobación dos programas docentes, a comunicación periódica co alumnado, así como a distribución e análise dos cuestionarios de avaliación.

Para unha mellor distribución, delimitación e optimización de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), como acción de mellora, no curso 2019-20 elaborouse na FFP-Lugo por parte do equipo decanal e as

<sup>22</sup> IN15G

coordinacións de título (coa colaboración das coordinacións de curso) un [documento marco](#) que concreta de xeito claro as funcións de cada tipo de coordinación, evitando duplicidades innecesarias e mellorando os procedementos. Este documento mantivo a súa vixencia no curso 2020-2021, no que se estableceu unha acción de mellora relativa a ao mesmo (**AM-MP-1 2020-2021**), consistente na implementación dos documentos complementarios ao [Documento Marco](#) e as súas directrices, así coma o seguimento dos resultados. A acción executouse eficazmente, e a continuación sintetízanse os resultados obtidos.

Os coordinadores de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias do curso ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. Estas enquisas proporcionan datos sobre cuestións relativas á marcha do semestre ou curso, tales como a coordinación entre docentes que comparten materias, posibles solapamentos de contidos entre materias, os horarios lectivos, o número de traballos do semestre ou curso, a carga de traballo autónomo do alumnado, etc. Os coordinadores incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Asimesmo, o coordinador de título informou en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

En liñas xerais, o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e a carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade, e a segunda débese parcialmente ao retraso no comezo presencial dos semestres polas circunstancias da pandemia, que ocasionou que o remate das materias optativas coincidise co das materias obrigatorias. En calquera caso, cómpre poñer en marcha mecanismos para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre, de xeito que se deixa aberta unha acción de mellora relativa a esta cuestión para o curso 2021-2022: os coordinadores de curso poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual unhas táboas-calendario de edición conxunta elaboradas polas coordinacións de título, onde os docentes poderán sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado e facer os axustes de prazos de considere oportunos.

A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polos coordinadores de curso cos axustes precisos realizados dende as coordinacións de título tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia debido á situación de pandemia, e manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas (a información completa sobre o proceso de revisión de programas pódese atopar na Addenda ao Informe de Acreditación que acompaña ao presente documento).

As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de Grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte dos coordinadores de curso (datos que á súa vez estes reflicten nos seus informes finais). Os datos recollidos destas actividades forman parte do informe de execución do [Plan FORTE-FFP](#) (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP), informe analizado e avaliado positivamente na reunión da [Comisión de Calidade celebrada o 22 de decembro de 2021](#). Este plan foi establecido na [Memoria de Calidade do centro 2019-2020](#), e desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do [Manual de Procesos da FFP](#). O informe de execución é analizado pola comisión de calidade para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.

Finalmente, o protocolo de cambios de grupo interactivo non puido poñerse en práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as condicións de plena presencialidade sen restricións. O alumnado que puidese acreditar algunha das outras causas que figuran na normativa para o cambio de grupo poderá solicitar dispensa na data prevista.

Por outra banda, no curso 2020-2021 leváronse a cabo tarefas encamiñadas cara á mellora da coordinación docente en materias compartidas (**AM-MP-8 2020-2021**), consistentes na recollida de incidencias e a comunicación aos departamentos responsables. Na FFP-Lugo, o [Documento Marco](#) de Funcións das Coordinacións específica, entre as responsabilidades do coordinador de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos...), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia ao coordinador de materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman asimesmo parte do [Documento Marco](#) de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas administráronse no curso 20-21, e os datos recollidos polos coordinadores de curso trasladáronse ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de procesos da FFP, para o informe anual de seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Asimesmo, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos

obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. No curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP, polo que non foi preciso trasladalas aos departamentos. A efectividade das medidas adoptadas levou a que estas se protocolicen para cursos vindeiros, de xeito que se leven a cabo de maneira automática e non requiran a apertura de accións de mellora específicas.

Do mesmo xeito, na FCE-Santiago creouse un Plan de Acción Titorial (**AM-MP-15 2020-2021**) que entre as súas accións específicas para o Grao de Mestre/a de Educación Primaria contempla a creación dun comité consultivo integrado polos/as delegados/as de curso xunto con representantes de xestión do centro (Coordinación e Decanato), para mellorar a coordinación do alumnado e a canalización de demandas. Esta iniciativa xurde no ano 2019-2020, e créase formalmente no presente curso 2020-2021, contando cunha boa acollida por parte do alumnado.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida<sup>23</sup> sitúase en 4,06 no curso 2020-2021 (1-5), aumentando respecto de cursos anteriores (3,93 no 2015-2016; 3,93 no 2016-2017; 3,91 no 2017-2018; 3,93 no 2018/2019 e 3,96 en 2019/2020). Os aspectos mellor valorados nesta última edición fan referencia á resolución de dúbidas por parte dos/as docentes (4,34), ao cumprimento do cronograma temporal previsto antes da Crise da COVID-19 (4,24), e tamén, á comunicación entre profesorado e alumnado (4,19). Porén, os aspectos menos valorados son a resolución de dúbidas vinculadas coa materia (3,82) e a carga de traballo proposta (3,91). No curso 2019/2020 debido a situación creada pola COVID-19 modificouse a enquisa pasada ao alumnado, incluíndo ítems relativos ao traballo virtual e a adaptación de contidos, a cal se mantivo no curso 2020/2021. Neste senso, cabe sinalar que alumnado mostrou un alto grado de satisfacción global co proceso, pese as circunstancias sobrevidas, así a media global foi de 4,05 (1-5), 3,91 en Santiago e 4,19 en Lugo.

Por outra banda, o nivel de satisfacción global do profesorado coa docencia impartida<sup>24</sup> sitúase en 4,15 (1-5), dato que se ve claramente incrementado na serie histórica (3,80 en 2015-2016; 3,78 en 2016-2017; 3,86 en 2017-2018; 4,22 en 2018-2019; 4,15 en 2019-2020). Cabe salientar que no curso 2019/2020 se incluíron cuestións vinculadas a docencia en remoto e se modificou a tipoloxía de instrumento<sup>25</sup>. Os ítems máis valorados globalmente no 2020-2021 son o correcto trato co estudiantado (4,89) e a accesibilidade que ten o alumnado durante as titorías (4,88), seguido pola información que se lle da ao alumnado en relación aos criterios de avaliación das materias (4,79); estes datos coinciden co marcado no curso 2019-2020. Os menos valorados son os que fan referencia a avaliación (3,49) e ao desenvolvemento da docencia non presencial derivada do estado de alarma (3,52), tamén recibe unha baixa cualificación a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,47).

Un dos compoñentes máis importantes do título para a capacitación profesional dos estudantes é o Prácticum (prácticas externas) cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada Na 1ª edición do título as Prácticas distribúense en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), e na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre). Cada centro conta cun coordinador do Prácticum co que colaboran os coordinadores de cada unha das materias que o compoñen. Este organigrama responde á complexidade que supón a organización das prácticas e a súa importancia formativa. Para facilitar o seu desenvolvemento asínanse convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas. Ao inicio de cada curso académico organízanse reunións informativas para explicar o proceso de elección dos centros de prácticas. Asemade, e como acción de mellora dos últimos cursos, tense actualizado a guía do prácticum (**AM-MP-4.1**) con aquela información que se viña demandando reiteradamente nas reunións. Polo que respecta ás prácticas externas, cómpre sinalar que a acción de mellora **AM-MP-4 (2020-2021)**, relativa á actualización de documentación sobre o Prácticum, executouse con éxito. Dese xeito, no curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum. Ademais, na FFP-Lugo, o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos.

Para dar cumprimento a Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, a partir do curso 2016/2017 os estudantes do título que queiran matricularse en materias de Prácticum deben aportar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e presentala xunto coa matrícula. Nas páxinas web dos dous centros ofrécese información complementaria para o desenvolvemento das prácticas externas: programa, centros ofertados, asignación de prazas e distribución do alumnado, etc.

Tamén existe a figura do coordinador ou coordinadora do TFG da titulación na Facultade do Profesorado de Lugo. Tendo en conta o número elevado de traballos presentados e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require dun gran esforzo. Esta tarefa é desenvolvida pola coordinadora de 4º curso de Grao no caso da Facultade de Santiago de Compostela. Na FFP-Lugo, tendo constatado que a Área de Calidade non proporciona datos concretos sobre a satisfacción coa coordinación do Prácticum, desde a coordinación xeral do Prácticum adminístranse enquisas propias ao alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, tanto coa coordinación xeral como co traballo dos coordinadores de materia, supervisores académicos e titores dos centros, así como a adquisición

<sup>23</sup> IN46G

<sup>24</sup> IN47G

<sup>25</sup> Documento INF14

de competencias propias do título e outros datos de interese sobre o desenvolvemento das prácticas. No curso 2020-21 obtivéronse en xeral datos moi positivos, e arredor do 90% do alumnado dos dous graos (Primaria e Infantil) amosouse bastante ou moi satisfeito coas diferentes figuras participantes no Prácticum, incluíndo a coordinación xeral. No caso do Prácticum II, entre un 70% e un 90% do alumnado maniféstase bastante ou moi satisfeito con esas figuras. As enquisas realizadas poden consultarse nas seguintes ligazóns:

- [FORMULARIO VALORACIÓN PRÁCTICUM I 20/21](#)
- [FORMULARIO VALORACIÓN PRÁCTICUM II 20/21](#)

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas práctica e mecanismos de funcionamento entre os Campus de Santiago e Lugo: velar pola celebración de reunións periódicas que melloren o intercambio de información sobre asuntos como incorporación do alumnado, profesorado, Prácticum, coordinación de materias e seguimento do título. De maneira reiterada vense tratando nesta Comisión o análise dos concursos para a dotación de profesorado que, aínda que positivos de cara a diminuír a precariedade na contratación, non permiten un aumento significativo da dotación de recursos humanos, unha cuestión que se vai solucionando paulatinamente.

De maneira xeral, o título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non é necesario a coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Aínda que no curso 2019/2020 se pasase a unha docencia completamente virtual desde o mes de Marzo por cuestións sobrevidas, e no curso 2020-2021 se optase por unha docencia de carácter semipresencial como continuidade desta situación sanitaria. Con carácter xeral, a exención de docencia para o alumnado concédese só para as clases expositivas, agás que o programa da materia contemple outras situacións, cando se demostre debidamente acreditado o solapamento de horarios con outras materias da titulación, a simultaneidade de estudos oficiais, a conciliación da vida familiar e persoal ou a ocupación profesional. Nos programas das materias o profesorado indica os procedementos necesarios para que estes estudantes podan alcanzar as mesmas competencias que na docencia presencial. No curso 2020-2021 na FCE-Santiago solicitaronse un total de 72 dispensas, concedéndose 68 delas. Este número veuse incrementado pola excepcionalidade da situación hixiénico sanitaria, xa que en cursos anteriores este número era susceptiblemente menor (2 no curso 2017-2018, 23 no 2018-2019 e 25 no 2019-2020). No caso da FFP-Lugo concedéronse 18 dispensas para Infantil, 14 dispensas para o Curso Ponte de Infantil, 21 dispensas para Primaria, 20 para o Curso Ponte de Primaria, e 3 para o Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A memoria verificada indica que a selección dos alumnos de novo ingreso rexirase pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, a que regula os procedimentos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á Universidade. Señala, tamén, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. En consecuencia, non se observan disonancias destacadas entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada. Os requisitos de acceso e criterios de admisión recollidos na memoria verificada estanse a cumprir.

O perfil maioritario dos estudantes do Título<sup>26</sup> tiveron superado as probas de acceso á Universidade (98 Lugo, 118 Santiago no curso 2020-2021). Ademais desta modalidade, que é a maioritaria, tamén teñen posibilidade de cursar os estudos de Mestre de Educación Primaria estudantes en posesión dun título académico ou profesional, alumnos procedentes de universidades extranxeiras, estudantes ou maiores de 40 anos. No curso 2020/2021 matriculáronse 1 titulado universitario 1 na Facultade de Santiago e ningún en Lugo, 1 alumno maior de 45 anos no centro lucense, 2 deportistas de alto nivel en Santiago e 1 en Lugo, e 1 persoas con discapacidade no centro Compostelano e 1 ningún en Lugo. Cabe sinalar que no histórico de datos esta adoita ser a tendencia sen grandes variacións ano tras ano, agás por aquelas derivadas da redución do número de prazas que xa se informou en anteriores apartados.

#### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/mestrado, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias

<sup>26</sup> Informe da CIUG

previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia. A súa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. O cumprimento da Normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster, aprobada polo Consello Social da USC, estase a desenvolver sen problema. Cúmprense os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. A taxa de éxito<sup>27</sup> (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou) foi dun 97,43% no curso 2020-2021 a nivel Intercampus, mantendo a tendencia dos últimos cursos (2015-2016=95,89; 2016-2017=95,59; 2017-2018=96,05; 2018-2019=95,61 e 2019-2020=97,74). Tamén é importante ter en conta a taxa de idoneidade na graduación<sup>28</sup>, que recolle a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Esta taxa, que acadou no curso 2020-2021 a súa puntuación máis alta da serie histórica cun dato intercampus de 78,50 (FFP=82,93; FCE=75,42), así amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica (68,28 no 2015-2016; 65,11 no 2016-2017; 67,56 no 2017-2018; 64,73 no 2018-2019; e 65,78 no 2019-2020). E, por último, a taxa de eficiencia<sup>29</sup> (rendemento dos egresados) foi dun 95,62% en total no curso 2020-2021 (94,94% na FFP-Lugo, 95,99% na FCE-Santiago), o que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou. Este indicador tense mantido constante ao longo dos diferentes cursos cunha variabilidade pequena (97,03 en 2015/2016; 96,33 en 2016/2017; 96,06 en 2017/2018; 95,58 en 2018/2019 e 95,41 en 2019/2020). De xeito xeral, a duración media dos estudos foi dun 4,35 anos a nivel Intercampus marcando unha tendencia ascendente nos últimos cursos (4,20 en 2015/2016; 4,28 en 2016/2017; 4,26 en 2017/2018; 4,24 en 2018/2019 e 4,30 en 2019/2020).

En canto á Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanza superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36.

No curso 2020/2021 tamén se cumpriu cos Regulamentos do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria nos dous centros, Lugo e Santiago, aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017. Aínda que cabe salientar que se introduciron algún cambios para a adaptación a situación derivada da crise sanitaria. Na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 161 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2021-2021 indican que un 90,06% (145) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 9,31% con Aprobado (15), 4,96% de Sobresalientes (8), 4,96% (8) Matrículas de Honra e 1 suspenso.

No curso 2020-21, no Grao de Primaria defendéronse un total de 105 TFGs na FFP-Lugo, entre as dúas edicións do Grao, o Curso Ponte e o Dobre Grao/Simultaneidade de estudos. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 71,42% (75), seguida de Aprobado, cun 20% (21), Sobresaliente, cun 5,71% (6), Suspenso, cun 1,90% (2) e Matrícula de Honra, cun 0,95% (1). A puntuación máis frecuente foi un 7,50 (58 traballos).

En liñas xerais, tanto na FCE de Santiago de Compostela, como na FFP-Lugo nos cursos 2015-2016 ata o actual 2020-2021, desenvolvéronse segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria, sendo preciso realizar algúns axustes coxunturais no desenvolvemento de ámbalas dúas materias por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada do Covid-19 no curso 2019-2020 e no 2020-2021.

Estes axustes afectaron esencialmente ao tipo de actividades desenvolvidas nas Memorias de prácticas e ás condicións para as defensas dos Traballos de Fin de Grao, que se fixeron de xeito telemático e avaliando unicamente os títolos de TFG. As guías do TFG adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e as modalidades posibles e metodoloxías do traballo adaptándoas ao contexto non presencial e ás dificultades para o desenvolvemento de traballos de investigación que requirisen traballo de campo. As modificacións foron introducidas ao abeiro da Resolución reitoral do 23 de marzo como consecuencia da suspensión temporal da docencia presencial. Introducíronse asimismo modificacións no Prácticum II ao abeiro da Resolución reitoral arriba nomeada, e a modificación da guía docente desta materia realizouse seguindo os acordos e recomendacións da Conferencia de decanas e decanos de Educación e, por tanto, tendo como marco de actuación as “Guías orientadoras para a adaptación de forma harmonizada das prácticas obrigatorias (Prácticum) dos títulos de Educación ante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19” desenvolvidas pola conferencia seguindo as indicacións da CRUE e publicadas na web da conferencia o 31 de marzo de 2020 (<http://www.conferenciadecanoseducacion.es/guias-orientadoras-la-adaptacion-forma-armonizada-las-practicas-obligatorias-practicum-los-titulos-educacion-ante-la-situacion-emergencia-sanitaria-provocada-covid-19/>). A información relativa aos axustes realizados no Prácticum para ese curso atópase asimismo nas Addendas ao [Autoinforme de Seguimento do curso 2019-2020](#). Polo que respecta ao curso 2020-2021, as previsións de diferentes escenarios de docencia derivados da situación sanitaria que foi preciso ter en conta reflectíronse novamente nas guías docentes das materias de Prácticum e TFG, e o desenvolvemento das mesmas detállase nas Addendas que acompañan ao presente documento

<sup>27</sup> IN35G

<sup>28</sup> IN51G

<sup>29</sup> IN53G

En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, da USC existe un apoio tutorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-tutor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluídas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas. Neste senso, e atendendo as accións de mellora propostas nas diferentes memorias de seguimento, cabe sinalar a introducción dun Plan de Acción Tutorial na Facultade de Ciencias da Educación, o cal foi aprobado no curso 2020-2021 e comezará a aplicarse no 2021-2022 (**AM-MP-15**).

En canto ao Prácticum, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2020/2021 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas externas sobre o total de estudantes egresados<sup>30</sup> nese título e nese mesmo curso académico foi dun total de 92,02% (84,69% na FFP-Lugo, 97,14% na FCE-Santiago), sendo este un dos datos máis altos dos últimos cursos (89,58 en 2015/2016; 88,21 en 2016/2017; 89,73 en 2017/2018; 92,44 en 2018/2019 e 90,04 en 2019/2020).

---

<sup>30</sup> IN22G

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

#### 2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas páxinas web dos dous centros, Facultade de Formación do Profesorado en Lugo e Facultade de Ciencias da Educación en Santiago, pódese consultar tanto a Memoria de verificación como a organización dos cursos e os programas das materias, o que demostra unha accesibilidade áxil á información sobre suficiente e obxectiva para dar conta dos estudos ofertados e as características do título. Tamén se amosa información específica sobre o programa formativo tanto dos programas de mobilidade (estudantes seleccionados), como do Traballo Fin de Grao (programa, calendario, asignación de titores, etc.), e das Prácticas externas (centros ofertados, distribución alumnado, formularios, etc.). Estas informacións permiten analizar os resultados acadados e medir calidade do título.

En relación á satisfacción dos egresados<sup>31</sup> podemos observar como no ano 2020-2021 obtense unha puntuación maior (3,39) que nos cursos anteriores (3,13 en 2015/2016; 3,20 en 2016/2017; 3,38 en 2017/2018 e 3,34 en 2018/2019). É importante sinalar que no ano 2019-2020 no existe o dato dado que non se recolleu por motivos derivados da crise da COVID-19.

Con respecto á información dispoñible sobre o título, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación<sup>32</sup> este ítem valórase de xeito moi positivo, cun 3,98 de media sobre 5. Esta enquisa tan só conta con datos desde o curso 2019-2020 onde a puntuación acadada neste ítem era de 4,02. A súa vez, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación<sup>33</sup>, a información dispoñible sobre o título valórase de media cun 3,31 nos dous centros (3,06 en 2019-2020), e a valoración global situáse nun 3,20 no 2020-2021, e en 3,26 no 2019-2020 . A satisfacción xeral destes grupos de interese mantense por tanto, en valores positivos.

<sup>31</sup> IN42G

<sup>32</sup> Documento INF23

<sup>33</sup> Documento INF22

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO****CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias da Educación, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade, busca a mellora continua do centro para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias da Educación, elabora a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos no seu Plan estratéxico (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021), dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro tivo unha implantación progresiva e, nos últimos anos, foi sometido a unha análise exhaustiva. A última revisión do Manual do Sistema de Garantía de Calidade, a 4ª, foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021. O Manual de Procesos tamén foi revisado e actualizado durante o mes de novembro e decembro de 2021 e aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021.

Como se indica anteriormente, o centro dispón do Plan estratéxico ponte (2020-22), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

Polo que concerne á Facultade de Formación do Profesorado, A [Política de Calidade](#) da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Asimesmo, no curso 2016-17 foi informado favorablemente o Plan Estratéxico da Facultade 2016-20. No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. As condicións derivadas da pandemia motivaron que no curso 2019-20 se procedese a prorrogar o Plan ata o 2022. A actual prórroga ([Plan estratéxico 2016-22](#)) mantén a estrutura e os fundamentos do Plan no que se basea pero perfílase a análise DAFO, o que deriva nunha lixeira ampliación de accións estratéxicas. En canto ao [Manual do Sistema de Garantía de Calidade](#), este foi asimesmo obxecto de sucesivas revisións froito da súa análise. A última revisión, a 5ª, foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 6 de outubro de 2021.

O SGC dispón de procedementos e mecanismos que permiten recoller e analizar, de xeito continuo, a información e os resultados relevantes, especialmente no que respecta aos resultados da aprendizaxe e ao grao de satisfacción dos distintos grupos de interese o que permite o logro dunha xestión eficaz e eficiente do título. Neste sentido, o SGC conta cun procedemento específico, a nivel institucional para recoller a satisfacción dos diferentes colectivos. A USC aplica periodicamente as enquisas segundo a planificación de cada curso académico (enquisas a alumnado, enquisas a profesorado, enquisas a PAS, enquisas a egresados, enquisas a empresas que reciben alumnado en prácticas, etc.). As respostas a estas enquisas e o resto de indicadores que elabora a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC son empregados pola Comisión do Título e pola Comisión de Calidade do centro para a revisión e mellora do programa formativo. A recollida e análise dos resultados atende especificado no Manual de procesos, actuando os/as coordinadores/as de curso, a/o coordinador de título e as distintas comisións implicadas, de modo especial a Comisión



do título e a Comisión de Calidade do centro. Pódese observar este seguimento a través das evidencias das actas de reunións e distintos informes elaborados onde quedan recollidas as distintas debilidades e ameazas atopadas á hora da implantación e seguimento do título, así como as propostas de accións de mellora levadas a cabo. Na FFP-Lugo cóntase, ademais, desde o curso 2020-21 cunha enquisa propia de satisfacción do alumnado coa coordinación de cada curso establecida no [Documento Marco](#) de Funcións das coordinacións, a cal recolle aspectos relativos a espazos, horarios, coordinación docente en materias compartidas, carga de traballo do semestre, solapamento de contidos entre materias, etc., e existe tamén unha enquisa específica sobre o desenvolvemento do Prácticum na que o alumnado valora os labores desenvolvidos pola coordinación do prácticum, o profesorado supervisor da Facultade, o profesorado titor dos centros e a súa propia actuación no período de prácticas. Estas enquisas proporcionan datos útiles para os procesos de avaliación e mellora do título.

Tanto a Comisión de título como a Comisión de Calidade dos centros realizan reunións periódicas co obxectivo de coordinar e planificar a docencia acorde coas directrices das memorias dos títulos. Tamén se levan a cabo reunións de coordinación por curso, a través dos distintos coordinadores que fan chegar as súas suxestións e inquietudes a/o coordinador de título.

Finalmente, en relación ao procedemento de suxestións e reclamacións, este desenvolveuse conforme ao establecido, tanto no marco do centro, como no ámbito máis amplo da USC, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR). A facultade, coa finalidade de aumentar a súa visibilidade, incluíu, na páxina Web do centro, un documento que explica as distintas canles dispoñibles para presentar suxestións e reclamacións. O equipo decanal analiza e da resposta a cada escrito recibido e, de acordo co procedemento PS-05 Xestión das incidencias, a Comisión de Calidade do centro analiza a relación de suxestións e reclamacións recibidas tanto a nivel interno, no propio centro, como externo, a través da OAR e elabora, con carácter anual, o correspondente Informe de Xestión de Incidencias, que se atopa na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión e na Intranet da facultade. Na Facultade de Formación do Profesorado, o alumnado é informado das canles para facer suxestións, queixas ou reclamacións na xornada de acollida.

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen levado a cabo os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade do centro, que convertido nun órgano transversal, analiza regularmente a información e resultados dos títulos do centro.

Ademais, cabe salientar que a FCE creou unha comisión informal entre o Decanato e as coordinacións de todos os títulos que se estivo reunindo semanalmente desde o 14 de Marzo de 2020 ata o final do curso, para avaliar os cambios e avances da situación derivada da COVID-19 e actuar en consecuencia de maneira coordinada durante ese período de incertidume. Esta comisión mantivo o seu funcionamento durante o curso 2020-2021 para informar dos cambios, avances e propostas que xurdían arredor da situación epidemiolóxica e as súas consecuencias académicas.

Na FFP-Lugo, das reunións de comisións e profesorado que tiveron lugar no curso 2019-2020 e 2020-2021 para tratar asuntos relacionados coa situación de emerxencia sanitaria dase conta detalladamente na Addenda que acompaña ao [Autoinforme de Seguimento do Título do curso 2019-2020](#) e na Addenda ao presente Autoinforme de Renovación da Acreditación.

A obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e cuestionarios. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados, profesores, estudantes, titores externos do Prácticum (mestres en activo) incluíndo ao persoal de apoio. Na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago fíxose no curso 2019-2020 unha enquisa ao alumnado para valorar as necesidades en relación á docencia, o desenvolvemento do Prácticum, o TFG e os servizos do centro do curso 2019/2020 que redunda nos procesos de avaliación e mellora do título. O citado instrumento foi creado *exprofeso* nese curso por mor da docencia en modalidade virtual.

Do mesmo xeito, na Facultade de Formación do Profesorado procedeuse á administración dun cuestionario ao alumnado da Facultade sobre a súa dispoñibilidade de medios e recursos tecnolóxicos para continuar coas actividades docentes en remoto e á hora de realizar actividades de avaliación non presencial. Isto permitiu solucionar as problemáticas detectadas antes do proceso de avaliación, tal e como se reflicte na Addenda ao [Autoinforme de Seguimento do Título do curso 2019-2020](#).

### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación do SGC e o traballo da Comisión de Calidade do centro posibilita o proceso de seguimento, modificación e acreditación do título así como a mellora continua desde a súa implantación, ao ter establecidos os procedementos de recompilación e análise da información relevante, tanto cuantitativa (resultados académicos, das enquisas de satisfacción, inserción laboral, mobilidade, etc.) como cualitativa (reunións mantidas co profesorado, coordinadores de curso e coordinadores de grao, alumnado, profesorado titores de prácticas externas, coordinador de TFG, etc.).

Tanto a Facultade de Ciencias da Educación como a Facultade de Formación do Profesorado, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade, buscan a mellora continua dos centros para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias da Educación, elabora a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos no seu Plan estratéxico (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021), dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Polo que respecta á Facultade de Formación do Profesorado, esta conta asimismo cun Plan Estratéxico que foi prorrogado polas circunstancias derivadas da pandemia ([Plan estratéxico 2016-2022](#)) ao que xa se fixo mención no apartado 3.1.

As Comisións de Calidade dos centros velan polo cumprimento destes obxectivos facendo un seguimento das accións estratéxicas. Nas Memorias de Calidade dos centros recóllense as accións de mellora levadas a cabo e o seu grao de cumprimento así como as accións de mellora a levar a cabo no próximo curso segundo os informes de seguimento e acreditación. Anualmente, a Comisión de Calidade de cada centro realiza o seguimento da execución das accións de mellora formuladas polo centro e polos distintos títulos.

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Considerando as accións de mellora propostas no anterior informe de seguimento, durante o curso 2020-2021 traballouse na consecución das mesmas na medida do posible, tendo en conta os atrancos derivados da situación sanitaria provocada polo Covid-19. A continuación ofrécese unha síntese da execución do Plan de Melloras do curso 2020-2021, cuxas tarefas e resultados se detallan nos apartados correspondentes deste Informe e na sección específica do Plan de Melloras.

Na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, durante o curso 2020-21 procedeuse de xeito eficaz á implementación dos documentos complementarios e ao seguimento das directrices establecidas no [Documento Marco de Funcións das Coordinacións \(AM-MP-1 2020-2021\)](#): enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, e táboas de actividades transversais. A acción pechouse con éxito e os procedementos protocolízanse para cursos posteriores cos axustes necesarios. A acción de mellora referida ao aumento de PAS en conserxería ([AM-MP-2 2020-2021](#)) non foi eficaz, xa que a tramitación realizada non obtivo resposta, polo que se abrirá novamente para o curso seguinte a nivel de centro e recollerase na Memoria de Calidade, xa que se trata dunha mellora necesaria para a boa marcha da Facultade no seu conxunto. A acción de mellora relativa á xornada de acollida ([AM-MP-3 2020-2021](#)) desenvolveuse con éxito, e a xornada pasa a formar parte do [Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP \(FORTE-FFP\)](#).

A acción de mellora consistente na actualización da guía do Prácticum ([AM-MP-4 2020-2021](#)) executouse tamén eficazmente, xa que no curso 2020-2021 as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum, e na FFP-Lugo o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos. Con respecto á acción de mellora que concerne aos contactos cos titores externos ([AM-MP-5 2020-2021](#)), os contactos mínimos cos titores do Prácticum lévanse a cabo e están protocolizados no Plan Xeral do Prácticum da FFP-Lugo, renovado no curso 2020-2021 como acción de mellora. Porén, para incrementar ese contacto propúxose como acción de mellora para o curso 2020-2021 na FFP-Lugo a organización dun foro de titores, que se desenvolveu exitosamente ([AM-MP-13 2020-2021](#)).

A acción de mellora referida á información sobre os convenios de mobilidade ([AM-MP-6 2020-2021](#)) desenvolveuse eficazmente, e como xa se explicou no apartado 1.2, contou cunha resposta positiva por parte do alumnado, tendo en conta as limitacións de tipo económico e lingüístico existentes, e para continuar nesa evolución positiva reabrirase o curso seguinte. A acción de mellora referida á participación dos docentes en convocatorias de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC, así como en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS) ([AM-MP-7 2020-2021](#)) non se puido desenvolver por ausencia de convocatoria no primeiro caso e non tivo a resposta agardada no segundo na FFP-Lugo, posiblemente por circunstancias derivadas da Covid-19, pero reábrese para o curso seguinte. A acción de mellora relativa ás incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a ([AM-MP-8 2020-2021](#)) realizouse exitosamente na FFP-Lugo gracias ás directrices e documentos contidos no [Documento Marco](#) de Funcións das Coordinacións para a detección desas incidencias. Estes

permitiron constatar que no curso 2020-2021 non houbo incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP, e o procedemento de detección protocolízase para cursos posteriores.

A acción de mellora sobre a organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado (**AM-MP-9 2020-2021**) levouse a cabo igualmente con éxito na FFP-Lugo, e intégrase e protocolízase como actividade do [Plan de Formación, Orientación e Tutorización do Estudantado da FFP \(FORTE-FFP\)](#) para ser levada a cabo anualmente en cursos posteriores, ao igual que a difusión da presentación con orientación académico-profesional do alumnado. Con respecto á acción de mellora relativa axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a Memoria Verificada do Título (**AM-MP-10 2020-2021**), na FFP-Lugo seguíronse os regulamentos vixentes da USC e as directrices do [Documento Marco](#) para establecer responsabilidades e detectar desaxustes entre normativa de programación e guías docentes, e propónse para o curso seguinte un reaxuste do procedemento de revisión de programas para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas. A acción de mellora da FFP-Lugo consistente no cambio de curso de materias do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos e a modificación dunha parte do texto no plan de estudos (**AM-MP-11 2020-2021**) executouse exitosamente, así como a acción relativa aos cursos de formación para o PDI relacionados con contornas virtuais (**AM-MP-12 2020-2021**).

Tendo en conta o desenvolvemento das accións de mellora realizadas e as necesidades detectadas, para o curso 2021-2022 na FFP-Lugo abríranse accións de mellora para controlar a carga de traballo do alumnado de cada semestre, detectar e rexistrar desviacións entre as programacións docentes e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título, proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación en xornadas formativas, incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS), e desenvolver mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Pola súa banda, na Facultade de Ciencias da Educación, púxose especial énfase na creación do Plan de Acción Titorial (PAT) e a súa adaptación as diferentes titulacións (**AM-MP-15.2**), para iso primeiramente formulouse unha formación á que asistiron os diferentes coordinadores de titulación e persoas con responsabilidades na Facultade (**AM-MP-15.1**). Posteriormente, marcouse un calendario con diferentes xuntanzas onde se ía dando conta dos diferentes avances, e tamén compartindo dúbidas e suxestións. Este proceso culminou coa aprobación nas diferentes comisións dos PAT, os cales empezarán a aplicarse no curso 2020-2021. A este respecto, cabe sinalar que a finais do curso 2020-2021 xa tivo lugar a primeira sesión de constitución do Consello de Estudantes do Grao de Mestre/a en Educación Primaria, o cal tivo unha moi boa acollida por parte do estudantado participante.

Outras das accións de mellora nas que se centraron os esforzos pasaron pola mellora da coordinación inter e intra materias. Para iso, mantiveronse diferentes encontros con profesorado recollendo as diferentes incidencias que puidesen detectar (**AM-MP-8.1**) para o seu posible traslado aos departamentos implicados, ou no seu caso, ao Decanato da Facultade (**AM-MP-8.2**). Desas xuntanzas saíron propostas formativas e estratexias que serán desenvoltas en futuros cursos na Facultade.

Outra das cuestións que se tivo que abordar desde a coordinación e o Decanato do Grao en Santiago de Compostela, ten que ver coa adaptación do prácticum as circunstancias sobrevidas. Para iso, desde o propio Vicedecanato delegado mantívose unha relación fluída, constante e directa cos/coas titores/as externos e co propio alumnado (**AM-MP-5.1**). Ao longo deste proceso fóronse incorporando novidades a guía do prácticum axustando a súa organización e mesmo propondo un formato máis atractivo (**AM-MP-4.1**). Do mesmo xeito, desde o Vicedecanato de Estudantes, Cultura e Mobilidade, programáronse sesións informativas para o alumnado nas cales se incentivou a participación dos mozos e mozas en programas de intercambio, e tamén se atenderon as súas dúbidas e achegas (**AM-MP-6.1**).

Por último, ao igual que no Campus de Lugo, co que se traballa coordinadamente en liñas paralelas, incentivouse a participación do profesorado en proxectos de Aprendizaxe-Servizo no marco da convocatoria que a Vicerreitoría de organización académicas saca anualmente (**AM-MP-7.2**). Neste senso, asemella que o resultado é positivo, xa que a Facultade de Ciencias da Educación conta con varios proxectos concedidos tanto na modalidade de consolidados como emerxentes. Do mesmo xeito, desde a coordinación tense difundido a información da convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e apoio das TIC, resultando varias propostas na convocatoria 2019-2020 a cal se prorrogou no 2020-2021 (**AM-MP-7.1**).

Con todo na Facultade de Ciencias da Educación as melloras en prol da calidade seguen creando desafíos que se concretan en novas accións de mellora para implementar en cursos vindeiros. Así, a implementación do Plan de Acción Titorial como programa marco contribuirá a mellora do clima e cultura de centro, e ao fin na mellora da aprendizaxe e do benestar do noso estudantado. Tamén seguimos atendendo demandas e propostas formativas que son do interese do alumnado, como aquelas que teñen que ver co acceso a función docente, ou ben outras vinculadas a formación en diferentes tipos de escolas e metodoloxías.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Ciencias da Educación conta cunha [Política de Calidade](#) definida [no Manual do SGC](#) exposta publicamente na [páxina Web da facultade](#) para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na Web da facultade tamén está dispoñible o [Manual de procesos do SGC](#). O SGC está en constante revisión e mellora, tal e como se constata no historial de revisións da documentación. Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun [Plan estratéxico](#), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03 de marzo de 2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

Nas actas da Comisión de Calidade dos centros e das Comisións dos títulos e na Memoria de Calidade dos centros dáse conta da implicación dos diferentes grupos de interese no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento. Tal e como se evidencia nas diferentes actas, a Comisión de Calidade dos centros, a través dos representantes do estudiantado e as coordinacións de curso e de titulación, recollen as propostas e suxestións realizadas polo alumnado e polo profesorado con relación a diferentes aspectos.

Na Memoria de Calidade dos centros evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o Plan estratéxico e os distintos informes de seguimento. Ademais, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (referidos ao nivel de satisfacción de todos os grupos de interese) son analizados pola Comisión de título e a Comisión de Calidade de cada centro.

A Facultade de Ciencias da Educación realiza accións constantes para que cultura da calidade forme parte da vida do centro. As alusións constantes aos procesos de calidade recóllense nas diferentes actas da Xunta de Facultade, ademais, traballouse intensamente na reestruturación da información na páxina Web, na creación de aulas virtuais de coordinación da calidade e, entre outros, na creación de órganos para dar a coñecer o SGC ao alumnado. Todo isto co obxectivo de transmitir a toda a comunidade universitaria o espírito de calidade e mellora continua do centro.

No caso da FFP-Lugo, na web da facultade, dentro da pestana de Calidade, están dispoñibles asimismo a [Política de Calidade](#), a versión actualizada do [Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP](#), o [Manual de Procesos](#) e o [Plan Estratéxico 2016-2022](#) (xa mencionado nos apartados 3.1 e 3.2). O historial de revisións do Manual do SGC sintetízase como segue: a versión inicial do Manual do SGC corresponde ao 21 de decembro de 2009. A primeira revisión data do 31 de maio de 2013, co obxectivo de proceder á simplificación documental, creando o Manual Simplificado do SGIC e revisando algúns procesos e procedementos. O 3 de outubro de 2014 procedeuse á modificación de indicadores e informes dentro do SCG, e o 22 de febreiro de 2018 abordouse unha nova revisión documental, suprimindo procesos e procedementos obsoletos. O Manual do SGC da Facultade actualizouse novamente con data 21 de setembro de 2018 procedendo á revisión e simplificación do documento. A quinta edición do Manual do SGC da Facultade foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 6 de outubro de 2021, e nela modificanse os datos de identificación do centro, o punto 1.4 referido á documentación propia do centro, e o punto 3.2 referido á composición da comisión de calidade.

Pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. Con respecto ás opinións dos grupos de interese sobre aspectos relacionados coa calidade, cómpre por exemplo mencionar ao profesorado: na enquisa de satisfacción coa titulación<sup>34</sup> no curso 2020-21, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas é valorado cun 3,78 de media nos dous centros (3,67 en 2019/2020), e a calidade docente da titulación obtén unha valoración de 3,86 puntos (4 puntos en 2019/2020), polo que ámbolos dous se manteñen en valores positivos.

<sup>34</sup> Documento INF.23

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Mestrado.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020/2021 o corpo docente do Título de Mestre/a en Educación Primaria en Santiago estivo formado por un total de 94 profesores, que son membros de 7 departamentos (2 deles con sede na propia Facultade), e o da Facultade de Formación do Profesorado en Lugo por un total de 56 profesores/as, pertencentes a 10 departamentos. É preciso reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Neste senso, nos últimos cursos veuse producindo unha estabilización de contratos con ampliación en postos consolidados e con menor temporalidade. Tendo en conta esta situación, e no ámbito das súas competencias, na [Memoria de Calidade](#) da FFP-Lugo propúxose unha acción de mellora a nivel de centro aberta para o curso 2020-2021 encamiñada ao aumento do profesorado permanente, establecendo os contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría ao recoñecemento e aplicación do desconto por horas docentes equivalentes ao profesorado. Asimesmo, acordouse dar preferencia nas condicións de traballo aos coordinadores de curso con respecto aos horarios para compensar a falta de recoñecemento das HDEs.

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI actual total<sup>35</sup> é de 18,62 (20,93% na FCE-Santiago e 15,25% na FFP-Lugo), o que amosa un descenso considerable respecto aos cinco cursos anteriores (36,29 en 2015/2016; 37,78 en 2016/2017; 33,08 en 2017/2018; 25,33 en 2018/2019 e 18,79 en 2019/2020) polas taxas de reposición insuficientes e o alto número de xubilacións.

No conxunto das dúas Facultades a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total<sup>36</sup> é de 64,13% no curso 2020-2021, aínda continúa sendo inferior a media da USC que é de 83,73% marca un leve aumento respecto do último indicador (65,32 en 2015/2016; 71,85 en 2016/2017; 71,54 en 2017/2018; 66 en 2018/2019 e 63,09 en 2019/2020) e a de PDI con sexenios sobre PDI total<sup>37</sup> é de 47,17%, aínda moi por debaixo da media da USC (84,72%), e sen grandes variacións nos últimos anos (43,44 en 2015/2016; 50 en 2016/2017; 54,24 en 2017/2018; 52,63 en 2018/2019 e 50 en 2019/2020). Ambos ítems rexistran un breve descenso respecto ao curso anterior.

O nivel de cualificación pódese sinalar de xeito máis pormenorizado por Campus, tomando como referencia o último curso académico avaliado (2020-2021)<sup>38</sup>:

<sup>35</sup> IN26G

<sup>36</sup> IN25G

<sup>37</sup> IN24G

<sup>38</sup> Documento INF15

-No Campus de Santiago o 70,93% dos profesores/as do Grao son doutores. De todos eles soamente 54 pertencen ás categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida (Este dato aumenta moito respecto de anos anteriores -24 en 2019/2020- dado o cambio de normativa e a inclusión de profesorado axudante doutor). As categorías docentes ás que pertencen os/as 94 profesores/as son as seguintes: Titular de Universidade (15), Titular de Escola Universitaria (3), Profesor Contratado Doutor (14), Profesor Axudante Doutor LOU (21), Asociado de Universidade LOU (20), Profesor interino (15), Lector (1), outras categorías(8).

-No Campus de Lugo, o 54,24% dos/as profesores/as do Grao son doutores. De todos eles 30 pertencen ás categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida na actualidade (incluíndo axudantes doutores). As categorías docentes ás que pertencen os/as 56 profesores/as son as seguintes: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (5), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (15), Profesor Axudante Doutor LOU (7), Asociado de Universidade LOU (7), Profesor interino (10) , Lector (1) e colaborador (1).

A media de alumnos por grupo de teoría en materias (FB e OB)<sup>39</sup> é de 75,71 no curso 2020-2021 (75,57 en 2018/2019 e 74,29 en 2019/2020). E a media por grupo de teoría en materias (OP)<sup>40</sup> é de 43,94 (52,18 en 2018/2019 e 41,64 en 2019/2020) En canto á docencia interactiva<sup>41</sup> rexistrase unha media de 24,88 no curso 2020-2021 seguindo coa tendencia de redución nos últimos anos (26,08 en 2015/2016; 25,74 en 2016/2017; 25,54 en 2017/2018; 29,32 en 2018/2019 e 24,88 en 2019/2020) algo superior á media USC (22,32). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida<sup>42</sup> foi dun 4,15 (1-5) de xeito global (3,80 en 2015/2016; 3,78 en 2016/2017; 3,86 en 2017/2018; 4,22 en 2018/2019 e 4,15 en 2019/2020, e a do alumnado coa docencia recibida<sup>43</sup> dun 4,06 (1-5) no curso 2020-2021 tamén a nivel intercampus, sendo esta a puntuación máis alta da serie histórica (3,93 en 2015/2016; 3,93 en 2016/2017; 3,91 en 2017/2018; 3,93 en 2018/2019 e 3,96 en 2019/2020) .

Por último, con respecto á formación continua do profesorado<sup>44</sup>, participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC unha porcentaxe de 60,23% no Campus de Santiago no curso 2020-2021, sendo esta a cifra máis alta dos últimos anos (17,39 en 2015/2016; 31,18 en 2016/2017; 30,43 en 2017/2018; 33,33 en 2018/2019 e 57 en 2019/2020). E no Campus de Lugo a formación do profesorado mostra indicadores similares con un 64,41% de participación en 2020-2021 (38,60 en 2015/2016; 44,83 en 2016/2017; 46,42 en 2017/2018; 36,07 en 2018/2019 e 65 en 2019/2020) e mostra, de acordo cos indicadores dispoñibles, un grao de satisfacción media alto coas actividades formativas realizadas de 4,49 (1-5) en ámbolos dous centros. Apréciase un considerable aumento da participación a partir do curso 2019/2020, mesmo dobrando a matrícula no Campus de Lugo. A ese respecto, na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, en resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial, executouse unha acción de mellora no curso 2020-21 (**AM-MP-12 2020-2021**), consistente na posta en marcha de dous cursos de formación docente relacionados con contornas virtuais: “Deseño de actividades de aprendizaxe en liña” e “Desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams”, que se desenvolveron de xeito virtual. Ambos cursos leváronse a cabo con moi bos resultados de participación e aproveitamento. Asemade, no curso 2019-20, desenvolveuse para o profesorado da FFP unha acción formativa por iniciativa do Centro, vinculada ao Plano de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC, titulada “Sistemas de avaliación en liña con Moodle (nivel básico)”. A acción formativa tivo unha grande demanda, xa que das 45 prazas ofertadas matriculáronse 41 persoas.

Con todo, é de lamentar que o número de docentes que participan en programas de mobilidade<sup>45</sup> sexa aínda moi escaso. No 2020-2021 a porcentaxe de profesores que participaron nestes programas sobre o total do profesorado do título foi en Santiago do 3,19% dun total de 94 docentes, recuperando un dato ao alza logo da caída nos últimos cursos (3,09 en 2014/2015; 4,40 en 2016/2017; 1,12 en 2017/2018; 1,92 en 2018/2019 e 1,08 en 2019/2020). Na FFP-Lugo, no curso 2020-2021 a porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade foi do 1,79% dun total de 56 docentes, un dato baixo tendo en conta a serie de cursos anteriores (5,17 en 2014/2015; 7,14 en 2016/2017; e 3,51 en 2019/2020). Esta situación pode deberse a que, por mor das limitacións no número de docentes no título, o profesorado da facultade non pode participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia. Asimesmo, cómpre ter en conta as circunstancias derivadas das restricións de mobilidade pola situación de emerxencia sanitaria nos cursos 2019-20 e 2020-21.

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI dos centros é axeitado para atender ás necesidades do título, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable a tempo completo. Cómpre lembrar que as limitacións no número de PDI teñen unha notable incidencia no cociente profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, tal como xa foi sinalado anteriormente. A este respecto, é importante ter en conta que a contratación de

<sup>39</sup> IN55G

<sup>40</sup> IN56G

<sup>41</sup> IN32G

<sup>42</sup> IN47G

<sup>43</sup> IN46G

<sup>44</sup> Documento\_I6\_I7

<sup>45</sup> Documento I-10

profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus, etc.) non dependen directamente dos centros. Polo que concerne ás necesidades de persoal, e no ámbito das súas competencias, as Facultades (a través dos equipos Decanais) mantéñense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, con arreglo ao proceso específico relativo á xestión de recursos humanos do SGC.

Malia estas circunstancias pouco favorables polo que respecta ao persoal académico dispoñible, os niveis de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida mantéñense en valores positivos, dos que xa se deixou constancia noutros apartados deste informe. Isto significa que, mesmo nestas condicións manifestamente mellorables, pode apreciarse un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título. En todo caso, a eliminación da figura dos bolseiros que atendían as aulas de informática dos centros supuxo un duro contratempo para o desenvolvemento da docencia, que non sempre pode ser compensado co apoio prestado polo persoal de conserxería.

A Facultade de Ciencias da Educación en Santiago conta actualmente cun total de 16 membros<sup>46</sup> que, en conxunto, amosan unha estabilización na súa satisfacción<sup>47</sup>. A valoración media no 2020/2021 é de 3,25 (1-5) no curso 2020-2021. Os ítems menos valorados correspóndense coa coordinación con outros servizos da universidade (2) e coa motivación no traballo (2,50).

Polo que se refire á Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, contou no curso 2020-2021 cun total de 11 membros (cunha persoa máis que cubriu unha baixa temporal), mantendo o número de persoas dos cursos anteriores desde o curso 2016-17 (agás no curso 2018-19 onde se rexistran novamente 12 membros en total por mor doutra baixa cuberta). Cómpre sinalar que continúa a ser necesaria unha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde, aspecto que se tivo en conta na listaxe de accións de mellora a desenvolver no curso 2020-2021. Dese xeito, na acción de mellora **AM-MP-2 2020-2021** procedeuse á tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na Facultade con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixiuse á atención do Xerente e a Vicerexenta de Persoal. Ao non terse recibido resposta, esta acción de mellora reabrirase para o curso 2021-2022, aínda que como parte do Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2020-2021, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro.

En conxunto, o PAS da FFP-Lugo mantén o seu índice de satisfacción en relación co curso anterior, sendo a valoración media de 4,00 sobre 5. Porén, Os ítems marcados con puntuación máis baixa son coincidentes en parte co sinalado na Facultade de Ciencias da Educación, sendo en primeiro lugar o que se refire a coordinación con outras áreas da Universidade (3,00) e tamén o relativo as condicións do posto de traballo (3).

É importante sinalar que estas enquisas viñeron mudando os seus ítems ao longo destes cursos polo que non é posible facer unha comparativa lonxitudinal ao respecto. Asemade, na FCE de Santiago, a dotación de persoal e os postos desenvolto viñeron mudando tamén ao longo deste anos.

En canto á participación do PAS en cursos de formación, os datos dos últimos cursos son en xeral satisfactorios (ver táboa seguinte). No curso 2014-15 a porcentaxe de PAS participante en cursos foi do 53,8% na FFP-Lugo e do 43,8% na FCE-Santiago, e no curso 2020-21 a porcentaxe subiu nos dous centros, ata acadar o 75% na FFP-Lugo e o 56,25%

<sup>46</sup> Documento I-16

<sup>47</sup> Documento INF.21

na FCE-Santiago, sendo a media de participación entre o curso 2015-16 e o 2020-21 do 58,44% na FCE-Lugo e do 57,50% na FCE-Santiago (supérase nos dous centros a porcentaxe de participación do curso 2014-15):

**Táboa 2. Evolución da porcentaxe de participación do PAS en cursos de formación na FFP-Lugo e na FCE-Santiago**

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
Facultade de Formación do Profesorado (FFP)	53,8%	46,20%	41,67%	64%	66,67%	57,14%	75%
Facultade de Ciencias da Educación (FCE)	43,8%	37,50%	52,90%	50%	70,59%	77,78%	56,25%

**Fonte:** 5016\_INF.11\_2015-16 a 2020-21 e 5017\_INF.11\_2015-16 a 2020-21

Os descenso observados na FFP-Lugo no curso 2019-20 e na FCE-Santiago no curso 2020-21 poden deberse á carga de traballo derivada da suspensión da actividade presencial por mor da Covid-19 no curso 2019-20 e as adaptacións á docencia semipresencial no curso seguinte.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencial e artístico (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* dos Manuais de Procesos dos centros recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendelas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles.

Nas páxinas web das dúas facultades infórmase sobre as infraestruturas e recursos materiais de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes pero pouco satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas, laboratorios, espazos para traballo dos estudantes, etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento. De feito, ningún dos dous centros dispón dun servizo de reprografía propio. É preciso continuar coas accións de mellora e ampliación de espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación, e nese sentido, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e realizar as obras necesarias para acondicionar e adecuar os espazos de traballo.

Cómpre sinalar que a FFP-Lugo continúa padecendo evidentes limitacións de espazo para un adecuado

desenvolvemento da docencia, tendo en conta o feito de que case a metade do edificio (cuxa propiedade é da USC) está ocupada polo CEIP Anexa, incluíndo o ximnasio da Facultade. A ese respecto, existe un acordo de cesión de espazos polo que a USC se comprometeu a cederlle o uso do ximnasio ao CEIP Anexa, e a Consellería de Educación a cederlle o uso prioritario do pavillón do CIFP Politécnico á Facultade de Formación do Profesorado para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal. Esta instalación presentaba graves problemas de limpeza e mantemento sobre os que se estivo a traballar nestes últimos cursos pero sen poder chegar a unha solución definitiva.

No curso 2018-19, o equipo decanal reúne coa vicerreitora de coordinación do campus de Lugo, e tratáse o problema xeral dos espazos na Facultade e, en particular, o espazo para a docencia das materias da Área de Expresión Corporal. A decana dá conta asimesmo da deficiente situación do pavillón do CIFP Politécnico, reclamando un espazo que conte coas condicións hixiénicas axeitadas e cunhas instalacións apropiadas para impartir as materias dos títulos. No curso 2019-2020, a situación de deterioración e falta de hixiene do pavillón continúa sen solucionarse. O decanato, coa colaboración do coordinador da Área de Expresión Corporal, fai xestións para arranxar os desperfectos e mellorar a limpeza. En marzo de 2020, prodúcese o confinamento da poboación por mor da pandemia derivada da COVID-19 e, consecuentemente, o peche da Facultade. Días antes do inicio do curso 2020-2021, o director do pavillón comunica ao decanato que, atendendo a instrución da Xefatura Territorial de Educación, o pavillón necesitará ser empregado por dous IES cuxos pavillóns se atopan en obras, o cal obriga ao alumnado e ao profesorado da Área de Expresión Corporal a desprazarse para as súas clases ao pavillón do CEIP Anexa e o pavillón do Seminario Maior, un arranxo que permitiu salvar temporalmente a situación e impartir a docencia das materias, aínda que non nas mellores condicións.

Desde o mes de febreiro de 2021, o decanato estivo a facer xestións co CIFP Politécnico e co goberno da USC para evitar que se repetise no curso 2021-2022 a situación do curso anterior. En xuño de 2021, a decana comunica novamente a problemática á Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, solicitando que se aplique o establecido no acordo orixinal de cesión de espazos e, de non cumprirse este compromiso por ambas partes, a Facultade solicitaría volver recuperar o uso do seu ximnasio.

A problemática cos espazos para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, quedaron recollidas como unha acción de mellora para o curso 2020-21 na [Memoria de Calidade](#) do centro correspondente ao curso 2019-2020, e na que se continuará a traballar nos seguintes cursos académicos, tendo en conta que a medio prazo está previsto o traslado da Facultade a unhas novas instalacións no campus de Fingoi.

O último dato que temos da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible é do curso 2018-2019 marcando unha puntuación de 3,12 (3,01 no 2015/2016; 3,48 no 2016/2017 e 3,53 no 2017/2018).

A satisfacción media do alumnado<sup>48</sup> co título marca un corte superior ao 3 (1-15) na súa satisfacción global (3,26 en 2019/2020 e 3,20 en 2020/2021). Así, en relación aos recursos educativos ofrecidos a media sitúase no 3,09 en 2019/2020 e 3,25 en 2020/2021 (1-5) A puntuación máis baixa é a que alumnas e alumnos dan as infraestruturas dos centros (2,85 en 2019/2020 e 2,78 en 2020/2021). Neste senso, a puntuación máis elevada é a que marca a valoración feita respecto dos recursos dixitais como o Campus Virtual (3,68 en 2019/2020 e 3,91 en 2020/2021), e no relativo aos trámites de matriculación (3,79 en 2019/2020 e 3,84 en 2020/2021). A media da valoración do título chega ao 3,28 en 2019/2020 e 3,19 en 2020/2021.

A satisfacción do profesorado<sup>49</sup> cos recursos materiais e servizos amosa datos semellantes as opinións vertidas polo alumnado, pero marcando unha tendencia ao alza nas súas valoracións. En relación aos recursos educativos utilizados, o profesorado marca unha media de 3,50 en 2019/2020 e 3,82 en 2020/2021. En canto as Aulas, infraestruturas e equipamento 3,20 en 2019/2020 e 3,48 en 2020/2021. Por último, o item mellor valorado é en relación a atención prestada polo PAS (4,42 en 2019/2020 e 4,55 en 2020/2021) seguido pola contribución do Campus Virtual a súa docencia, cunha media de 4,23 en 2019/2020 e 4,42 en 2020/2021.

Polo que respecta á valoración do Campus Virtual por alumnado e profesorado, cómpre ter en conta que durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor da Covid-19, o Campus Virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación en remoto xunto con ferramentas institucionais para a comunicación como Microsoft Teams. A ese respecto, para facilitar o emprego do Campus Virtual desenvolveuse na FFP-Lugo un curso específico de formación para o PDI como acción de mellora executada no curso 2019-2020, así como cursos de formación en contornas virtuais (acción de mellora executada no curso 2020-2021).

Polo que concerne á seguridade e accesibilidade, cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, as Facultades deben tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP-Lugo ten actualizado o seu Plan de Autoprotección, e na [web da Facultade](#), na pestana correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o Plan de Autoprotección, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, as Facultades pasan cada cinco anos unha revisión específica do [Servizo de prevención de riscos laborais](#) para a identificación de posibles fontes de risco, e toda a

<sup>48</sup> Documento INF.22

<sup>49</sup> Documento INF.23

información relativa á avaliación de riscos pódese atopar asimesmo na web da Facultade. De acordo co máis recente deses informes, a Facultade de Formación do Profesorado non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas. No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai marxe de mellora na adecuación das instalacións. Pola súa banda, a FCE ten recollida esta información no [Regulamento de Réxime Interno](#) e no [Protocolo de usos dos espazos, instalacións e equipamento da facultade](#). Ambos documentos están disponibles na web da Facultade.

En canto ao servizo de Biblioteca, as facultades contan cunha boa dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal das bibliotecas ocúpase de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións impartidas nos centros. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca<sup>50</sup> valórase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019 (3,85 en 2015-2016 e 3,64 no 2017-2018).

Na opinión do alumnado a orientación académica e profesional que reciben achégase ao 3 (1-5) marcando unha media de respostas de 2,94 para o conxunto do título no curso 2019/2020 e de 3,13 en 2020/2021. A este respecto temos en marcha algunha acción de mellora que contribúa a establecer unha mellor información do eido laboral. Un dato a salientar é a valoración da oferta coa que o alumnado contou para o seu desenvolvemento das prácticas externas, cunha media global de 3,36 en 2019/2020 e 3,32 en 2020/2021 (1-5).

Tanto na FFP-Lugo como na FCE-Santiago dase cumprida información ao estudantado sobre cualificacións, certificados, ou posibles validacións, e ambas facultades contan ademais con programas de acollida en primeiro curso para orientar ao alumnado sobre o funcionamento da institución. Na FFP-Lugo, como acción de mellora, o programa de acollida para o curso 2019-2020 foi adaptado e perfeccionado, incluíndo unha enquisa de satisfacción para o alumnado que obtivo resultados moi positivos (índice de satisfacción xeral alto ou moi alto para a meirande parte dos enquisados).

Asimesmo, na FFC-Lugo organízase ao remate do curso previo ao da elección de materias optativas unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras para orientar ao alumnado no proceso de elección de optativas. Por mor da situación sanitaria derivada do Covid-19, no curso 2019-2020 e no 2020-2021 esta sesión tivo lugar de xeito telemático, proporcionando ademais información de interese para o alumnado sobre as diferentes mencións mediante a páxina de coordinación do segundo curso no Campus Virtual, onde se colgaron presentacións sobre as diferentes mencións.

Nas dúas Facultades vense tamén participando no Programa de Tutores da USC, a través do que se dá acollida aos alumnos de novo ingreso. Trátase dunha iniciativa con pouca implicación do alumnado que pode ser tutor (aquele que teña superado como mínimo 60 créditos). Este programa é unha ferramenta útil que se difunde entre o alumnado e o corpo docente pero que precisa de maior visibilidade na actividade diaria para facilitar as tarefas aos alumnos que inician os estudos. Na Facultade compostelana, tense tratado esta cuestión e no curso 2019/2020 púxose en marcha a creación dun novo documento de Acción Titorial, para o cal se formou ao profesorado, e se puxo en marcha unha comisión específica.

Na FFP-Lugo, tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na Facultade para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único [Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP \(Plan FORTE-FFP\)](#), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos de Educación Primaria e Educación Infantil a este respecto. Dese xeito, na [Memoria de Calidade do Centro 2019-20](#) estableceuse unha acción de mellora no plan de melloras para o curso 2020-2021 na que se crea o devandito Plan.

O Plan FORTE-FFP responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do [Manual de Procesos da FFP](#), que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde aos catro obxectivos de actuación sinalados no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estes obxectivos de actuación concréntanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro liñas, arredor das cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos:

<sup>50</sup> INF.14

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

Consonte a esta proposta de integración, certas accións de mellora desenvolvidas de xeito independente durante o curso 2019-2020 e en cursos anteriores, tales como as actividades formativas con profesionais externos ou a xornada de acollida, continuarán a desenvolverse en vindeiros cursos xa protocolizadas dentro do Plan. Todas as actividades realizadas no curso 2020-21 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no informe de execución do devandito plan, elaborado polos coordinadores dos títulos cos datos aportados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e analizado e avaliado positivamente pola [Comisión de Calidade do Centro na reunión do 22 de decembro](#) de 2021. Neste informe proporcionáanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudiantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudiantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. O informe contén asimesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro.

O Plan FORTE-FFP publicítase ao alumnado na xornada de acollida e a través da [web do centro](#). As actividades recollidas nas diferentes liñas abranguen a xornada de acollida (primeiro curso), a información sobre requisitos, estrutura e saídas dos graos (todos os cursos), a sesión informativa sobre as mencións (segundo curso), a sesión informativa sobre o prácticum (segundo curso), o programa de alumnado titor (todos os cursos), a información sobre bolsas, axudas, prácticas e actividades relacionadas coa profesión (todos os cursos), as xornadas de formación e orientación laboral (cuarto curso), a sesión informativa sobre as oposicións (cuarto curso), os relatorios con profesionais externos, prácticas de campo, actividades de ApS e outras actividades transversais (todos os cursos), os cursos de competencias informacionais da biblioteca (primeiro e cuarto curso), o proxecto CompetenteS para o desenvolvemento das competencias comunicativas en galego e castelán do alumnado (todos os cursos), a información sobre cursos de habilidades comunicativas do servizo de Normalización Lingüística (cuarto curso) e sobre os cursos de formación organizados polo Centro de Linguas Modernas (todos os cursos).

Continuando co plan de mellora das infraestruturas e equipamentos dispoñibles levado a cabo en cursos anteriores (que responde, no caso da FFP-Lugo, a un dos Obxectivos Estratéxicos recollidos no [Plan Estratéxico 2016-2022](#)), durante o curso 2020-2021 realizáronse diversas obras e adquiríronse os seguintes materiais:

**Táboa 3. Material adquirido e obras realizadas durante o curso 2020-2021 na FFP**

CENTRO	ZONA DE ACTUACIÓN	EQUIPAMENTO E OBRAS CURSO 20 - 21
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	07/09/20 CM2050170035 FACT C/10403 5 Webcam LOGITECH C920 PRO
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	07/09/20 CM2050170036 FACT 1/000078 Substitución de 11 ventanas na Fac. Formación de Profesorado
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	08/09/20 CM2050170038 Fact C/10431 5 Webcam LOGITECH C920 PRO 1 Ordenador portátil LENOVO V130-15IKB-81HN00GLSP I5 8 GB
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	23/10/20 CM2050170049 Fact C/10529 3 Webcam LOGITECH C920 PRO
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	06/11/20 CM2050170055 FACT 2020625 3 Ordenadores portátiles HP 15 -1035G1 512 SSD 8GB DDR4 15,6" W10 Pro 64 Bits 3 maletín acolchado 15,6 NATEC DOBERMAN

Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/11/20 CM2050170060 FACT F20030348 5 Silla operativa mec. basculante c/ brazo negro
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/11/20 CM2050170061 FACT A/44 Habilitación despacho para profesorado 3º andar da Fac. FP
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	16/11/20 CM2050170063 FACT C/10627 2 Impresoras Brother HL-L2370DN
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	23/11/20 CM2050170069 FACT 2020655 8 Monitores LED 23,6" Full HD 1920 X1080 ACER KA240HQ 2 Monitores LED 27" Full HD 1920 x 1080 ACER KA270H
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/11/20 CM2050170073 FACT A/60 Pintar despacho Decanato.
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	03/02/21 CM2150170008 FACT 01/20210249 Instalación de tomas de rede nos novos despachos de profesorado no 3º andar da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	04/02/21 CM2150170009 FACT C/10756 1 CPU UNYKA C10 I5-9400
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	15/03/21 NC5017005 FACT NC5017005 1 Disco duro portátil
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	05/04/21 CM2150170015 FACT C/10881 Proyector EPSON EB-2250U
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/04/21 CM2150170016 FACT 01/20210548 Instalación de 1 toma na Sala de Xuntas da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170024 FACT 01/20210943 Instalación de 1 toma na sala de prof na pta 3 da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170021 FACT A/17 Pintura Conserxería e Hall da Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	24/05/21 CM2150170022 FACT A/21 2 estanterías de 180x90x40 2 estanterías de 180x90x45 2 estanterías de 180x120x40
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	02/06/21 CM2150170026 FACT Emit-/366 Reposición de 6 cristales rotos na Facultade
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/06/21 CM2150170028 FACT A/2021117 Cambio de cerradura exterior con bombillo porta antipánico do patio. Regulación 4 ventanas de aluminio Aula de Plástica.
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	16/06/21 CM2150170029 FACT C/10988 3 Proyector BENQ MX536 1 CPU caja TACENS ANIMA, procesador 15-9600K, Placa H310M-s 2H, RAM8Gb, Fuente 80+ BRONZE, disco SSD 480Gb. Widows 10 Pro. 1 Transformador DELL 65W Ref. 450-AECL

Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092 Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado
Facultade de Formación do Profesorado	Campus Lugo	30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092 Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado

Fonte: Unidade de Servizos Económicos da FFP-Lugo

Por outra banda, cabe sinalar que a Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela está dividida fisicamente en dúas sedes, unha situada no Campus Norte e outra no Campus Vida. Ambos edificios contan cunha infraestrutura de espazos específica para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora, así como espazos de servizos para a comunidade do centro. Na páxina Web da facultade infórmase sobre do [equipamento dispoñible](#), así como dos planos de ambos edificios. No curso 2020-2021, levarínanse a cabo diferentes reformas e melloras estruturais como as sinaladas a continuación:

### Campus Vida:

- Cuberta Módulo A no Campus Sur. Co-financiación con xerencia compromiso 2020 executada fase a I (Módulo A) obra RAM.

### En ambos campus:

- Acondicionamento e equipamento de aulas e despachos.
- Cambio de luces a LED (terminada en zonas comúns, iníciase nalgúns despachos con déficit de iluminación).
- Renovación/cambio luminarias, enchufes, estores aulas pendentes/ e despachos.
- Renovación de mobiliario de despachos e zonas comúns, limpeza de material deteriorado e/ou antigo.
- Pintura.
- Material COVID19 (medidores CO2/ Purificadores de aire aulas con ventilación comprometida, dispensadores de xel hidroalcolico en todas as aulas...).
- Renovación licencia sistema insituacional Lifesize docencia facultade.
- Renovación equipos nas aulas (10).
- Sillas para despachos (10).
- Reparación e pintado de despachos e aulas.
- Enchufes, estores, luces, múltiples despachos.

Táboa 4. Instalación nas Aulas de sistema de videoconferencia institucional na FCE.

	Campus Norte	Campus Vida
Aulas para docencia con sistema de videoconferencia instalada	Aula 1	Aula 6-7(Módulo A)
	Aula 3	Aula 9 (Módulo A)
	Aula 23	Aula 10-11(Modulo)
	Aula 32	Aula17(Módulo A)
	Aula 51	Aula 2-3 (MóduloC2)
	Aula 52	Aula 3 (Módulo A)
	Aula 13	Aula4-5 (Módulo C2)
	Aula 4	Aula 5 (Módulo A)
	Aula 21	Aula 15 (Módulo A)
	AULA LAB. 41	Aula 10 (Módulo C2)
	Aula 12	
	Aula 25	

Laboratorios para docencia especializada con sistema de videoconferencia instalada	Aula 31(Laboratorio TIC) Sala de Xuntas	Aula 8 (MóduloA) (LaboratorioTIC) Aula16 (Módulo A) (Laboratorio TIC) SALA Frei Marín Sarmiento
--	--	--

Fonte: Decanato da Facultade de Ciencias da Educación – Santiago de Compostela

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### **6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores dos “Resultados previstos” recollidos no apartado 8 da Memoria de Verificación do Título sinalan a taxa de graduación do 70%, a taxa de eficiencia do 85% e a taxa de abandono do 20%. Os resultados obtidos durante o curso 2020/2021 melloran estas previsións e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. A taxa de graduación<sup>51</sup> é de 86,50%, incrementando en mais de doce puntos o dato anterior (74,33%) e sendo este o dato mais alto da serie histórica (81,50 en 2015/2016; 75,32 en 2016/2017; 76,89 en 2017/2018; 72,77 en 2018/2019 e 74,33 en 2019/2020); a taxa de eficiencia<sup>52</sup> (rendemento dos egresados) é do 95,62% para o presente curso, tamén nos dous Centros, marcando a mesma tendencia que nos pasados cursos (97,03 en 2015/2016; 96,33 en 2016/2017; 96,06 en 2017/2018; 95,58 en 2018/2019 e 95,41 en 2019/2020). A taxa de abandono durante o primeiro curso<sup>53</sup> é de 5,23% no 2020-2021, o cal supón un pequeno aumento importante respecto ao 2019/2020 (4,40%), cando se marcaba o mínimo dos últimos anos (8 en 2015/2016; 7,14 en 2016/2017; 8,02 en 2017/2018; 12,50 en 2018/2019 e 4,40 en 2019/2020), pola contra a taxa de abandono xeral<sup>54</sup> ten unha diminución significativa ata o 8%, sendo a mais baixa desde o ano 2015-2016 (11,45 en 2015/2016; 15,32 en 2016/2017; 12,89 en 2017/2018; 16,96 en 2018/2019 e 20,32 en 2019/2020).

A taxa de éxito<sup>55</sup> (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados) foi de 98,92% en Santiago e 95,18 en Lugo durante o curso 2020-2021, estabilizando a tendencia seguida (95,89 en 2015/2016; 95,59 en 2016/2017; 96,05 en 2017/2018; 95,61 en 2018/2019 e 97,74 en 2019/2020). A taxa de rendemento<sup>56</sup> (créditos superados respecto dos matriculados) foi de 94,65% para ambos Campus no ano 2020-2021, sendo a maior dos últimos 6 cursos (88,58 en

<sup>51</sup> IN37G

<sup>52</sup> IN53G

<sup>53</sup> IN40G

<sup>54</sup> IN41G

<sup>55</sup> IN35G

<sup>56</sup> IN34G

2015/2016; 88,79 en 2016/2017; 90,41 en 2017/2018; 89,52 en 2018/2019 e 93,51 en 2019/2020). A taxa de avaliación<sup>57</sup> (créditos aos que se presentaron sobre créditos matriculados) foi semellante en ambos casos. 96,40% en Santiago e 97,65% en Lugo, marcando tamén a cifra mais alta da serie recente (92,38 en 2015/2016; 92,90 en 2016/2017; 94,13 en 2017/2018; 93,63 en 2018/2019 e 95,67 en 2019/2020). Finalmente, a duración media dos estudos<sup>58</sup> é de 4,35 anos, mantendo a tendencia ascendente dos últimos cursos (4,20 en 2015/2016; 4,28 en 2016/2017; 4,26 en 2017/2018; 4,24 en 2018/2019 e 4,30 en 2019/2020)

Polo que respecta aos TFGs, os seguintes datos foron extraídos dos respectivos Informes de seguimento do título e cotexados coas evidencias E-24. Como conclusión xeral, polo que respecta ao TFG, as taxas de éxito mantéñense en niveis cercanos ao 100% nos últimos cursos. Detállanse a continuación o número de traballos defendidos nas dúas Facultades e as súas cualificacións nos cursos máis recentes, sendo a máis frecuente a de Notable.

No curso 2018-19 defendéronse na Facultade de Ciencias da Educación 128 traballos e na Facultade de Formación do Profesorado 104. Na Facultade de Ciencias da Educación as cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2018-19 indican que un 82,03% (105) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 15,62% (20) Aprobado e de 2,3% (3) Matrícula de Honra. Pola súa banda, na Facultade de Formación do Profesorado a cualificación máis frecuente tamén foi a de Notable cun 68,2% (71), seguida de Aprobado cun 24% (25), Sobresaliente cun 6,7% (7) e Suspenso cun 0,9% (1).

No curso 2019-2020, na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 170 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2019-2020 indican que un 47,05% (80) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 43,52% con Sobresaliente (76), 8,23% de aprobados (14) e 1,17% (2) Matrículas de Honra. Na Facultade de Formación do Profesorado defendéronse durante o curso 2019-2020 110 TFGs. A cualificación máis frecuente foi a de Notable cun 46,36% (51 traballos), seguida de Sobresaliente cun 40,90% (45), Aprobado cun 9,09% (10), Matrícula de Honra cun 2,72% (3) e Suspenso cun 0,9% (1).

No curso 2020-21 na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 161 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG indican que un 90,06% (145) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 9,31% con Aprobado (15), 4,96% de Sobresalientes (8), 4,96% (8) Matrículas de Honra e 1 suspenso. Pola súa banda, no Grao de Primaria defendéronse un total de 105 TFGs na FFP-Lugo, entre as dúas edicións do Grao, o Curso Ponte e o Dobre Grao/Simultaneidade de estudos. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 71,42% (75), seguida de Aprobado, cun 20% (21), Sobresaliente, cun 5,71% (6), Suspenso, cun 1,90% (2) e Matrícula de Honra, cun 0,95% (1). A puntuación máis frecuente foi un 7,50 (58 traballos).

En resumo, os indicadores de resultados de rendemento e éxito dos estudantes demostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria de verificación do título e amosan un horizonte de traballo positivo.

### **DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

#### **CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN Y RENDEMENTO:**

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### **7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

<sup>57</sup> IN36G

<sup>58</sup> IN38G



### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020/2021 o número de prazas ofertadas foi 194 en total (112 na FCE-Santiago, 82 na FFP-Lugo). A demanda de estudantes para as 82 prazas ofertadas na Facultade de Lugo acadou un total de 703 solicitudes. Para as 112 prazas ofertadas na Facultade de Santiago entregáronse un total de 1.255 solicitudes. Esta tendencia tense dado desde o ano 2015-2016, onde o número de solicitudes é moi superior ao número de prazas ofertadas.

A matrícula de admitidos en primeiro curso no 2020/2021 acadou a cifra de 122 persoas na FCE-Santiago e de 100 na FFP-Lugo. A nota media de acceso por preinscrición<sup>59</sup> foi de 10,75 (5-14) a mais alta desde o curso 2015-2016 (8,11 en 2015/2016; 8,28 en 2016/2017; 9,07 en 2017/2018; 9,40 en 2018/2019 e 9,77 en 2019/2020). A matrícula global<sup>60</sup> no título chegou aos 943 alumnos/as (385 en Lugo e 558 en Santiago), baixando por primeira vez das 1000 persoas desde fai seis cursos (1074 en 2015/2016; 1064 en 2016/2017; 1024 en 2017/2018; 1020 en 2018/2019 e 1008 en 2019/2020). E matrícula de novo ingreso por preinscrición<sup>61</sup> foi de 202 no curso actual 2020-2021, 123 na FCE-Santiago e 79 na FFP-Lugo (236 en 2015/2016; 228 en 2016/2017; 202 en 2017/2018; 199 en 2018/2019 e 205 en 2019/2020). E a relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados/as por 1ª vez sobre as prazas ofertadas<sup>62</sup> sitúase no 61,83 (71,30 en 2015/2016; 71,09 en 2016/2017; 58,50 en 2017/2018; 65,46 en 2018/2019 e 71,13 en 2019/2020). Todos estes datos demostran que o perfil formativo e profesional do título xera un gran interese que vén corroborado por unha baixa taxa de abandono tanto no primeiro curso como no resto da titulación, fronte a unha taxa de éxito<sup>63</sup> dun 97,53% dos egresados no ano 2020-2021, a maior desde o curso 2015-2016 (98,13 en 2015/2016; 97,50 en 2016/2017; 96,09 en 2017/2018; 95,59 en 2018/2019 e 95,41 en 2019/2020). As desercións adoitan producirse maiormente no primeiro curso por causas moi variadas que inclúen desde eleccións inadecuadas ata baixo rendemento académico ou non superar o mínimo de créditos. Para garantir a aprendizaxe, ensinanza e avaliación do estudante e non superar a taxa de abandono do 20% prevista na memoria de verificación do título é necesario seguir mellorando os procesos de acollida, tutoría e orientación.

Os datos tamén indican que a actual implementación do plan de estudos está tendo unha boa resposta polo alumnado e profesorado. O máis salientable é comprobar que a taxa de graduación<sup>64</sup> acada un total de 86,50% (91,46% na FFP-Lugo, 83,05% na FCE-Santiago) moi por encima da media USC (58,53%) e sendo a puntuación máis alta na serie histórica dos últimos seis anos (81,50 en 2015/2016; 75,32 en 2016/2017; 76,89 en 2017/2018; 72,77 en 2018/2019 e 74,33 en 2019/2020).

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos cursos 2019/2020 e 2020/2021 non temos datos en relación a satisfacción do estudantado<sup>65</sup> e dos títulos coas prácticas externas debido a situación producida pola emerxencia sanitaria e o estado de alarma. Polo tanto, faremos referencia ao últimos datos (curso 2018/2019) onde os/as estudantes valoraban dun xeito moi positivo o seu período de prácticas externas. A súa media xeral era de 4,00 (1-5) destacando especialmente as actividades desenvolvidas e a atención titorial recibida (4,12 en 2015/2016; 4,37 en 2016/2017 e 4,33 en 2017/2018). A duración das prácticas resulta ser pouco axeitada para o alumnado, cunha valoración media de 2,66. En canto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida<sup>66</sup> a media rexistra no ano 2020-2021 o valor máis alto desde o 2015, chegando a un 4,06 en escala 1-5 (3,93 en 2015/2016; 3,93 en 2016/2017; 3,91 en 2017/2018; 3,93 en 2018/2019 e 3,96 en 2019/2020).

Tampouco temos datos actualizados sobre a satisfacción xeral dos egresados coa titulación<sup>67</sup> no ano 2019/2020, pero no curso actual chega ao 3,39 (1-5), a cal volve ser a máxima puntuación desde o curso 2015-2016 (3,13 en 2015/2016; 3,20 en 2016/2017; 3,38 en 2017/2018 e 3,34 en 2018/2019). Sucede o mesmo cos programas de mobilidade cando no ano 2019/2020 non se puideron recoller estes datos, o resultado de satisfacción dos estudantes saíntes no presente curso 2020/2021 amosa unha media dun 4,51 (1-5) marcando unha subida importante respecto a anos anteriores (3,56 en 2015/2016; 3,34 en 2016/2017; 3,37 en 2017/2018 e 3,70 en 2018/2019).

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida acada unha media de 4,15 (1-5), repetindo por segundo curso

<sup>59</sup> IN06G

<sup>60</sup> IN02G

<sup>61</sup> IN04G

<sup>62</sup> IN10G

<sup>63</sup> IN50G

<sup>64</sup> IN37G

<sup>65</sup> IN19G

<sup>66</sup> IN46G

<sup>67</sup> IN42G

consecutivo puntuación (3,80 en 2015/2016; 3,78 en 2016/2017; 3,86 en 2017/2018; 4,22 en 2018/2019 e 4,15 en 2019/2020). Como dicimos non temos datos actualizados sobre a valoración que fan desta formación os titores/as profesionais<sup>68</sup>, que no ano 2016-2017 indicaban un 4,24 (1-5); no 2017-2018 un 4,33 e no 2018-2019 un 4,31. Sucede o mesmo cos titores académicos <sup>69</sup> que no ano 2015-2016 marcaban un 3,76 (1-5), no 2016-2017 un 4,18, no 2017-2018 un 4,47 e no 2018-2019 un 4,74.

En canto á oferta formativa destinada tanto para PDI<sup>70</sup> (4,49, 1-5) como para PAS<sup>71</sup> (7,64, 1-10) ambos colectivos amosan unha boa valoración, o que demostra a necesidade de continuar implementando máis cursos e actividades que axuden á mellora da súa actividade profesional.

### **7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados de inserción laboral do título son moi favorables. Os egresados no curso 2013/2014 (últimos datos dispoñibles) acadan unha boa taxa de ocupación profesional tanto no primeiro como no segundo ano despois de rematar os seus estudos. A taxa de afiliación ascende considerablemente no segundo ano. Aínda que no tipo de contrato non se rexistra diferenzas significativas, o dato máis salientable refírese á xornada laboral pois a adicación de menos de media xornada descende no segundo ano e ese cambio vai en favor da xornada a tempo completo e a de máis de media xornada.

Porén, o dato que indica que o perfil formativo do título adecúase para a súa implementación profesional é o grupo de cotización, pois no segundo ano os egresados aumentan a súa pertenza ao universitario. De feito, xa no primeiro ano algo mais da metade acadan este estatus que se consolida e incrementa considerablemente no seguinte ano no mercado laboral.

Figura 1. Resultados de inserción laboral (cohorte 2013-2014)

<sup>68</sup> IN20G

<sup>69</sup> IN21G

<sup>70</sup> Documento INF.10

<sup>71</sup> Documento INF.11

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)				2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	26,3%	9,8%	12,5%	54,0%	40,2%	9,0%	16,4%	72,7%

Egresados curso 2013/2014	3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017)				4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	63,4%	4,1%	14,9%	73,0%	71,1%	3,6%	11,6%	79,0%

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIU (Ministerio de Educación)

## MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

### MODIFICACIÓ

Descrición do Título:  
*Prazas de novo ingreso*

### XUSTIFICACIÓ

- Redución do 5% anual no número de prazas ofertadas de novo ingreso a partir do curso 2015-16 na FCE-Santiago, por acordo do Consello de Goberno da USC.
- Redución de 5 prazas a partir do curso 2016-17 na FFP-Lugo, como consecuencia da implantación do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.
- Redución de 5 prazas a partir do curso 2017-18 na FCE-Santiago, como consecuencia da implantación do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.
- Redución de 3 prazas máis a partir do curso 2018-19 nos dous centros, como consecuencia da ampliación da oferta de prazas para o Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.

Planificación das ensinanzas:  
*Sistema de avaliación*

- Cambios no sistema de avaliación dos TFG: os estudantes poden elixir entre defender publicamente o seu TFG ante o/a titor/a ou ante un tribunal (Regulamento para a elaboración e defensa do TFG da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil na FFP e Regulamento do TFG da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil na FCE, aprobados polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro do 2017).

Planificación dos ensinados:  
*Contidos*

Cambio da denominación da materia G3141451 *Historia, Patrimonio e Educación* que pasará a denominarse *Educación Patrimonial*. O cambio xustifícase para mellorar a adecuación dos títulos das materias a súa finalidade formativa nas titulacións de Mestre/a.

Abertas Curso 2021-2022

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
<b>Análise causa</b>	O Documento Marco de Funcións das Coordinacións establece que os coordinadores de curso recollerán e difundirán entre o profesorado información sobre a carga de traballos do alumnado. A ese respecto, cómpre poñer en marcha mecanismos para a recollida sistemática deses datos que permitan visionar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-1.1
<b>Descrición tarefa</b>	Os coordinadores de curso poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual unhas táboas-calendario elaboradas polas coordinacións de título, onde os docentes poderán sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao

	alumnado e facer os axustes de prazos de considere oportunos.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
<b>Análise causa</b>	Necesidade de poñer en marcha mecanismos para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Reformulación do proceso de revisión de programas e creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-2.1
<b>Descrición tarefa</b>	Reformulación do proceso de revisión de programas. Diseñarase unha plantilla de revisión que se facilitará ao profesorado. O coordinador de curso empregará eses datos para elaborar o informe xeral de revisión dos programas do curso, no que supervisará o cumprimento daqueles aspectos que sexan da súa competencia, remitindo o informe ao coordinador de título. Os desaxustes e incidencias detectadas serán trasladados aos departamentos correspondentes antes da aprobación dos programas en Xunta de Facultade.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Paula López Rúa

Estado	Activa
Tarefa2	AM-MP-2.2
Descrición tarefa	Creación dun Rexistro de necesidades de axustes das fichas da Memoria Verificada do Título con respecto aos programas das materias, para o seu seguimento pola Comisión de Título e posta en común en Comisión Intercentros, a fin de consensuar os axustes necesarios nas fichas, e abordalos cando se proceda a unha modificación substancial da MVT. Os datos serán facilitados polos docentes responsables das materias, e recompilados polos coordinadores de curso para o rexistro e seguimento por parte da Comisión de Título.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa



<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
<b>Análise causa</b>	Cómpre proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación, co fin de que este profesorado teña información para entender o funcionamento da materia na FFP e poida desenvolver as tarefas de supervisión de xeito eficaz.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	A coordinadora xeral do Prácticum desenvolve actualmente tarefas de orientación ao profesorado supervisor do Prácticum, pois é unha das funcións da coordinación recollidas na normativa e os protocolos. Dese xeito, no curso 2020-2021 a coordinadora mantivo sesións conxuntas ou individuais cos novos supervisores, explicándolles as súas funcións, tarefas, etc. e solucionando calquera dúbida que xurdise. Porén, propónse realizar unha actividade de orientación de xeito máis sistemático, organizando unha xornada formativa para supervisores.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-3.1
<b>Descrición tarefa</b>	Acción formativa para novos supervisores do Prácticum, coa seguinte estrutura básica: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Referentes documentais e normativos do Prácticum na FFP</li> <li>- Funcións e obrigas a desempeñar</li> </ul>

	<p>- Organización do Prácticum I ou II, segundo sexa o caso</p> <p>a) Calendario</p> <p>b) Explicación das fases de supervisión</p> <p>c) Documentación e procedementos en cada fase: figuras implicadas, funcións, etc.</p> <p>Esta acción formativa levarase a cabo, con carácter permanente, como actuación dende a Coordinación xeral do Prácticum (tal e como se recollen nas súas funcións), en setembro/outubro para o Prácticum I e en xaneiro para o Prácticum II. Por parte da Coordinación Xeral de Prácticum, escollerase un día do calendario para a celebración de dúas sesións (co mesmo contido): unha en horario de mañá e outra en horario de tarde.</p> <p>Co-responsable: Eva M<sup>a</sup> Barreira Cerqueiras (FFP)</p>
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
<b>Análise causa</b>	Cómpre incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-4.1
<b>Descrición tarefa</b>	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalguna das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.  Responsables: Paula López Rúa (FFP) e Alexandre Sotelino Losada (FCE)
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Paula López Rúa
<b>Estado</b>	Activa

Tarefa2	AM-MP-4.2
Descrición tarefa	<p>Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).</p> <p>Responsables: Paula López Rúa (FFP) e Alexandre Sotelino Losada (FCE)</p>
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo.
<b>Análise causa</b>	Necesidade de fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	É recomendable desenvolver mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-5.1
<b>Descrición tarefa</b>	<p>Informar ao alumnado sobre as convocatorias, prazos e requisitos para participar nestes programas por medio do/a RAM, as coordinacións de título e curso e as coordinacións de intercambios empregando diferentes canles (campus virtual, correo-e, web do centro, xornada de acollida, etc.)</p> <p>Responsables: Marta Poncet Souto (RAM-FFP) e Martín Leránoz (RAM-FCE)</p>
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Paula López Rúa
<b>Estado</b>	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Descoñecemento por parte do alumnado das diferentes bases de datos disponibles e do método de consulta en Biblioteca.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Organizar actividades e/ou estratexias formativas en colaboración coa biblioteca que permitan ampliar o coñecemento que ten o alumnado destas fontes.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-6.1
<b>Descrición tarefa</b>	Organización dunha xornada formativa en bases de datos e manexo da biblioteca virtual. Responsables: Alejandro Sotelino Losada e Persoal da Biblioteca.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-MP-6.2
<b>Descrición tarefa</b>	Recollida de datos e realización dunha enquisa de satisfacción coa formación e co servizo. Responsables: Alejandro Sotelino Losada e Persoal da Biblioteca.

Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa
Tarefa3	AM-MP-6.3
Descrición tarefa	Análise dos datos recollidos, redacción de resultados e elaboración de informe para a toma de decisión. Responsables: Alejandro Sotelino Losada e Persoal da Biblioteca.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	A participación reducida do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
<b>Definición/ descripción proposta</b>	Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-7.1
<b>Descrición tarefa</b>	Organización dunha xornada con persoal técnico da Consellería de Educación, F.P. e Universidade da Xunta de Galicia en relación ao acceso público da Función Docente.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-MP-7.2
<b>Descrición tarefa</b>	Organización dunha xornada formativa sobre as Aulas Multigrao existentes en Galicia.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022



Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa
Tarefa3	AM-MP-7.3
Descrición tarefa	Recollida de datos e realización dunha enquisa de satisfacción coa formación recibida.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa
Tarefa4	AM-MP-7.4
Descrición tarefa	Análise dos datos recollidos, redacción de resultados e elaboración de informe para a toma de decisións.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa

<b>ACCION DE MELLORA</b>	
<b>Código</b>	AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2021-2022)
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Necesidade de establecer un marco institucional na Facultade de Ciencias da Educación, para a acollida e atención do alumnado, tanto a nivel académico como persoal.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Creación e pilotaxe dun Plan de Acción Titorial- PAT para o título.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/07/2022; Inicio: 01/09/2021
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Activa; Eficacia : --
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Tarefa1</b>	AM-MP-8.1
<b>Descrición tarefa</b>	Implementación (pilotaxe) do Plan de Acción Titorial no Grao de Mestre/a de Educación Primaria.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Estado</b>	Activa
<b>Tarefa2</b>	AM-MP-8.2
<b>Descrición tarefa</b>	Análise da funcionalidade do PAT. Estudo de posibles modificacións trala pilotaxe.
<b>Data prevista de finalización</b>	29/07/2022
<b>Responsable</b>	Alejandro Sotelino Losada

Estado	Activa
Tarefa3	AM-MP-8.3
Descrición tarefa	Consolidación e posta en funcionamento do Consello de Estudantes recollido no marco do PAT.
Data prevista de finalización	29/07/2022
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Activa

#### Finalizadas Curso 2020-2021

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#"><u>AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</u></a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
<b>Análise causa</b>	Problemática de reparto de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), que afecta á boa marcha dos procedementos.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Implementar instrumentos que faciliten as tarefas de coordinación nos seus distintos niveis.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa

Comprobación Acción	<a href="#">AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
Descrición Comprobación	Esta acción de mellora puido completarse tal e como pode verse no peche das tarefas
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.
Tarefa1	<a href="#">AM-MP-1.1</a>
Descrición tarefa	Aplicación dos documentos complementarios e seguemento das directrices establecidas no documento marco de funcións das coordinacións: enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, táboas de actividades transversais e protocolo para cambios de grupo interactivo
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-1.1. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	Na FFP-Lugo, durante o curso 2020-2021 procedeuse á posta en marcha das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en xuntanza da Comisión de Título o 14 de xullo de 2020 e en xuntanza da Comisión de Calidade na mesma data) e os seus documentos complementarios. Dese xeito, os coordinadores de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. Os

	<p>coordinadores incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Asimesmo, o coordinador de título informou en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.</p> <p>En liñas xerais, o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e a carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade, e a segunda débese parcialmente ao retraso no comezo presencial dos semestres polas circunstancias da pandemia, que ocasionou que o remate das materias optativas coincidise co das materias obrigatorias. En calquera caso, cómpre poñer en marcha mecanismos para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.</p> <p>A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polos coordinadores de curso cos axustes precisos realizados dende as coordinacións de título tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia, e manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas.</p> <p>As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de Grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte dos coordinadores de curso (datos que á súa vez estes reflicten nos</p>
--	--

	<p>seus informes finais). Os datos recollidos destas actividades forman parte do informe de execución do Plan FORTE-FFP (Plan de formación, orientación e titorización do estudiantado), informe analizado e avaliado positivamente na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 22 de decembro de 2021. Este plan foi establecido na Memoria de Calidade do centro 2019-2020, e desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP. O informe de execución é analizado pola comisión de calidade para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.</p> <p>O protocolo de cambios de grupo interactivo non puido levarse á práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as condicións de plena presencialidade sen restricións. (Arquivo: AM1T1.1_FFP.rar)</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>04/02/2022</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Non hai.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Non hai.</p>

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 4. Recursos Humanos.Ámbito de aplicación: FFP
<b>Análise causa</b>	Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Esta acción de mellora retómase do curso 2019-20 porque non se puido executar por mor da COVID-19. O que se pretende é aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	María Carmen Sarceda Gorgoso
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	A acción executouse pero non se recibiu resposta.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Esta acción de mellora reabrírase para ser executada no curso 2021-2022, aínda que como parte do Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2020-2021 da FFP, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro, tanto de Grao como de Mestrado.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-2.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Solicitar á Vicerreitoría correspondente o aumento dun posto de PAS en conserxería en turno de tarde.

	Responsables: Carmen Sarceda (Decana) e Ana Brao (Xestora do Centro)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-2.1. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	A tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na FFP-Lugo fíxose con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixíuse á atención do Xerente e a Vicexerenta de Persoal. Non se recibiu resposta. (Arquivo: AM2T2.1_FFP.rar)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.



<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito de aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo)
<b>Análise causa</b>	Mellorar a orientación proporcionada ao alumnado de nova incorporación.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Reformulación e mellora da xornada de acollida.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Paula López Rúa
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	En liña coa acción AM-01 2020-2021 do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2019-2020 da FFP, na que se configura o Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da Facultade (FORTE-FFP), o cal afecta inicialmente aos dous graos do centro e desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, a acción de mellora da xornada de acollida intégrase e protocolízase como actividade do devandito Plan para ser levada a cabo anualmente, polo que non se reabrirá como acción de mellora

	para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.
Tarefa1	<a href="#">AM-MP-3.1</a>
Descrición tarefa	<p>Seleccionar e reformular a información proporcionada ao alumnado na xornada de acollida e continuar coa enquisa de satisfacción para os estudantes.</p> <p>Responsables: Santiago López Gómez e Paula López Rúa.</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-3.1. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, no curso 2020-2021, por mor das restricións na presencialidade orixinadas pola situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, as actividades previstas para a xornada de acollida foron axustadas nunha única sesión celebrada o 21 de setembro de 2020, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que axustaron os seus contidos e se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual na páxina de coordinación de primeiro curso. As presentacións incorporan asimesmo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos.</p> <p>A enquisa de satisfacción do alumnado foi cuberta por 74 persoas, das cales o 43,2% pertencía ao Grao de Infantil, o 41,9% ao Grao de Primaria e o 14,9% ao Dobre Grao. A análise de resultados fíxose conxuntamente para os dous Graos, xa que os contidos das presentacións son esencialmente os mesmos en ambos, e tamén coinciden na súa meirande parte as temáticas tratadas e as dinámicas seguidas na parte presencial da xornada. Os resultados da enquisa foron moi</p>

	<p>positivos (un 87,8% dos enquisados consideran útiles os contidos tratados, un 86,5% consideran a duración adecuada, o 100% dos enquisados está bastante ou moi satisfeito coa estrutura da sesión, e o 97,3% considera en xeral a xornada positiva). Estes resultados apuntan á conveniencia de continuar realizando a actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.</p> <p>A xornada de acollida formou parte das actividades desenvolvidas no curso 20-21 dentro do Plan FORTE, cuxo informe de execución foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na reunión do 22 de decembro de 2021. (Arquivo: AM3T3.1FFP.rar)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) e Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Necesidade de dispoñer dunha guía do Prácticum actualizada.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Actualizar a guía do Prácticum para axustala á nova organización do mesmo.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora executouse con éxito na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo e na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago, tal e como se pode ver no peche das tarefas.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tareas</b>	Non hai.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-4.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Actualizar a guía do Prácticum para axustala á nova organización do mesmo.  Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana

	Regueiro Fernández (FCE).
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-4.1. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>No curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum. Ademais, na FFP-Lugo, o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos. Ambos documentos aprobáronse en reunión da Comisión de Prácticum e TFG da FFP o 27 de abril de 2021. O Plan Xeral do Prácticum aprobouse en Xunta de Facultade na FFP o 17 de xuño de 2021.</p> <p>Pola súa banda, a renovación do Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e de Educación Primaria foi aprobado pola Comisión Intercentros o 8 de xuño de 2021, en Xunta de Facultade da FCE o 11 de xuño de 2021 e en Xunta de Facultade da FFP o 17 de xuño de 2021. (Arquivo: AM4T4.1_FFP-FCE.rar)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Manterse en contacto cos titores externos do Prácticum nos centros de prácticas.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora puido completarse tal e como se pode ver no peche das tarefas.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Non hai.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-5.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Manterse en contacto cos titores externos do Prácticum nos

	<p>centros de prácticas.</p> <p>Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE)</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-5.1. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums da titulación déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores da Facultade e os titores externos do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense asimesmo no Plan Xeral do Prácticum e no Protocolo Intercentros. Por outra banda, entre a documentación que o alumnado leva ao centro nos dous Prácticums está unha carta dos supervisores aos titores na que se lles proporciona orientación sobre as tarefas que o alumnado debería realizar durante a súa estadía e mais os datos de contacto de cada supervisor. A entrega desta carta ao profesorado titor está tamén establecida no Plan Xeral do Prácticum. Cómpre ter en conta que a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas.</p> <p>Os contactos mínimos cos titores do Prácticum están protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, renovado no curso 2020-2021. Porén, para incrementar ese contacto propúxose como acción de mellora executada no curso 2020-2021 na FFP-Lugo a organización dun foro de titores (AM-MP-13)</p> <p>Na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela, tense avanzado na vinculación cos titores/as externos, con quen existe unha comunicación directa por medio dun Vicedecanato específico e tamén coordinacións designadas a tal efecto. Deste xeito, ademáis dos trámites puramente burocráticos tamén se lles facilita outra</p>

	documentación e asesoramento para que a aprendizaxe do alumnado se optimice. (Arquivo: AM5T5.1_FFP-FCE.rar)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.



<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Persistencia da escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Otero Varela
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora puido completarse, tal e como se pode ver no peche de tarefas.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	A acción de mellora reabrirase no curso 2021-2022 para continuar a traballar neste aspecto.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-6.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polos dous centros

	Responsables: Marta Poncet Souto (FFP) e Martín Leránoz Iglesias (FCE)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-6.1. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2020-2021, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron ao alumnado por medio do Campus Virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes.</p> <p>No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. Unha razón pola que o alumnado non cubre todas as prazas da categoría de intercambios SICUE é posiblemente de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, carecer igualmente de bolsas, e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos e a compatibilidade dos plans de estudos.</p> <p>Por outra banda, na Facultade de Ciencias da Educación existe un Vicedecanato responsable de mobilidade que vertebra este tipo de dinámicas. Neste senso, tense convocado ao alumnado</p>

	<p>a diferentes acción formativas e divulgativas onde se presentan os programas, así como as diferentes bolsas as que poden optar. Esta tarefa ven sendo habitual desde fai cursos, pero cobrou especial importancia nos últimos anos, onde se foi modificando introducindo algún axustes. Algún salientable é a incorporación de alumnado que estivo de mobilidade as diferentes sesión formativas realizadas. (Arquivo: AM6T6.1_FFP.rar)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) e Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para á difusión do coñecemento.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 09/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora non se puido completar pola ausencia de convocatorias no curso 2020-21.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	A acción de mellora reabrirase para o curso 2021-2022.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-7.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen

	(de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-7.1. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	Esta tarefa non puido completarse xa que non consta o anuncio dunha convocatoria para este tipo de proxectos no curso 2020-2021, pero prorrogouse a realización dalgúns iniciados en 2019-2020.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tareas	Non hai.
Tarefa2	<a href="#">AM-MP-7.2</a>
Descrición tarefa	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-7.2. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	Na FFP-Lugo, desde o Decanato infórmase ao profesorado das convocatorias que se organizan a este respecto. Porén, na

	<p>convocatoria do curso 20-21 non se presentou ningún docente desta Facultade. Unha posible causa pode ser as circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19, que obrigaron a facer modificacións na docencia para ser impartida de xeito semipresencial, o cal levou aparellado un aumento da carga de traballo do profesorado e impediu a posta en marcha de proxectos ou iniciativas que se desenvolven presencialmente.</p> <p>Na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela si que se presentaron proxectos, mesmo no Grao de Mestre/a de Educación Primaria, e os cales conqueiron bos resultados. (Arquivo: AM7T7.2_Evid_1_FCE (1).pdf)</p>
<p>Data Comprobación</p>	<p>04/02/2022</p>
<p>Incidencias</p>	<p>Non hai.</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>Non hai.</p>

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Necesidade de previr problemas de coordinación en materias impartidas por varios profesores/as
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Comunicar formalmente aos decanatos e aos departamentos todas as incidencias que a este respecto se detecten no desenvolvemento da docencia do título. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros e as coordinacións de curso
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 08/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora puido completarse, non detectándose incidencias importantes que implicasen unha comunicación formal aos Departamentos.
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Non hai.
<b>Tarefa1</b>	<a href="#">AM-MP-8.1</a>
<b>Descrición tarefa</b>	Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación

	docente en materias impartidas por máis dun profesor/a.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-8.1. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en Comisión de Título e Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020) especifica, entre as responsabilidades do coordinador de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos?), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia ao coordinador de materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman asimismo parte do Documento Marco de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas administráronse no curso 20-21, e os datos recollidos polos coordinadores de curso trasladáronse ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de procesos da FFP, para o informe anual de seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Asimismo, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. No</p>



	curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP. (Arquivo: AM8T8.1_FFP.rar)
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.
Tarefa2	<a href="#">AM-MP-8.2</a>
Descrición tarefa	Traslado das incidencias aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á menor brevidade posible.  Responsables: Carmen Sarceda e Carmen Fernández Morante
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-8.2. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	Unha vez aplicados os procedementos de detección de incidencias a este respecto previstos na FFP, no curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP.
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	Non hai.

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 09/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora puido completarse na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP) tal e como se pode ver no peche das tarefas
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	Non hai.
<b>Axustes/Novas Tarefas</b>	Esta acción de mellora (?Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado?) intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente, polo que non se reabrirá como acción de mellora para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.

Tarefa1	<a href="#">AM-MP-9.1</a>
Descrición tarefa	Organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-9.1. Comprobación Nº. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo desenvolvéronse durante o curso 2020-2021 diversas actividades encamiñadas a completar a formación do alumnado e proporcionarlle orientación profesional. Todas elas intégranse desde o curso 2019-2020 no Plan FORTE-FFP (Plan de formación, orientación e titorización do estudantado da Facultade), establecido na Memoria de Calidade do centro 2019-2020, e que desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP.</p> <p>Os coordinadores de curso empregan no campus virtual táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso para sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas (datos que á súa vez reflicten nos seus informes finais). Enuméranse a continuación as actividades realizadas por cursos con relación a esta acción de mellora:</p> <p>Primeiro curso: tres conferencias a cargo de profesionais externos vinculadas á materia ?Socioloxía da Educación?; IV edición da exposición ?Educación en Feminino? presentada sucesivamente na nosa Facultade, no IES Rosalía de Castro de Compostela e na Biblioteca Pública de Lugo, e vinculada á materia ?Teoría e Historia da Educación Escolar?.</p> <p>Segundo curso: unha conferencia cun profesional externo vinculada á materia ?Deseño, desenvolvemento e innovación</p>

	<p>curricular?, e unha actividade de campo vinculada ás materias ?Ensin e aprendizaxe da aritmética?, ?Ensin e aprendizaxe das CC Experimentais I? e ?Ensin e aprendizaxe das CC Sociais I? na que se recorreu un tramo do camiño francés</p> <p>Terceiro curso: actividades de campo vinculadas ás materias ?Ensin e aprendizaxe das CC Experimentais II? e ?Ensin e aprendizaxe das CC Sociais II?, consistentes en saídas ao Parque de Rosalía de Castro e a Porto do Son, e as ?Aulas Abertas?, actividades con participantes externos vinculadas á materia ?Titoría e orientación educativa?.</p> <p>Cuarto curso: charla de profesional externo no Prácticum II sobre o Proxecto de Bana; xornada virtual de orientación laboral; sesión informativa sobre oposicións para Mestres/as de Primaria, impartida por un mestre en activo que aprobou as oposicións recentemente</p> <p>A descrición completa destas actividades e a valoración da súa eficacia poden atoparse no informe de execución do Plan para o curso 2020-2021, que, consonte ao proceso PC-03, foi analizado pola Comisión de calidade (reunión do 22 de decembro de 2021) para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade. (Arquivo: AM9T9.1_FFP.rar)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.
Axustes/Novas Tarefas	A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente, polo que non se reabrirá no curso seguinte.
Tarefa2	<a href="#">AM-MP-9.2</a>
Descrición tarefa	Creación dunha presentación para a orientación académico-profesional do alumnado (mencións, saídas profesionais, etc.) e difusión da mesma a través de redes sociais e/ou recursos web
Data prevista de	30/07/2021

finalización	
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	<a href="#">AM-MP-9.2. Comprobación N.º. 1</a>
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra.</p> <p>As ligazóns ás presentacións dos tres graos son as seguintes:</p> <p><a href="https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf">https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf</a></p> <p><a href="https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20INFANTIL%20-%20ES.pdf">https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20INFANTIL%20-%20ES.pdf</a></p> <p><a href="https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/D.%20G.%20EDUC.%20INFANTIL%20Y%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf">https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/D.%20G.%20EDUC.%20INFANTIL%20Y%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf</a></p> <p>Esta tarefa formou parte das actividades desenvolvidas no curso 20-21 dentro do Plan FORTE-FFP, cuxo informe de execución foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na reunión do 22 de decembro de 2021. A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE para ser levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirá para o curso seguinte a nivel de título para a FFP. (Arquivo: AM9T9.2_FFP.rar)</p>
Data Comprobación	04/02/2022
Incidencias	Non hai.

Axustes/Novas Tarefas	A tarefa intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-FFP para ser levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirá para o curso seguinte a nivel de título para a FFP.
--------------------------	--

<b><u>ACCION DE MELLORA</u></b>	
<b>Código</b>	<a href="#">AM-MP-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)</a>
<b>Orixe</b>	Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
<b>Análise causa</b>	Necesidade de analizar o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias publicadas na web, así como entre estas e a última versión da memoria verificada do título.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 09/03/2022
<b>Responsables</b>	Alejandro Sotelino Losada
<b>Comprobación Acción</b>	<a href="#">AM-MP-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS</a>
<b>Descrición Comprobación</b>	Esta acción de mellora executouse parcialmente por mor das circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid-19
<b>Data Comprobación</b>	04/02/2022
<b>Incidencias</b>	nON HAI.
Non houbo modificacións deste documento. Acórdase que os supervisores/as envíen este documento por correo-e para que o completen coas valoracións propias das prácticas do alumnado titorizado. O profesorado supervisor estará pendente da súa solicitude e recollida. Non será necesario que veña asinado nin selado; tomarase como vía para a súa validación o correo institucional do titor/a (ou do centro de prácticas, no seu defecto).

- Ficha para a certificación das horas de titorización.

Acórdase que sexa a Coordinación Xeral de Prácticum quen se encargue de realizar a tarefa de envío deste documento aos titores/as a través do correo institucional destes (grazas á información que os supervisores compartirán coa Coordinación a través do *archivo excel* compartido).

En todo caso, a Coordinación Xeral de Prácticum establece que, dada a situación actual, é necesario reducir a documentación en papel que o alumnado teña que entregar. Por tanto, toda aquela que poida ser entregada de maneira dixital non será entregada en papel.

#### **5. Envío de Guía Docente a titores/as de Prácticum**

Acórdase NON enviar a Guía Docente ao profesorado titor nos centros.

#### **6. Sesións de Reflexión.**

Acórdase realizar 2 sesións de reflexión, tal e como se acordou. Nesta liña, infórmase dun pequeno erro existente no primeiro calendario establecido. Feitas as correccións, as semanas para realizar estas sesións son as seguintes:

- Semana do 30 de novembro
- Semana do 7 de decembro
- Semana do 14 de decembro

Os supervisores/as decidirán o momento de celebración destas sesións así como o medio de realización destas (presenciais, M. Teams, outras). Dende a Coordinación recoméndase M. Teams para estes encontros.

#### **7. Avaliación**

Lémbrese a data de entrega de Informes de Prácticum por parte do alumnado (14 de xaneiro de 2021). Así mesmo, prérgase ao profesorado que revise o procedemento acordado para a concesión de Matrículas de Honra, cuestión que será lembrada no seu momento por parte da Coordinación da Materia.

O alumnado deberá subir os Informes de Prácticum na data concreta (ou antes, de ser o caso) a un espazo habilitado para isto na Aula Virtual, co obxectivo de custodiar todos os Informes de cara a procesos de avaliación de calidade, Acreditación do Título, etc. Independentemente

desta entrega, o profesorado supervisor poderá solicitar ao seu alumnado a entrega, ademais, por outra vía se así o desexa.

Así mesmo, lémbrese a responsabilidade do profesorado supervisor de cubrir as actas do alumnado supervisado e que a Acta será pechada pola Coordinación da Materia, previa información e aviso aos docentes implicados.

A Coordinación da Materia correspóndelle á área de Didáctica e Organización Escolar.

### **8. Outras cuestións abordadas**

Pregúntase pola xestión do Prácticum I de primaria e polas circunstancias actuais do alumnado, debido á COVID-19. Infórmase dos seguintes puntos:

- A día de hoxe, salvo dous casos concretos (habituais noutros cursos académicos) todo o alumnado ten centro de prácticas, o que presupón unha boa xestión do Prácticum dende a Facultade, xa iniciada a finais do curso 19/20.
- O alumnado ten colgada, na Aula Virtual, os *Protocolos dos centros fronte á COVID*, así como as ligazóns ás webs que a Consellería de Educación ten habilitadas para informar á comunidade educativa desta cuestión (que se actualizan periodicamente). Dende a Coordinación tomouse a determinación de que o alumnado debía cubrir obrigatoriamente unha enquisa de avaliación de coñecementos sobre estes Protocolos (de cara á súa estadía nos centros) que será incluída na Aula Virtual. Solicítase que o profesorado supervisor dispoña desta información polo que a Coordinación Xeral de Prácticum a enviará a todos os supervisores/as o antes posible.
- Aínda non se fixeron os cálculos pertinentes en canto ao número de centros colaboradores que non contestaron / non ofertaron prácticas este curso académico. Á maior brevidade analizaranse os datos e confrontaranse con datos do curso anterior, para ter unha panorámica xeral.
- Dende a Coordinación de Prácticum recoméndase ao alumnado de prácticas que contactasen co seu centro de saúde e solicitasen a realización de proba serolóxica / proba PCR con anterioridade á realización da fase de estadía.

Acórdase que na páxina web do Prácticum haxa unha ligazón ao programa de Prácticum I do Grao en Mestra/e de Ed. Primaria, de consulta para o profesorado titor, fundamentalmente, pero tamén para quen así o precise.

Formúlase a dúbida acerca de canto tempo debe o profesorado custodiar os traballos de Prácticum. Interpretando a normativa, teríanse que custodiar os traballos dos 3 anos anteriores (p. e., se estamos no curso 20/21, teríamos que ter os traballos dos 3 cursos académicos anteriores). No Máster serían 4 anos/cursos académicos.

Solicítase a todo o profesorado supervisor ser un pouco máis flexibles en canto ao traballo do alumnado, dadas a circunstancias, concedéndolle maior importancia ao centro de prácticas e ao momento no que nos atopamos.

Agradecementos xeneralizados tanto ao profesorado supervisor, á Coordinación e ao Equipo Decanal polo traballo realizado ao longo destes meses para conseguir que o Prácticum se desenvolva nas mellores condicións posibles.



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

COORDINACIÓN XERAL DE PRÁCTICUM

**A 01 de outubro de 2020**

12/11/2020



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 004/20 Aprobada: 25/11/2020	Data: 12/11/2020	Convocatoria: 09/11/2020	Hora: 17-30-19:30h Lugar: Virtual/Teams
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Dna. Eva M<sup>a</sup> Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  <i>1.- Perfil de idioma no TFG</i>  <i>2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.</i>  <i>3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.</i>  <i>4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.</i>  <i>5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum I</i>	
Desculpan asistencia: <ul style="list-style-type: none"><li>- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li></ul>			

ASUNTOS:

### ***1.- Perfil de idioma no TFG***

Debátese sobre o programa Competentes. O programa busca acadar e acreditar, por parte do alumnado, competencias en lingua galega e lingua castelá. Está impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade sendo coordinado polo Prf. Candia Durán que é convidado á primeira parte da xuntanza. Logo de reflexionar sobre a importancia ou non de vincular o programa Competentes ás materias de TFG e Prácticum e entendendo que pode redundar na mellora das competencias e dominios comunicativos do alumnado, acórdase:

*Adscribir, de cara ao vindeiro curso 2021/2022, o programa Competentes nas materias de TFG e de Prácticum. A adscripción considerarase a título persoal por parte do profesorado que o solicite e para a lingua de perfil que este indique e non suporá ningunha obriga nin para o titor/a nin para o alumnado. Esta adscripción por parte do profesorado será recollida e transmitida ao alumnado, xunto coa comunicación das liñas de traballo preferenciais dos distintos docentes, con carácter informativo, de feito que a adscripción non suporá, en ningún caso, unha imposición da lingua na que debe ser redactado o traballo.*

### **2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.**

Debátese sobre a posibilidade de que o alumnado poida axustarse ou non á temática de traballo preferente do/a seu/súa titor/a. Ao respecto, acórdase:

*Debido ao volume tan grande de alumnado matriculado cada ano no TFG a asignación por nota media do expediente á liña temática proposta polos titores/as non pode ser interpretado de forma estrita. Terá preferencia a área de coñecemento sobre a liña temática. Polo tanto, priorízase a área de coñecemento antes das liñas temáticas na escolla do alumnado sobre o tema do seu TFG. No caso máis particular de que a/o alumna/o queira desenvolver o seu TFG nunha temática que non se corresponda coa área de coñecemento do titor/a asignado/a, este/a poderá acollerse a que o TFG sexa directamente avaliado por tribunal.*

### **3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.**

Debátese sobre os diversos formatos que pode ter un TFG. Na Guía docente da materia recóllese que “O TFG pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.” Dado que o TFG supón a elaboración por parte do alumnado dun traballo orixinal, enténdese que o alumnado pode escoller entre os diferentes formatos recollidos na guía docente e, ante o suposto de poder realizar o TFG nun formato diferente, e tal e como se indica na Guía docente “De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.” acórdase:

*Sempre que o alumno/a o solicite debidamente poderá acollerse a un formato diferente dos recollidos na Guía docente do TFG. No suposto de solicitalo o docente ten a liberdade de aceptalo ou non en función do interese da proposta, no suposto de que a Comisión de Prácticum e TFG autorice dito formato.*

### **4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.**

#### **CASO DE FAVIO ZÚÑIGA ROJAS**

Atendendo á progresión dos feitos acaecidos na materia de Prácticum I do Grao de Mestre/a de Educación Primaria en relación co alumno Favio Zúñiga Rojas, a Comisión

de Prácticum e TFG resolve denegarlle o seu dereito a acudir ao centro e retomar as súas prácticas por incumprimento da normativa da materia de Prácticum no que respecta ás ausencias e faltas de asistencia. Trátase, pois, dunha ausencia do alumno non notificada nin xustificada seguindo os debidos cauces.

En calquera materia universitaria e, máxime, na materia de Prácticum un alumno debe avisar sempre das súas ausencias no centro de prácticas, tanto ao supervisor/a da Facultade como ao seu titor/a de prácticas, coa obriga de xustificalas debidamente. Este asunto, ademais, toma un cariz moito máis grave dadas as actuais circunstancias de pandemia por mor da COVID-19, existindo un procedemento sanitario e académico que o alumno debe cumprir se está en contacto (ou sospeita ter estado en contacto) cunha persoa positiva.

### BELÉN GARCÍA VERDES

Alumna do 3º curso do Grao de Infantil. Por problemas non se dou incorporado no Prácticum: problemas coa sinatura do convenio co Colexio, logo positivo por Covid-19 da nai, finalmente positivo por Covid-19 da alumna, durou co positivo case 3 semanas. Atendendo aos feitos e considerando que ditas incidencias foron comunicadas sempre de forma oportuna pola alumna, quen tamén se amosou en disposición permanente de continuar o traballo na medida das posibilidades, acórdase que se incorpore no colexio canto antes e solicite ampliación de horario de 5 a 8h con xornada partida nas 2 semanas que quedan e xa en decembro nos días que non teña clases siga completando as horas do Prácticum-1. Sempre coa autorización do colexio.

### ***5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum***

- A Coordinadora Xeral de Prácticum solicita á Comisión poder aprobar “de oficio” aquelas solicitudes que faga o alumnado de Prácticum das que xa se teña algún precedente.

Apróbase esta petición feita pola Coordinadora.

- **MARÍA ELENA LOBEIRAS LÓPEZ:** alumna do Grao de Educación Primaria, solicita realizar as prácticas no centro educativo no que traballa, co obxectivo de non romper os “grupos burbulla” establecidos no centro e por motivos de conciliación familiar (a este centro acude a súa filla de 3 anos).

Denégase a súa solicitude por incumprir a normativa establecida para o Prácticum, concretamente nos artigos 15 e 16 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC

([https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento\\_Practicas\\_Academicas\\_Externas\\_USC.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento_Practicas_Academicas_Externas_USC.pdf)).

Por outra banda, infórmase á alumna de que existe un proceso de recoñecemento de experiencia profesional (convalidación de prácticas) como posible alternativa e solución á situación que esta expresa na súa solicitude. Pode informarse deste proceso, igualmente recollido no artigo 28 do Regulamento anteriormente citado, a través da Oficina de Información ao Estudante da USC para comprobar que requirimentos precisa.

- LAURA PONCE LEIRA: alumna do grao de Educación Primaria que solicita realizar as prácticas no centro onde a súa nai exerce como persoal docente, garantindo que este feito non interferiría na súa estadia xa que a alumna desenvolvería as prácticas no primeiro / terceiro ciclos da etapa e que a súa nai exerce no segundo ciclo de Primaria, non compartindo entradas, nin recreos, nin saídas, por mor da COVID.

A Comisión de Prácticum e TFG resolve denegar a solicitude á alumna Laura Ponce Leira xa que a normativa sobre o Prácticum establece claramente a imposibilidade de realización de prácticas en centros nos que traballe un familiar de primeiro e/ou segundo grao de consanguinidade. Desta normativa foi informado o alumnado nas sesións informativas ao respecto.

- SANDRA CEDRÓN PASARÍN: a alumna solicita a redución dunha hora de estadia de prácticas ao día (saír ás 13.00 h.) para poder acudir ao seu posto de traballo, cuxa xornada laboral se inicia ás 14.30 h. A alumna expresa, ademais, que no seu emprego lle solicitan entrar ás 14.15 para facer tarefas de desinfección, polo que se reduce en 15 minutos o tempo dispoñible para facer o traxecto.

Resólvese concederlle esta redución na carga horaria diaria, isto é, que poida saír do centro de prácticas ás 13.00 h sempre e cando a alumna poida recuperar as horas que se lle reducen. A este respecto, a Coordinadora Xeral de Prácticum establece a necesidade de que a alumna inicie a fase de estadia antes do sinalado no calendario oficial. Así mesmo, dende a Coordinación se van realizar os cálculos pertinentes de horas que tería que recuperar e establecerá os contactos oportunos co centro de prácticas da alumna para informar desta situación.

- JÉSSICA MOLEDO BLANCO: solicita que a Comisión lle permita realizar o Prácticum II na Asociación Socioeducativa Bosqueko (situada en Gran Canaria), unha escola homologada na etapa de Infantil pola Consellería de Educación Canaria e cunha pedagogía baseada na natureza.

A Comisión de Prácticum e TFG acorda aprobar a solicitude da alumna Jéssica Moledo Blanco, establecendo que ten que ser a alumna quen se encargue de solicitar a admisión neste centro de prácticas e costearse a súa viaxe ao lugar no que se sitúa o centro de prácticas ao que desexa acudir, sen prexuízo daqueles trámites que deba realizar a Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade.


Lugo, a 16 de novembro de 2020




Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG


20/01/2021


## REUNIÓN SUPERVISORES PRÁCTICUM II


 **GONZALEZ SEQUEIROS PA...** ☆  
pablo.gonzalez.sequeiros@usc.es  
Enviar correo electrónico Ver ...


Resultados Filtrar


 Guía docente\_P... +5

 **GONZALEZ SEQUEIROS PABLO**  
CASO DA ALUMNA PAU... 19/01/2021  
Bandeja de ent...



**GONZALEZ SEQUEIROS PABLO**   
> Guía docente Práctic... 15/01/2021  
Bandeja de ent...


 Guía docente\_P... +6


 **GONZALEZ SEQUEIROS PABLO**  
CASOS PARA A COMISI... 16/12/2020  
Bandeja de ent...

 **GONZALEZ SEQUEIROS PABLO**  
CASO URXENTE: ALUM... 00/11/2020

### Guía docente Prácticum II Primaria

 7 

 **GONZALEZ SEQUEIROS PABLO**  
Vie 15/01/2021 13:19  
Para: LLANEZA RODRIGUEZ LUIS ALADINO; DOMINGUEZ ALMANSA ANDRES; LOPEZ RUA PAULA y 9 más

 Guía docente\_PII\_19-20\_...  
331 KB

Bo día,

Á vista das preferencias, fixamos a reunión para o próximo **mércores 20 ás 12:00**. Xa a programo en Teams para que vos chegue un correo.

Aqueles que non teñades a posibilidade de asistir nese momento, podedes escribirme ou falar comigo para consultarme o que sexa ou que traslade algo á reunión.

Envíovos a guía do ano pasado para que as persoas que vos incorporades poidades ver cal era a actividade opcional para MH (apartado 7.2). Podemos comezar por comentar sobre iso, e despois abordamos o que vos pareza.

Saúde,  
Pablo



## CONVOCATORIA DE XUNTANZA

### Comisión de Prácticum e Traballo Fin de Grao

-Facultade de Formación do Profesorado-

**Data da Reunión:** 27/04/2021

**Hora da Reunión:** 16.30h.

**Lugar da Reunión:** Virtual (M. Teams)

**Membros que asisten á reunión:** Eva M. Barreira Cerqueiras, Joaquín Lago Ballesteros, Santiago López Gómez, Paula López Rúa, Rubén Navarro Patón.

**Escusan a súa ausencia:** Eva Comesaña Rodríguez, Pablo González Sequeiros, Pablo Muñoz Carril.

#### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, de ser o caso, do calendario de Prácticum para o curso académico 2021/2022
2. Presentación de acción formativa para novos supervisores que acceden ao Prácticum (segundo acción de calidade na Facultade)
3. Aprobación da adaptación do Protocolo Intercentros
4. Aprobación da renovación do Plan Xeral de Prácticum da Facultade
5. Outros asuntos de trámite.

#### ACORDOS ACADADOS:

1. **Aprobación, de ser o caso, do calendario de Prácticum para o curso académico 2021/2022**

Apróbase o **calendario de Prácticum** para o **curso académico 2021/2022**, tendo en conta algunhas as modificacións<sup>1</sup> establecidas no *Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria* na súa revisión trianual feita neste ano

---

<sup>1</sup> Fíxose unha modificación en canto á situación da fase de estadía do Prácticum I no primeiro semestre, a cal se establecía como "central" no *Protocolo* de 2018 e que no actual (2021) se cambia, pasando a situación da fase de estadía a un lugar "final" no semestre para favorecer a organización das restantes materias que se imparten neste mesmo período académico e, igualmente, facilitar a organización da propia materia de Prácticum.

2021 por parte da Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) e polo Vicedecanato de Prácticum da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago).

Así mesmo, en relación co calendario, apróbase a proposta para as **sesións conxuntas dos Prácticums I e II**:

- As sesións conxuntas levaranse a cabo preferentemente nas sesións de organización (coa Coordinación Xeral de Prácticum) ou nas sesións de preparación (co profesorado supervisor), tanto polo seu sentido “preparatorio” cara as prácticas como polo calendario para a fase de reflexión. Poderase desenvolver algunha sesión conxunta na fase de reflexión sempre que o profesorado supervisor o considere preciso, con visita de profesionais externos e/ou posta en común das aprendizaxes realizadas en gran grupo.
- No Prácticum I, os profesionais invitados deberán tratar unha serie de liñas de exposición concretas: xestión do Prácticum no seu centro; capacidades, competencias e habilidades esperables do alumnado de prácticas; etc. A finalidade é ofrecer unha *panorámica do que é a materia de Prácticum I*, que cursará por primeira vez o alumnado.
- No Prácticum II, os profesionais invitados poderán tratar xa aspectos vinculados ás súas prácticas docentes, metodoloxías, etc., dadas as características e finalidades desta materia no plan de estudos.
- Proposta de profesionais externos realizada pola Coordinación Xeral de Prácticum da FFP para o vindeiro curso académico 2021/2022.

## **2. Presentación de acción formativa para novos supervisores que acceden ao Prácticum (segundo acción de calidade na Facultade)**

Aprobación da acción de mellora da Facultade de Formación do Profesorado (integrada nos Informes de Calidade), relacionada coa **formación dos novos supervisores**, cuxa estrutura básica será a seguinte:

- Referentes documentais e normativos do Prácticum na FFP
- Funcións e obrigas a desempeñar
- Organización do Prácticum I ou II, segundo sexa o caso
  - Calendario
  - Explicación das fases de supervisión

- Documentación e procedementos en cada fase: figuras implicadas, funcións, etc.

Esta acción formativa se levará a cabo, con carácter permanente, como actuación dende a CXP (tal e como se recollen nas súas funcións), en setembro/outubro para o Prácticum I e en xaneiro para o Prácticum II. Por parte da Coordinación Xeral de Prácticum, escollerase un día do calendario para a celebración de dúas sesións (co mesmo contido): unha en horario de mañá e outra en horario de tarde.

Non terá carácter obrigatorio pero si será indispensable para entender o funcionamento desta materia na FFP e poder desenvolver as tarefas de supervisión do profesorado de nova incorporación á materia do mellor xeito posible. En todo caso, a celebración de dúas sesións (de mañá e de tarde) tratará de favorecer a asistencia dos novos/as supervisores/as.

No caso de que sexa imposible a asistencia, a Coordinación Xeral de Prácticum enviará a documentación pertinente por correo-e, aportando, ademais, unhas instrucións básicas.

### **3. Aprobación da adaptación do Protocolo Intercentros.**

Apróbase a renovación e as modificacións introducidas no *Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria* —que se debe realizar con carácter trianual (tocaba realizarse este 2021)— por parte da Coordinadora Xeral de Prácticum da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) e pola Vicedecana de Prácticum e a Coordinadora Xeral de Prácticum da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago).

En relación a este Protocolo, solicítase por parte da Comisión (deixándose constancia nesta Acta) que na renovación dos Convenios —e a partir de agora, na elaboración doutros— se inclúan todas as Titulacións da FFP e, por conseguinte, se leve a cabo con carácter xeral para a toda a Facultade.

#### 4. Aprobación da renovación do Plan Xeral de Prácticum da Facultade

Aprobación do Plan Xeral de Prácticum coas suxestións e modificacións aportadas dende a Coordinación Xeral de Prácticum, que se resumen nas seguintes:

- Simplificación do proceso de renovación e adaptación do Plan Xeral de Prácticum da FFP (suprímese a intervención dos 7 representantes das áreas implicadas, pois enténdese que coa intervención e aprobación da Xunta de Facultade é suficiente).
- Integración da data de aprobación na Xunta de Facultade.
- Eliminación da función da CXP e da Coordinación de Prácticum da Titulación: *“Valorar, en colaboración coa Coordinación de Prácticum de Titulación, as solicitudes de realización do Prácticum fóra de Lugo cidade”* pola súa falta de operatividade e xa non aparece no Protocolo.
- Eliminación do seguinte parágrafo: *“O profesorado supervisor dos Prácticum deberá mostrar a súa capacitación no desenvolvemento das tarefas correspondentes, e, de non ser así, instarase aos departamentos implicados a que muden a asunción do desempeño das funcións de supervisión ao profesorado afectado”*. Dadas as características da distribución o POD nos departamentos, este texto non ten sentido.
- Aportación da función do alumnado incluído pola CXP: *“Solicitud, no curso académico no que se vaia desenvolver a fase de estadía, do Certificado Negativo de Delitos de Natureza Sexual (CNDNS) segundo o procedemento que se estableza por parte da USC/centro universitario”*.
- Inclusión dun parágrafo explicativo, no apartado *“papel dos centros educativos e a súa relación coa Facultade”* no que se estableza que, en virtude do convenio que temos asinado coa Consellería de Política Social e outras entidades de Educación Infantil que imparten ensinanzas no primeiro ciclo desta etapa (0-3 anos), poderán exercer a tutela do alumnado de prácticas do Grao de Educación Infantil e Dobre Grao os Técnicos Superiores de Educación Infantil e/ou Educadores/as que desenvolvan o seu labor en centros pertencentes á citada Consellería ou centros con características análogas a estes

(Escolas de Infantil Municipais, Escolas Infantís de carácter privado, Casas Niño, etc.).

- Axuste das porcentaxes de implicación das áreas no Prácticum por parte da CXP, para que o total dea o 100% nos casos nos que sexa necesario.
- Constancia da carga horaria e recoñecemento de horas docentes no Prácticum: 2 horas por alumno/a.
- Aprobación da duración xeral das reunións a celebrar entre o profesorado supervisor e o alumnado supervisado (1 hora e 30 minutos), axustándose esta ao número de alumnos/as e labor do supervisor/a, etc.
- Aprobación da regra relativa á imposibilidade de que o alumnado acuda aos centros colaboradores a solicitar praza. Se algún alumno/a incumpre esta norma, non se lle deixará acudir a ese centro de prácticas da súa preferencia.
- Engádese aclaración respecto da asistencia ás sesións presenciais na Facultade, tanto coa CXP como co profesorado supervisor.
- Engádese unha nova casuística ao *Prácticum reducido* que se recoñece no Prácticum II do Grao de Ed. Primaria, e resolucións oportunas: alumnado que non superou o PIII da 1ª edición do Grao en Primaria e, por cambio de edición no momento de matriculación, deba cursar o PII da 2ª edición.
- Eliminación de recomendacións xa acadadas.
- Engádense novas recomendacións a lograr a curto, medio e longo prazo.

## 5. Outros asuntos de trámite.

Infórmase á Comisión da realización da **charla** (xa contratada e sufragada) de **Luís Abel Taboada**, mestre de Ed. Primaria, para o conxunto do alumnado de Prácticum II (GMEI, GMEP, DG), sobre o “Proxecto de Bana”. Levarase a cabo o 13 de maio de 11 h. a 13 h.

Avisarase ao alumnado a través das aulas virtuais e instarase a que haxa alumnado con presencialidade física no Salón de Actos a petición expresa do relator, sendo retransmitido tamén vía Teams.

Acerca da **Xornada Formativa para Tutores/as de Prácticas**, enmarcarase dentro do convenio formativo asinado entre a USC (xestión por parte do CeTA) e da Consellería de Educación. Polo tanto, tería a homologación por parte da Administración para os asistentes.

En Lugo, a 28 de abril de 2021

21/05/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 005/21	Data: 21/05/2021	Convocatoria: 18/05/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

**1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.**

Apróbase por unanimidade deixar sen efecto o acordo da Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS na materia de Prácticum e TFG.

Lugo, a 21 de maio de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

**V. Reunión sobre o TFG**



12/11/2020



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 004/20 Aprobada: 25/11/2020	Data: 12/11/2020	Convocatoria: 09/11/2020	Hora: 17-30-19:30h Lugar: Virtual/Teams
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Dna. Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Dn. Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Dn. Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Dna. Eva M<sup>a</sup> Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Dn. Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Dna. Eva Comesaña Rodríguez; Representante do alumnado</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  <i>1.- Perfil de idioma no TFG</i>  <i>2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.</i>  <i>3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.</i>  <i>4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.</i>  <i>5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum I</i>	
Desculpan asistencia: <ul style="list-style-type: none"><li>- Dn. Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li></ul>			

ASUNTOS:

### ***1.- Perfil de idioma no TFG***

Debátese sobre o programa Competentes. O programa busca acadar e acreditar, por parte do alumnado, competencias en lingua galega e lingua castelá. Está impulsado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade sendo coordinado polo Prf. Candia Durán que é convidado á primeira parte da xuntanza. Logo de reflexionar sobre a importancia ou non de vincular o programa Competentes ás materias de TFG e Prácticum e entendendo que pode redundar na mellora das competencias e dominios comunicativos do alumnado, acórdase:

*Adscribir, de cara ao vindeiro curso 2021/2022, o programa Competentes nas materias de TFG e de Prácticum. A adscripción considerarase a título persoal por parte do profesorado que o solicite e para a lingua de perfil que este indique e non suporá ningunha obriga nin para o titor/a nin para o alumnado. Esta adscripción por parte do profesorado será recollida e transmitida ao alumnado, xunto coa comunicación das liñas de traballo preferenciais dos distintos docentes, con carácter informativo, de feito que a adscripción non suporá, en ningún caso, unha imposición da lingua na que debe ser redactado o traballo.*

### **2.- Posibilidade sobre o cambio na temática do traballo.**

Debátese sobre a posibilidade de que o alumnado poida axustarse ou non á temática de traballo preferente do/a seu/súa titor/a. Ao respecto, acórdase:

*Debido ao volume tan grande de alumnado matriculado cada ano no TFG a asignación por nota media do expediente á liña temática proposta polos titores/as non pode ser interpretado de forma estrita. Terá preferencia a área de coñecemento sobre a liña temática. Polo tanto, priorízase a área de coñecemento antes das liñas temáticas na escolla do alumnado sobre o tema do seu TFG. No caso máis particular de que a/o alumna/o queira desenvolver o seu TFG nunha temática que non se corresponda coa área de coñecemento do titor/a asignado/a, este/a poderá acollerse a que o TFG sexa directamente avaliado por tribunal.*

### **3.- Posibilidade de cambio no formato do traballo.**

Debátese sobre os diversos formatos que pode ter un TFG. Na Guía docente da materia recóllese que “O TFG pode responder a diferentes modalidades: a) actualización, crítica e reflexión bibliográfica sobre un tema concreto; b) proxecto de investigación; c) proxecto de innovación educativa; d) proxecto de intervención educativa; e) investigación de base, etc. É tamén posible combinar varias destas modalidades.” Dado que o TFG supón a elaboración por parte do alumnado dun traballo orixinal, enténdese que o alumnado pode escoller entre os diferentes formatos recollidos na guía docente e, ante o suposto de poder realizar o TFG nun formato diferente, e tal e como se indica na Guía docente “De xeito excepcional, no caso de propostas especialmente creativas (expresión plástica, expresión musical, literatura infantil, etc.), o TFG poderá adoptar un formato que non se axuste exactamente ao indicado no parágrafo anterior, sempre que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.” acórdase:

*Sempre que o alumno/a o solicite debidamente poderá acollerse a un formato diferente dos recollidos na Guía docente do TFG. No suposto de solicitalo o docente ten a liberdade de aceptalo ou non en función do interese da proposta, no suposto de que a Comisión de Prácticum e TFG autorice dito formato.*

### **4.- Prácticum: Caso de Favio Zúñiga Rojas e Belen García Verdes.**

#### **CASO DE FAVIO ZÚÑIGA ROJAS**

Atendendo á progresión dos feitos acaecidos na materia de Prácticum I do Grao de Mestre/a de Educación Primaria en relación co alumno Favio Zúñiga Rojas, a Comisión

de Prácticum e TFG resolve denegarlle o seu dereito a acudir ao centro e retomar as súas prácticas por incumprimento da normativa da materia de Prácticum no que respecta ás ausencias e faltas de asistencia. Trátase, pois, dunha ausencia do alumno non notificada nin xustificada seguindo os debidos cauces.

En calquera materia universitaria e, máxime, na materia de Prácticum un alumno debe avisar sempre das súas ausencias no centro de prácticas, tanto ao supervisor/a da Facultade como ao seu titor/a de prácticas, coa obriga de xustificalas debidamente. Este asunto, ademais, toma un cariz moito máis grave dadas as actuais circunstancias de pandemia por mor da COVID-19, existindo un procedemento sanitario e académico que o alumno debe cumprir se está en contacto (ou sospeita ter estado en contacto) cunha persoa positiva.

### BELÉN GARCÍA VERDES

Alumna do 3º curso do Grao de Infantil. Por problemas non se dou incorporado no Prácticum: problemas coa sinatura do convenio co Colexio, logo positivo por Covid-19 da nai, finalmente positivo por Covid-19 da alumna, durou co positivo case 3 semanas. Atendendo aos feitos e considerando que ditas incidencias foron comunicadas sempre de forma oportuna pola alumna, quen tamén se amosou en disposición permanente de continuar o traballo na medida das posibilidades, acórdase que se incorpore no colexio canto antes e solicite ampliación de horario de 5 a 8h con xornada partida nas 2 semanas que quedan e xa en decembro nos días que non teña clases siga completando as horas do Prácticum-1. Sempre coa autorización do colexio.

### ***5.- Solicitudes feitas sobre o Prácticum***

- A Coordinadora Xeral de Prácticum solicita á Comisión poder aprobar “de oficio” aquelas solicitudes que faga o alumnado de Prácticum das que xa se teña algún precedente.

Apróbase esta petición feita pola Coordinadora.

- **MARÍA ELENA LOBEIRAS LÓPEZ:** alumna do Grao de Educación Primaria, solicita realizar as prácticas no centro educativo no que traballa, co obxectivo de non romper os “grupos burbulla” establecidos no centro e por motivos de conciliación familiar (a este centro acude a súa filla de 3 anos).

Denégase a súa solicitude por incumprir a normativa establecida para o Prácticum, concretamente nos artigos 15 e 16 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da USC

([https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento\\_Practicas\\_Academicas\\_Externas\\_USC.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ffp/descargas/Regulamento_Practicas_Academicas_Externas_USC.pdf)).

Por outra banda, infórmase á alumna de que existe un proceso de recoñecemento de experiencia profesional (convalidación de prácticas) como posible alternativa e solución á situación que esta expresa na súa solicitude. Pode informarse deste proceso, igualmente recollido no artigo 28 do Regulamento anteriormente citado, a través da Oficina de Información ao Estudante da USC para comprobar que requirimentos precisa.

- LAURA PONCE LEIRA: alumna do grao de Educación Primaria que solicita realizar as prácticas no centro onde a súa nai exerce como persoal docente, garantindo que este feito non interferiría na súa estadia xa que a alumna desenvolvería as prácticas no primeiro / terceiro ciclos da etapa e que a súa nai exerce no segundo ciclo de Primaria, non compartindo entradas, nin recreos, nin saídas, por mor da COVID.

A Comisión de Prácticum e TFG resolve denegar a solicitude á alumna Laura Ponce Leira xa que a normativa sobre o Prácticum establece claramente a imposibilidade de realización de prácticas en centros nos que traballe un familiar de primeiro e/ou segundo grao de consanguinidade. Desta normativa foi informado o alumnado nas sesións informativas ao respecto.

- SANDRA CEDRÓN PASARÍN: a alumna solicita a redución dunha hora de estadia de prácticas ao día (saír ás 13.00 h.) para poder acudir ao seu posto de traballo, cuxa xornada laboral se inicia ás 14.30 h. A alumna expresa, ademais, que no seu emprego lle solicitan entrar ás 14.15 para facer tarefas de desinfección, polo que se reduce en 15 minutos o tempo dispoñible para facer o traxecto.

Resólvese concederlle esta redución na carga horaria diaria, isto é, que poida saír do centro de prácticas ás 13.00 h sempre e cando a alumna poida recuperar as horas que se lle reducen. A este respecto, a Coordinadora Xeral de Prácticum establece a necesidade de que a alumna inicie a fase de estadia antes do sinalado no calendario oficial. Así mesmo, dende a Coordinación se van realizar os cálculos pertinentes de horas que tería que recuperar e establecerá os contactos oportunos co centro de prácticas da alumna para informar desta situación.

- JÉSSICA MOLEDO BLANCO: solicita que a Comisión lle permita realizar o Prácticum II na Asociación Socioeducativa Bosqueko (situada en Gran Canaria), unha escola homologada na etapa de Infantil pola Consellería de Educación Canaria e cunha pedagogía baseada na natureza.

A Comisión de Prácticum e TFG acorda aprobar a solicitude da alumna Jéssica Moledo Blanco, establecendo que ten que ser a alumna quen se encargue de solicitar a admisión neste centro de prácticas e costearse a súa viaxe ao lugar no que se sitúa o centro de prácticas ao que desexa acudir, sen prexuízo daqueles trámites que deba realizar a Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade.

Lugo, a 16 de novembro de 2020



Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

21/05/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 005/21	Data: 21/05/2021	Convocatoria: 18/05/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Eva Mª Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

**1.- Aprobación, se procede, para deixar sen efecto o acordo tomado na Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS nas materias de Prácticum e TFG da Facultade de Formación do Profesorado.**

Apróbbase por unanimidade deixar sen efecto o acordo da Comisión de Prácticum e TFG de data 12/11/2020, no que se acordou adscribir de cara ao vindeiro curso 2021/2022 o programa CompetenteS na materia de Prácticum e TFG.

Lugo, a 21 de maio de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

09/06/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 007/21	Data: 09/06/2021	Convocatoria: 04/06/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Eva M<sup>a</sup> Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li><li>- Fátima Fernández García; Representante do alumnado</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano	
Desculpan asistencia:		ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  ORDE DO DÍA: 1. Aprobación, se procede, para autorizar a D. Francisco Javier Fernández Eiros, con DNI: 33.997.570-M, alumno Curso Ponte do Grado de Primaria, a un cambio de titor de TFG.	

ASUNTOS:

**1.- Aprobación, se procede, para autorizar a D. Francisco Javier Fernández Eiros, con DNI: 33.997.570-M, alumno Curso Ponte do Grado de Primaria, a un cambio de titor de TFG.**

Apróbase por unanimidade a solicitude que Francisco Javier Fernández Eiros solicitando o cambio de titor do seu TFG.

Lugo, a 09 de xuño de 2021

Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

16/06/2021



FACULTADE DE FORMACIÓN  
DO PROFESORADO

<b>ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRÁCTICUM E TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>			
ACTA Nº: 008/21	Data: 16/06/2021	Convocatoria: 14/06/2021	Hora: 14:00h Lugar: Sala de Xuntas (Correo electrónico)
Asisten: <ul style="list-style-type: none"><li>- Paula López Rúa; Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao</li><li>- Rubén Navarro Patón; Coordinador TFG de Primaria</li><li>- Joaquín Lago Ballesteros; Coordinador TFG de Infantil</li><li>- Eva M<sup>a</sup> Barrera Cerqueiras Coordinadora xeral do Prácticum</li><li>- Pablo González Sequeiros; Coordinador do Prácticum de Primaria</li><li>- Pablo César Muñoz Carril. Coordinador do Título de Infantil</li><li>- Fátima Fernández García; Representante do alumnado</li></ul>		Preside a reunión Santiago López Gómez; Vicedecano  ASUNTOS TRATADOS (Orde do día):  ORDE DO DÍA: 1.- Aprobación, se procede, para autorizar ao alumno do Curso Ponte do Grao de Primaria Benjamín Fernández Ouvina, co DNI: 53488754T a realizar fora do prazo a solicitude de defensa do seu TFG, debido a un erro de forma na súa solicitude.	
Desculpan asistencia:			

ASUNTOS:

**1.- Aprobación, se procede, para autorizar ao alumno do Curso Ponte do Grao de Primaria Benjamín Fernández Ouvina, co DNI: 53488754T a realizar fora do prazo a solicitude de defensa do seu TFG, debido a un erro de forma na súa solicitude.**

Apróbase con 5 votos a favor e 2 abstencións autorizar a Benjamin Fernández Ouvina a defender o seu TFG na convocatoria de xuño de 2021.

Trasládase copia desta acta á xestora da Facultade.

Lugo, a 16 de xuño de 2021


Asdo.: Santiago López Gómez  
Presidente da Comisión de Prácticum e TFG

## **VI. Otras reuniones**



## ANEXOS

### 21/09/2020: Equipo Decanal, PDI e PAS da FFP. Sesión informativa sobre o inicio do curso 2020-2021 no escenario 2



The screenshot shows a Microsoft Teams meeting invitation. At the top, there is a blue header bar with icons for search, chat, notifications, settings, help, and a user profile picture. Below this is a light gray bar with navigation options: 'Mover a', 'Categorizar', 'Posponer', 'Deshacer', and a menu icon. The main content area displays the meeting details:

- Sesión Informativa sobre o Inicio do Curso 2020/2021 no Escenario 2** (with a calendar icon)
- Status: **✓ Sí** (with an 'Editar RSVP' button and a three-dot menu)
- Time: **Lun 21/09/2020, 'de' 17:30 a 18:30 Sin conflictos**
- Location: **Salón de Actos da FFP e Teams; Reunión de Teams**
- Organizer: **LOPEZ GOMEZ SANTIAGO en nombre de XUNTA DE FACULTADE. Facultade de Formación do Profesorado le ha invitado**
- Response: **Aceptados: 27, Rechazados: 2, 1 asistentes no han respondido**

Below the meeting details are two tabs: 'Mensajes' (selected) and 'Detalles de la reunión'. The messages section contains two entries:

- Usuario** ha aceptado la reunión. (Jue 17/09/2020 15:25)
- LOPEZ GOMEZ SANTIAGO en nombre de XUNTA DE FACULTADE. Facultade de Formación do Profesorado** ha enviado una convocatoria de reunión. Sesión informativa a todo o PDI e PAS da Facultade de Formación do Profesorado para o desenvolvemento do curso... (Jue 17/09/2020 15:05)

## RESUMO DA SESIÓN INFORMATIVA SOBRE O INICIO DE CURSO 2020/2021 NO ESCENARIO 2 NA FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase presencialmente e a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms TEAMS.

DATA: 21 de setembro de 2020

HORA DE COMEZO: 17:30 h.

HORA DE REMATE: 20:15 h.

### ASISTENTES

Virginia Aznar Cuadrado (Profesora Interina por Vacante)

Paloma Blanco Anaya (Profesora Contratada Doutora)

Vicente Blanco Mosquera (Profesor Contratado Doutor)

Francisco Xosé Candia Durán (Profesor Colaborador)

Andrés Domínguez Almansa (Profesor Contratado Doutor)

Isabel Fernández López (Profesora Contratada Doutora)

María José Fiuza Asorey (Profesora Contratada Doutora)

José Ángel García Suárez (Estudante)

Uxía Garrido Filgueira (Profesora Titular de Escola Universitaria)

César Gómez Pérez (Director Biblioteca)

Pablo González Sequeiros (Profesor Contratado Doutor)

Fernando Hervella Gómez (Conserxe)

María Lina Iglesias Forneiro (Profesora Titular de Universidade)

María Ángeles López de la Calle Sampedro (Profesora Titular de Escola Universitaria)

Santiago López Gómez (Profesor Contratado Doutor)

Paula López Rúa (Profesora Titular de Universidade)

Zoë-Raquel Monclús Quindós (Estudante)

Pablo César Muñoz Carril (Profesor Contratado Doutor)

Eugenio Manuel Otero Urtaza (Catedrático de Universidade)

Montserrat Pena Presas (Profesora Contratada Doutora)

Marta María Poncet Souto (Profesora Contratada Doutora)

Francisco Rodríguez Lestegás (Catedrático de Universidade)

María del Carmen Santos González (Profesora Contratada Doutora)

María Carmen Sarceda Gorgoso (Profesora Contratada Doutora)

José Ramón Veiga Alonso (Profesor Titular de Universidade)

M<sup>a</sup> del Mar Viña Rouco (Profesora Titular de Universidade)

Eva M. Barreira Cerqueiras (Profesora Axudante Doutora)

Luis Blanco Rivadulla (Auxiliar Arquivo, Biblioteca e Museo)

Pauline Blatt Mouricette Chritiane (Profesora Asociada)

Martázul Busto Núñez (Profesora Asociada)

José Agustín Candisano Mera (Profesor Asociado)

Miguel Cons Ferreiro (Profesor Asociado)

María del Mar De Santiago Pérez (Profesora Interina por Vacante)

Óscar Díaz Queizán (Profesor Asociado)

Jacobo Feas Vázquez (Profesor Contratado Doutor)

Xesús Ferreiro Núñez (Profesor Asociado)

María Isabel Diz Fombedilla (Profesora Asociada)  
Pablo García Marín (Profesor Axudante Doutor)  
Patricia Iglesias Souto (Profesora Axudante Doutora)  
Joaquín Lago Ballesteros (Profesor Axudante Doutor)  
Silvia López Gómez (Profesora Contratada Interina por Substitución)  
Juan Salvador López Outeiral (Profesor Asociado)  
Javier López Quintáns (Profesor Asociado)  
Sabela Carne Mallo López (Profesora Asociada)  
Miguel Martínez Quintanar (Profesor Asociado)  
María Lidia Platas Ferreiro (Profesora Asociada)  
Carlos Emilio Reigosa Castro (Profesor Asociado)  
María del Carmen Rodríguez Gacio (Profesora Contratada Doutora)  
Ana Rodríguez Groba (Profesora Axudante Doutora)  
María Dolores Rodríguez Vivero (Profesora Interina por Vacante)  
María José Romero Castro (Profesora Axudante Doutora)  
Javier Seijo Villamizar (Profesor Interino Substitución)  
Montserrat Souto Gómez (Profesora Colaboradora)  
David Varela Vázquez (Profesor Asociado)  
Teresa Susana Vázquez Regueiro (Profesora Asociada)

A decana agradece a presenza na sesión informativa sobre o Protocolo de Organización da Actividade Docente para o curso 2020-2021.

A decana explica que a finais de xullo é convocada a unha reunión co equipo reitoral na que se informa de que o curso comezará no escenario 1 con presencialidade total. O 1 de setembro é convocada a unha nova xuntanza co equipo reitoral, na que se comunica que o curso empezará no escenario 2.

A decana sinala que a partir dese momento o equipo decanal comeza un período de traballo intenso para adaptar, en quince días, o inicio de curso ao novo escenario. Tras unha análise da situación real da facultade en canto a número de alumnos/as, espazos despoñibles, materias, grupos... elabora o Protocolo de Organización da Actividade Docente para o curso 2020-2021.

A decana indica que o citado documento constituirá o marco regulador da organización da actividade docente na facultade.

A decana afirma que se trata dun documento aberto, pendente de concretar en función da realidade concreta de cada materia e do número de grupos asignados a cada unha. No caso de reaxustes de grupos nas materias, di que o profesorado deberá ter en conta os seguintes criterios: o cumprimento estrito das medidas de seguridade sanitarias e a procura da maior presencialidade. Sinala que é un documento en constante actualización, en función das modificacións dos protocolos que vai facendo a propia universidade.

A decana informa do envío do documento para a súa consulta, con antelación á Xunta de Facultade. Na mensaxe de correo indícase que as preguntas, dúbidas ou aclaracións se responderán no contexto da propia xuntanza.

A decana informa da recepción no decanato dun correo no que se sinalan dous erros que afectan a dúas materias da área de DOE, erros que xa foron amañados.

A continuación a decana abre unha rolda de intervencións para dúbidas e/ou aclaracións sobre o citado protocolo e sobre o inicio de curso en xeral.

Comeza unha rolda de intervencións para manifestar as seguintes dúbidas e aclaracións:

Dúbidas sobre a posibilidade de ocupar aulas baleiras. A resposta é que si, sempre que se poda manter a distancia de seguridade de 1,5 metros.

Dúbidas sobre a obrigatoriedade ou non de gravar as clases. A resposta é que non é obrigatorio. Dende o equipo decanal recoméndase a gravación e a retransmisión por streaming, pero a decana di que a decisión final de facelo ou non, será do profesor/a. Para o caso das sesións asíncronas nas que as clases non se retransmiten, o equipo decanal recomenda ao profesorado que teña o máis activas posible as aulas virtuais das materias.

Dúbidas sobre a seguridade das gravacións. Inquietanza amosada por algúns profesores/as polo feito de que poida haber algún alumno/a que faga un uso inadecuado das gravacións. Solicítase que na sesión informativa sobre o inicio de curso que van ter as coordinacións de curso co alumnado, se lle advirta de que, se por algún tipo de procedemento alguén descarga as sesións de clase e lles dá un uso inadecuado, se lle aplicará o procedemento sancionador oportuno. A decana fai referencia á Instrución 5/2020 enviada na disposición 3ª sobre emprego de medios telemáticos na actividade docente, e na que no punto 4 se especifica que a gravación non será de acceso aberto e só poderán acceder a ela a través da aula virtual ou do grupo de Teams o profesor da materia e/ou o alumnado matriculado na mesma. Alude tamén ao punto cinco no que se especifica que non está permitida a gravación por parte do estudantado e calquera outro uso das gravacións constituirá un delito.

Dúbidas sobre a marcaxe do profesorado na plataforma Évalos: pregúntase se este curso, e dada a situación, é obrigatorio ou non facer a marcaxe e, de ter que facela, se se pode facer dende o despacho. A resposta da decana, seguindo as indicacións de xerencia, é que si hai que fichar. A recomendación do decanato é facer a marcaxe na aula mentras o alumnado fai o rexistro sanitario, pero a decana di que a decisión é de cada profesor/a.

Dúbidas sobre o rexistro sanitario do alumnado:

- Como se rexistra o alumnado no laboratorio no caso, frecuente, de que a wifi non chegue a este espazo e non todo o alumnado teña datos móbiles. A proposta do equipo decanal é que o alumnado se rexistre un pouco antes de entrar, nunha zona na que teña cobertura.
- Como se rexistra o alumnado nas saídas. A proposta do equipo decanal é facer un documento de forms para que o alumnado, mediante un código QR, acceda á plataforma e cubra o posto que ocupa no autobús na opción "saídas" que se habilite para tal efecto.
- Como facer o rexistro sanitario no pavillón, onde non chega a wifi. A proposta do equipo decanal é que o alumnado faga o rexistro antes de acceder a este espazo. Solicítase ao decanato que se asegure de que o pavillón consta como espazo na Secretaría Virtual.
- Sobre o uso do rexistro sanitario con fins académicos, concretamente como medio de control de asistencia. A decana indica que está totalmente prohibido. O rexistro COVID do alumnado non pode servir como documento de control de asistencia, o profesor/a debe establecer outros procedementos. Aclara que o rexistro COVID só ten fins sanitarios.
- Como facer o rexistro sanitario o alumnado que aínda non está matriculado. A delegada COVID da facultade, a profesora Marta María Poncet Souto informa de que o alumnado

que aínda non está matriculado pode facer o rexistro sanitario utilizando a dirección de correo electrónico habilitada por xerencia para tal efecto.

Dúbdas sobre o número de persoas permitidas nas saídas ao aire libre. Os grupos serán de 25 alumnos/as (profesor/a incluído) no caso de que haxa máis alumnado, haberá que facer máis grupos e manter entre eles, a distancia de seguridade de 1,5 metros.

Dúbdas das coordinacións de curso sobre o protocolo de cambio de grupo para o curso 2020-2021.

- Pregunta sobre se o prazo de catro días que está fixado para que a alumna/o solicite cambios, é de catro días naturais e se inclúe o propio día da realización da sesión informativa sobre o inicio de curso. A resposta da decana é afirmativa. O equipo decanal recomenda que este curso 2020-2021 haxa os menos cambios posibles e que así se lle comunique ao alumnado na sesión informativa.
- Se a solicitude de cambio de grupo é puntual, por exemplo por mor dunha cita médica, se se podería conceder ou non. A resposta da decana é que si, sempre que haxa un sitio baleiro.

Dende o decanato insístese en que os grupos, por razóns de seguridade sanitaria, sempre deberán estar compensados. Solicítase que este curso 20-21, o número de cambios de grupo se reduzan. No caso excepcional de cambio de grupo, se quedan compensados en canto número de alumnado non habería problema e menos se o cambio é con permuta.

Dúbdas do profesorado da área de expresión corporal:

- Sobre a posibilidade de contar ou non co pavillón nunhas condicións hixiénico-sanitarias acaídas. A decana responde que a situación do pavillón, con fotografías incluídas, fora trasladada había uns días á vicerreitora do Campus de Lugo. A decana concorda en que na situación actual non se poden impartir aulas nese espazo. A decana comprométese a seguir traballando nun tema no que leva pelexando moito tempo e sen resultados.
- Sobre a desinfección do pavillón e dos materiais. En relación ao tema da desinfección, a decana propón facer unha xuntanza do equipo decanal co profesorado da área de expresión corporal para elaborar un protocolo especial para o uso do pavillón. A decana di que o que parece claro é que o alumnado ten a obriga de responsabilizarse individualmente da desinfección do material que vaia a usar.
- Sobre o uso das máscaras nas materias que piden actividade física. Solicítase ao decanato que traslade ás instancias oportunas a necesidade de máis máscaras debido a que se humedecen e hai que repoñelas antes de ir a outra clase.

Dúbdas do profesorado sobre as titorías para o curso 2020-2021. Dende o decanato aconséllase que as titorías sexan virtuais, de seren presenciais serán con cita previa e de xeito individual. A decana solicita ao profesorado que tome nota dos datos da alumna/o que acude a titorías e que apunte a data, a efectos dun necesario rastrexo sanitario.

Dúbdas sobre a ventilación das aulas. Inquedanza por ter que manter portas e fiestras abertas no meses de frío inverno e, nas horas que coinciden coa saída ao recreo dos nenos do CEIP Anexa. A decana apela ao sentido común do profesorado.

Dúbida sobre o procedemento que se seguirá cando unha alumna/o sexa positiva/o. A decana explica o procedemento e di que está escrito no protocolo sanitario da USC e que se pode consultar na páxina web da institución, e tamén na páxina web da facultade. A decana sinala que estes protocolos foron enviados polas respectivas coordinacións de título a todo o alumnado do centro. A decana pide ás coordinadoras/es de curso que na sesión informativa sobre a organización do curso que van ter co alumnado, lembren ao estudiantado a existencia destes documentos. A delegada Covid da facultade, a profesora Marta María Poncet Souto, lembra que nas distintas zonas da facultade hai carteis indicativos sobre como proceder. A profesora Poncet Souto ofrécese a enviar á alumna o *Protocolo para a Xestión de Casos COVID19 na USC* para que o faga chegar aos seus compañeiros/as por whatsapp, e asegurar que o reciben dun xeito máis directo. A profesora Marta María Poncet Souto aproveita para recomendar a lectura detida dos protocolos, tanto por parte do alumnado como por parte do profesorado. Recorda aos docentes que o alumnado ten dereito a seguir coa docencia no caso de estar confinado, polos medios que estableza o profesor/a. A decana pide ao profesorado flexibilidade coa situación deste alumnado.

Non habendo máis preguntas nin dúbidas que resolver, a decana dá por finalizada a sesión.

A secretaria

Marta M<sup>o</sup> Poncet Souto

## 01/06/21 REUNIÓN COORDINACIÓN TERCEIRO PRIMARIA

## Foro para Profesorado

## Reunión de coordinación fin de curso

 Axustes ▾[← Recordatorio revisión materias curso 21-22](#)

Presentar respuestas de forma anañada

Mover este debate a ...

Mover

**Reunión de coordinación fin de curso**por [Virginia Aznar Cuadrado](#) - Tuesday, 1 de June de 2021, 20:33

Estimados/as docentes:

A elaboración dos informes finais de curso vai ser nos vindeiros días, e aproveito estas datas para facer a derradeira **reunión de coordinación** deste curso. Dada a carga de traballo deste final de semestre, vai a ser unha consulta a través deste foro e do correo electrónico para recoller información sobre a marcha do curso e sobre posibles incidencias acaecidas.

Este ano, a participación do alumnado de 3º Primaria nas enquisas de satisfacción da Facultade foi moi baixa, ata agora só un 10% aproximadamente. E o máis salientable dos comentarios que fixeron esta minoría era en relación coa "excesiva carga de traballos" que tiveron nas materia deste segundo semestre.

Agradecería que enviádeses os vosos comentarios a este foro e/ou ao meu correo electrónico ([virginia.aznar@usc.es](mailto:virginia.aznar@usc.es)). A data límite para facer as vosas achegas é o vindeiro **venres 11 de xuño ás 14:00 h.**, para que me dea tempo de facer o informe correspondente.

Moitas grazas pola vosa colaboración e moito ánimo.

Un saúdo,

Virginia Aznar.

## ANEXOS

### 11-14/06/21 REUNIÓN COORDINACION SEGUNDO PRIMARIA E DOBRE GRAO

#### comentarios-Informe final do 2º curso (Primaria e dobre grao)



ROMERO CASTRO MARIA JOSE

Vie 11/06/2021 13:04

Para: SANTOS GONZALEZ MARIA CARMEN; BLANCO MOSQUERA VICENTE; LOPEZ RUA PAULA; BLATT PAULINE MAURICETTE CHRISTIANE y 10 más



Bos días,

en vistas de que estamos rematando o curso, estou recopilando información para incluír no Informe final de coordinación do 2º curso (Ed. Primaria e Dobre grao), cuxos contidos se comentarán na próxima Xunta de facultade. Se desexades aportar algún comentario sobre a marcha do curso ou informarme dalgunha incidencia para incluíla tamén no Informe final, agradeceríavos que me trasladádeses as vosas aportacións en resposta a este correo antes do próximo **Luns 14 de xuño**, ás 14:00 h.

En canto á información que recollín por parte do alumnado sobre a marcha do curso, coméntovos o seguinte:

- **Incidencias:** contactei cos representantes do 2º curso (Ed. Primaria) tanto ao inicio como ao remate de ambos semestres. Non me informaron de ningunha incidencia. O alumnado do 2º curso do Dobre grao decidiu non elixir representantes.

- **Resultados das enquisas de coordinación:** en maio proporcionóuselle ao alumnado un enlace á enquisa de satisfacción sobre a marcha das materias do 2º curso, a través das aulas de coordinación. A participación do alumnado nas enquisas foi bastante baixa:

a) Enquisa-2º curso Ed. Primaria (**21 participantes**): a maioría dos participantes amósanse satisfeitos cos distintos ítems da enquisa. Deixaron poucos comentarios, nos cales expresaron certo descontento cos seguintes ítems: o número de alumnos (indican que nas interactivas hai moito alumnado), os horarios lectivos (clases en liña e presenciais consecutivas), a carga de traballo, e o número de traballos (datas de entrega das distintas materias moi seguidas).

b) Enquisa- Dobre grao (**4 participantes**): a participación foi escasa; en xeral os participantes están satisfeitos coa maioría dos ítems. Os ítems peor valorados foron: a carga de traballo e os horarios lectivos (irregulares, clases en liña e presenciais consecutivas).

Gracias pola vosa colaboración,

María

Dr. María José Romero Castro  
Profesora Ayudante Doctora  
Coordinadora de 2º curso en Grado Maestro/a de Ed. Primaria y Doble grado  
Departamento de Didácticas Aplicadas  
Área de Didáctica de las Ciencias Experimentales  
Facultad de Formación del Profesorado  
Universidade de Santiago de Compostela



## ANEXOS

### 8-14/06/21 REUNIÓN COORDINACIÓN PRIMEIRO PRIMARIA

Convocatoria xuntanza coordinación

3

De: CAMPOS MAGDALENO MARIA <maria.campos@usc.es>

Enviado: martes, 8 de junio de 2021 22:53

Para: PONCET SOUTO MARTA MARIA <martamaria.poncet@usc.es>; SEIJO VILLAMIZAR JAVIER <javierseijo.villamizar@usc.es>; FIUZA ASOREY MARIA JOSE <maria.fiuza@usc.es>; VEIGA ALONSO JOSE RAMON <xoseramon.veiga@usc.es>; FERRANDEZ FORMOSO RAQUEL <raquel.ferrandez.formoso@usc.es>; CANDIA DURAN FRANCISCO XOSE <francisco.candia@usc.es>; DIAZ QUEIZAN OSCAR <oscar.queizan@usc.es>; SARCEDA GORGOSO CARMEN <carmen.sarceda@usc.es>; BUGALLO CARRERA CÉSAR <cesar.bugallo.carrera@usc.es>; FERNANDEZ LOPEZ ISABEL <isabel.fernandez@usc.es>; ENRIQUEZ MARTINEZ IVAN <ivan.enriquez.martinez@usc.es>; MUÑOZ CARRIL PABLO CESAR <pablocesar.munoz@usc.es>; GARRIDO FILGUEIRA UXIA <uxia.garrido@usc.es>; CALDEIRO PEDREIRA M<sup>a</sup> CARMEN <mcarmen.caldeiro@usc.es>; GARCIA MARIN PABLO <pablo.garcia@usc.es>

Asunto: Convocatoria xuntanza coordinación

Prezadas compañeiras,  
Prezados compañeiros,

Prácese convocarvos a xuntanza de coordinación do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Esta reunión celebrarase de forma **virtual, mediante resposta por correo electrónico**, quedando convocada para luns ás 12h e levantando acta ás 12,30h. Dacordo co Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC, remitirase a acta a través de medios electrónicos para a súa aprobación na mesma reunión, a través da manifestación de conformidade ou reparos ao texto.

Adxunto a convocatoria:

-----

Lugar: Facultade de Formación de Profesorado (reunión virtual por correo electrónico).

Data: 14 de xuño (convocatoria enviada o 9 de xuño de 2021).

Hora de inicio: 12:00h.

Hora de remate: 12:30h.

ORDE DO DÍA:

1. Informe sobre actividades transversais, prácticas de campo e prácticas desenvoltas durante o curso (ver Documento 1).
2. Informe sobre os resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado (ver documento 2).
3. Suxestións, demandas e/ou queixas de profesorado/alumnado.
4. Resumo das reunións e/ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado (ver documento 4).
5. Rolda aberta de intervencións.
6. Aprobación da acta desta reunión.

-----

Sendo unha xuntanza virtual a través de correo electrónico, non se realizará ningunha videochamada. Agardo resposta de todos e todas vós a partir deste momento con respecto dos puntos da orde do día, **especialmente do 3 e 5. Prégovos premades na opción "respostar a todos" para facer as observacións pertinentes, ou ben indicando que non se desexa facer observacións.** O luns 14, aproximadamente ás 12,30h, remitirei acta da xuntanza solicitando a vosa aprobación.

Quedo a vosa disposición, saúdos cordiais.

## ANEXOS

### 9-14/06/21 REUNIÓN COORDINACIÓN CUARTO PRIMARIA E DOBRE GRAO

Convocatoria reunión de coordinación de cuarto curso de primaria: procedemento e documentación

7+



LOPEZ RUA PAULA

Mié 09/06/2021 8:24

Para: RODRIGUEZ LESTEGAS FRANCISCO; MALLO LOPEZ SABELA CARMÉ; GARRIDO FILGUEIRA UXIA; BARREIRA CERQUEIRAS EVA MARIA; REIGOSA CASTRO CARLOS EMILIO y 9 más



2 archivos adjuntos (207 KB) Descargar todo Guardar todo en OneDrive - Universidade de Santiago de Compostela

Bo día: tendo en conta que xa estamos a piques de finalizar o curso, e antes de que se convoque a xunta de facultade (prevista para a vindeira semana), na que se comentará a marcha dos diferentes cursos, imos organizar unha reunión virtual para comentar calquera incidencia ou observación que queirades que achegue no informe do curso, que á súa vez se reflectirá no informe da titulación. A reunión será virtual, mediante resposta por correo electrónico, convocarase hoxe e celebrarse o luns 14 ás 10:00h, levantándose acta ás 10:30. A acta aprobarase na mesma reunión, e **enviarase para a vosa aprobación** de acordo co Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC, que establece que

"A acta de cada sesión poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte. O secretario elaborará a acta co visto e praxe do presidente e remitirá a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto a efectos da súa aprobación considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma ou na seguinte reunión"

Adxunto a continuación a convocatoria.

#### CONVOCATORIA REUNIÓN DE COORDINACION DE CUARTO CURSO DE PRIMARIA

**LUGAR:** Facultade de Formación do Profesorado (Reunión virtual por correo-e)

**DATA:** 14 de xuño de 2021 (Convocatoria enviada o 9 de xuño de 2021)

**HORA DE INICIO:** 10:00h

**HORA DE REMATE:** 10:30h

#### ORDE DO DÍA:

1. Informe sobre as enquisas de coordinación de curso 2020-2021 (adxúntase documento)
2. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado (adxúntase documento)
3. Rolda aberta de intervencións sobre a marcha do curso 2020-2021, os resultados das enquisas, e comentarios sobre incidencias
4. Aprobación da acta da reunión

**PRÉGASE SE RESPONDE A ESTE CORREO ELECTRÓNICO COA OPCIÓN "RESPONDER A TODOS" INDICANDO CALQUERA OBSERVACIÓN QUE SE DESEXE FACER PARA QUE CONSTE NO PUNTO 3 (OU QUE NON SE DESEXA FACER OBSERVACIÓN)**

Moitas grazas. Saúdos cordiais,

## ANEXOS



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

ADDENDA ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria do  
curso 2020-2021

---

**Documento elaborado por Alexandre Sotelino Losada (Coordinador do  
título de Grao en Mestre/a en Educación Primaria )**

## **CONTIDOS ADDENDA**

Limiar

Datos do Grao

1. Revisión de Programas
2. Adaptación da programación docente
3. Adaptación Prácticum II (1º e 2ª Edición) e TFG
4. Anexos
  - a. Materias do Doble Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria que son impartidas no Plan de Estudos do Grao de Mestre en Educación Primaria.

## Limiar

No segundo semestre do curso 2019-2020, e debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19, cos correspondentes decretos de Emerxencia (Xunta de Galicia) e Estado de Alarma (Goberno de España), suspendeuse o ensino presencial dende o 14 de marzo de 2020. Esta anómala situación supuxo que desde os Decanatos e as Coordinacións de título se tivesen que adaptar as actividades académicas. Dado que a problemática tivo continuidade no curso 2020-2021 tamén tiveron que tomarse diferentes medidas para promover unha docencia con modalidade semipresencial, e onde as materias puideran adaptarse en función do avance da COVID-19. Estes cambios e actuacións recóllense nunha serie de accións de mellora executadas durante o curso 2019-20, e tamén no 2020-2021, xunto con outro tipo de iniciativas e actividades que contribuíron ao desenvolvemento da docencia sen incidencias destacables e das que daremos conta de xeito complementario na presente addenda.

## Datos do Grao

Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"><li>• Atención á Diversidade (FCE-Santiago)</li><li>• Educación Musical (FCE-Santiago)</li><li>• Lingua estranxeira: inglés (FCE-Santiago)</li><li>• Audición e Linguaxe (FFP-Lugo)</li><li>• Educación Física (FFP-Lugo)</li><li>• Dirección e Xestión de Centros (FFP-Lugo)</li></ul>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011

NOTA: No Grao de Mestre/a en Educación Primaria e no Grao de Mestre/a en Educación Infantil hai materias que corresponden ao Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria. As citadas materias aparecen indicadas nunha táboa no ANEXO I para que podan ser facilmente indentificadas. En todo caso, as adaptacións feitas son válidas para Grao e Dobre Grao.

## 1. Revisión de programas

Desde a coordinación do Grao, e colaboración coas coordinacións de curso, realizouse unha pormenorizada revisións dos programas para que cumprisen a normativa vixente. Este proceso fíxose en diferentes fases, xa que logo dunha primeira revisións instábase ao profesorado a modificar ou subsanar aquelas faltas/erros que puidese haber nos documentos. Asemade, colaborouse no asesoramento e acompañamento dalgún profesorado que tiña dificultades na introducción e modificación de apartados. Cabe sinalar que no curso 2020-2021 fíxose bastante fincapé naquelas cuestión que tiñan que ver coa dispensa da docencia e coa inclusión dun plan de continxencia (tanto para a metodoloxía como para a avaliación).

### PRIMEIRO CURSO

Coordinadora de curso: Eva María Taboada Ares

CODIGO	NOME	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA	INCLÚE COMPETENCIAS TITULACIÓN ÁS QUE CONTRIBÚE A MATERIA	SISTEMA AVALIACIÓN BEN ESPECIFICADO E CONCRETO	SINALA PROCEDEMENTO EN CASO DE EXENCIÓN DE DOCENCIA E DISPENSA DE ASISTENCIA	OUTRAS OBSERVACIÓNS (Revisar se indica Plan de Continxencia COVID-19)
G3141101	Socioloxía da Educación	Si	Si	Si	Si	Si
G3141102	Infancia, Familia e Escola	Si	Si	Si	Si	Si
G3141103	Teoría e Historia da Educación escolar	Si	Si	Si	Si	Si
G3141104	Didáctica e Tarefas Docentes	Si	Si	Si	Si	Si
G3141105	Psicoloxía da Educación	Si. No separa	Si	Si	Si	Si
G3141106	Psicoloxía do desenvolvemento (6-12 anos)	Si	Si	Si	Si	Si
G3141107	Dificultades da aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento	Si	Si	Si	Si	Si

G3141108	Escola, comunidade ética	Si	Si	Si	Si	Si
G3141120	Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües	Si. No separa			Si	Si
G3141121	Ensinanza e aprendizaxe da aritmética	Si	Si	Si	Si	Si
G3141122	Fundamentos da educación física	Si	Si	Si	Si	Si

### SEGUNDO CURSO

Coordinador: José Carlos Macía Arce

CODIGO	NOME	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA	INCLÚE COMPETENCIAS TITULACIÓN ÁS QUE CONTRIBÚE A MATERIA	SISTEMA AVALIACIÓN BEN ESPECIFICADO E CONCRETO	SINALA PROCEDEMENTO EN CASO DE EXENCIÓN DE DOCENCIA E DISPENSA DE ASISTENCIA	OUTRAS OBSERVACIÓNS (Revisar se indica Plan de Continxencia COVID-19)
G3141201	Organización e Xestión do Centro Escolar	SI	SI	SI	SI	SI
G3141202	Deseño, Desenvolvemento e Innovación Curricular	SI	SI	SI	SI	SI
G3141121	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética	SI	SI	SI	SI	SI Repite un parágrafo que xa está recollido no sistema de avaliación.
G3141222	Educación Visual e Plástica I: Contextos e	SI	SI,	SI	SI	SI. Recollen de novo a exención de docencia.



	Metodoloxía Artística					
G3141223	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés)	SI, pero non diferenza entre bibliografía básica e complementaria.	SI	SI	SI	SI
G3141224	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Francés)	SI, pero na básica ten 7 referencias.	SI	SI	SI	SI
G3141226	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I	SI	SI	SI	SI	SI
G3141228	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I	SI	SI	SI	SI	SI
G3141229	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Alemán)					
G3141230	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Portugués)	SI, diferenza entre obras de consulta e recomendada.	SI	SI	SI, concretamente pon: “No caso de alumnos exentos de asistencia presenza, o profesor habilitará recursos de avaliación alternativos.”	SI

G3141327	Didáctica da Educación Física	SI	SI	SI	SI	SI
G3141328	Música na Educación Primaria	SI	SI	SI	SI	SI (neste apartado tamén fai referencia sobre a dispensa de asistencia).
G3141422	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Castelás	SI	SI	SI	SI	SI

### TERCEIRO CURSO

Coordinador: Ramón López Facal

CODIGO	NOME	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA	INCLÚE COMPETENCIAS TITULACIÓN ÁS QUE CONTRIBÚE A MATERIA	SISTEMA AVALIACIÓN BEN ESPECIFICADO E CONCRETO	SINALA PROCEDEMENTO EN CASO DE EXENCIÓN DE DOCENCIA E DISPENSA DE ASISTENCIA	OUTRAS OBSERVACIÓNS (Revisar se indica Plan de Continxencia COVID-19)
G3141321	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II	Si	Si	Si	Si	Si
G3141322	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II	Si	Si	Si	Si	Si
G3141323	Educación Visual e Plástica II: Procesos	Si	Si	Si	Si	Si

	e Proxectos Artísticos					
G3141324	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Galegas	Si	Si	Si	Si	Si
G3141325	Ensino e Aprendizaxe da Medida, Probabilidade e Estatística	Si	Si	Si	Si	Si
G3141327	Didáctica da Educación Física	Si	Si	Si	Si	Si
G3141328	Música na Educación Primaria	Si	Si	Si	Si	Si
G3141326	Practicum II. O Centro Escolar e o seu Contexto: Proxectos e Prácticas	Si	Si	Si	Non procede	Si

#### CUARTO CURSO

Coordinadora: María Carmen Cambeiro Lourido

CODIGO	MATERIA	BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA SEPARADA	COMPETENCIAS TITULACIÓN ÁS QUE CONTRIBÚE A MATERIA	SISTEMA AVALIACIÓN BEN ESPECIFICADO E CONCRETO	PROCEDEMENTO EN CASO DE EXENCIÓN DE DOCENCIA E DISPENSA DE ASISTENCIA	OUTRAS OBSERVACIÓNS (Revisar se indica Plan de Continxencia COVID-19)
--------	---------	---	--	--	---	---

G3141422	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Castelás	SI	SI	SI	SI	SI
G3141424	Traballo Fin de Grao	Non procede	SI	SI	Non procede	SI
G3141441	Educación en Contextos Rurais	SI	SI	SI	SI	SI
G3141442 B	Educación Voccal para Docentes	SI	SI	SI	SI	SI
G3141443	Experiencias de Aprendizaxe na Era Dixital	SI	SI	SI	SI	SI
G3141444	Xogo Infantil	SI	SI	SI	SI	SI
G3141445 B	Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos	SI	SI	SI	SI	SI
G3141447	Educación Ambiental e a súa Didáctica	SI	SI	SI	SI	SI
G3141448	Educación Emocional	SI	SI	SI	SI	SI
G3141449	Educación en Valores e Cidadanía	SI	SI	SI	SI	SI
G3141450 B	Identidade de Xénero e Educación	SI	SI	SI	SI	SI
G3141451	Historia, Patrimonio e Educación en Galicia	SI	SI	SI	SI	SI

G3141452	Lingua Galega para a Docencia	SI	SI	SI	SI	SI
G3141453	Titoría e Orientación Educativa	SI	SI	SI	SI	SI
G3141454	Literatura, Lectura e Creatividade	Só recolle bibliografía básica	SI	SI	SI	SI
G3141445	Teoloxía Católica e a súa Pedagogía	SI	SI	SI	SI	SI
G3141479 B	Diversidade e Escola Inclusiva	SI	SI	SI	SI	SI
G3141480 B	Intervención Educativa na Diversidade Cognitiva: Discapacidade Intelectual e Altas Capacidades	SI	SI	SI	SI	SI
G3141481 B	Intervención Educativa nos Trastornos do Desenvolvemento: TDAH e TEA	SI	SI	SI	SI	SI
G3141482 B	Intervención Educativa nas Dificultades da Linguaxe Oral e Escrita	SI	SI	SI	SI	SI
G3141464 B	Linguaxe Musical	SI	SI	SI	SI	SI
G3141463 B	Educación Vocal e Auditiva	SI	SI	SI	SI	SI
G3141465 B	Formación Rítmica e Instrumental	SI	SI	SI	SI	SI

G3141466	Procesos e Proxectos Didácticos de Educación Musical	SI	SI	SI	SI	SI
G3141455	Inglés: Comprensión e Expresión Escrita	SI	SI	SI	SI	SI
G3141457	Inglés: Comprensión e Expresión Oral	SI	SI	SI	SI	SI
G3141459 B	Aprendizaxe Integrada de contidos en Linguas Estranxeiras: Inglés	SI	SI	SI	SI	SI
G3141461 B	Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións	SI	SI	SI	SI	SI
G3141491	Practicum II	SI	SI	SI	SI	SI

## 2. Adaptación da programación docente

O documento da nosa USC “Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura. Curso 2020-2021” sinalaba no seu punto 4 unha serie de medidas que compríater en conta para a impartición da docencia no curso 2020-2021. A razón destas propostas era asegurar a flexibilidade e/ou a capacidade de adaptación dos programas das materias aos distintos escenarios contemplados no propio documento.

Á hora de elaborar os programas das diferentes materias que se impartiron instouse desde a Facultade e desde o Departamento a cumprir as seguintes medidas:

- Ter operativa unha aula virtual e diferentes canles de comunicación fluida co alumnado. Neste senso, cómpre lembrar que as titorías (tanto para ás materias de grao como para as de master) será, fundamentalmente, presenciais, aínda que poderán programarse, se houbera necesidade (escenarios 2 e 3), titorías telemáticas, empregando as ferramentas dispoñibles.
- Material bibliográfico básico das materias, de acceso doado para ó alumnado en todo momento (libros en pdf, acceso a pwp, videos....)
- Ter presente, na medida do posible, que os contidos se poidan traballar desde os tres escenarios descritos no documento.
- Diseñar procesos de avaliación nos que a avaliación continua posúa un peso específico importante.

Partindo destas ferramentas esenciais, no punto 4.2, propóñense diferentes actuacións dependendo dos escenarios. Tendo en conta os epígrafes dos programas oficiais das materias e coa intención de minimizar a necesidade de modificar estes documentos por mor dun cambio de escenario ao longo do curso académico, poderíamos considerar as seguintes propostas:

Obxectivos da materia

Serán os mesmos para os tres escenarios

Contidos

Deberían ser seleccionados tendo en conta as posibles modalidades de docencia de forma que podan ser abordados con éxito desde calquera escenario.

Bibliografía básica e complementaria

Básica:

Seleccionar aquela que poda estar a disposición do alumnado, incluso no escenario 3, Tendo en conta que os materiais empregados deben cumprir coa normativa de propiedade intelectual e a de protección de datos.

Complementaria:

Toda a que estimemos oportuna

Competencias

As establecidas nas memorias dos títulos

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía terá que adaptarse aos distintos escenarios (estas adaptacións especificaranse no epígrafe de Observacións) polo que cómpre establecer, ademais doutras cuestións:

- Actividades síncronas e asíncronas
- Traballos que fomenten a autonomía do alumnado
- Tarefas individuais e tarefas grupais
- Plataforma na que imos traballar

O profesorado ten que ter en conta que “o volume de información e o tempo dedicado ás actividades en remoto ten que ser proporcionado á materia”.

Do mesmo xeito que no apartado de Bibliografía, teremos en conta o establecido na normativa vixente, de propiedade intelectual e protección de datos, na elección dos materiais que utilizemos e postos o dispor do alumnado

Sistema de avaliación da aprendizaxe

O documento de Directrices recomenda considerar fundamental o uso da avaliación continua. Esta pode, ou non, complementarse coa existencia dunha proba de avaliación final. En todo caso, o proceso avaliativo debería organizarse de xeito que poida ser abordado con cambios mínimos desde os diversos escenarios plantexados. Neste senso, é interesante contemplar traballos ou probas que poidan ser adaptados desde a modalidade presencial á modalidade a distancia mediante o uso das ferramentas que temos ao noso dispor.

Debemos abordar a ponderación dos distintos tipos de traballos e/ou probas existentes.

Ao remate do epígrafe debemos incluír o seguinte texto: “Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o que se recolle na Normativa de avaliación do rendemento dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

Será o mesmo para os tres escenarios, polo que teremos que considerar o indicado no apartado de Metodoloxía cando nos refiramos ao volume de información e ás actividades en remoto.



Recomendacións para o estudo da materia

Serán as necesarias para cada un dos escenarios previstos

Observacións

Neste apartado contemplaremos, ademais dos contidos habituais e baixo a epígrafe “Plan de Continxencia”

- As adaptacións metodolóxicas para os escenarios 2 e 3.

- O sistema de avaliación para os escenarios 2 e 3. Incluindo as actividades presenciais e en remoto, e a súa ponderación (en 1ª e 2ª oportunidade)

Asemade, o profesorado coordinador da materia ao inicio do semestre estableceu e difundiu, na aula virtual da materia, **a distribución nas dúas quendas dos grupos interactivos** atendendo á orde alfabética. Para distribuírlo é metade do grupo. No caso de ser impar un grupo quedaría con un máis.

Táboa para ás titulacións de: Grao en Mestre/a en Educación Primaria e Grao en Pedagogía				
Calendario semanas	Materia Gxxxxxxx Nome: ..... Grao en .....			
	Tipoloxía de semanas. Ciclo básico de 4 semanas.	Sesións	Grupos [indicar: CLE, CLIL ou CLIS segundo proceda] (engadir e/ou grupos segundo corresponda á materia)	Modalidade
Do 1 ao 5 de febreiro	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática sincrónica</b>
		Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: sincrónica ou asincrónica]</b>
		Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática sincrónica</b>

Do 8 ao 12 de febreiro	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 15 ao 19 de febreiro	<b>Semipresencial quenda 1:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial primeira parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 22 ao 26 de febreiro	<b>Semipresencial quenda 2:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial segunda parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 1 ao 5 de marzo	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>
		Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
		Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>

Do 8 ao 12 de marzo	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 15 ao 19 de marzo	<b>Semipresencial quenda 1:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial primeira parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 22 ao 26 de marzo	<b>Semipresencial quenda 2:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial segunda parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 5 ao 9 de abril	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>
		Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
		Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>

Do 12 ao 16 de abril	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 19 ao 23 de abril	<b>Semipresencial quenda 1:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial primeira parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 26 ao 30 de abril	<b>Semipresencial quenda 2:</b> Semana docencia mixta presencial e non presencial segunda parte	Expositivas	CLE: todo o grupo	<b>telemática asíncrona</b>
		Interactivas	CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>Presencial</b>
			CLIS 1: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 2: Alumnado apelidos: xx-xx CLIS 3: Alumnado apelidos: xx-xx	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
Do 3 ao 7 de maio	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>
		Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
		Expositiva	CLE: todo o grupo	<b>Telemática síncrona</b>

Do 10 ao 14 de maio	<b>Non presencial:</b> Semana con docencia non presencial	Interactiva	CLIS 1: todo o grupo CLIS 2: todo o grupo CLIS 3: todo o grupo	<b>telemática [indicar: síncrona ou asíncrona]</b>
---------------------	--	-------------	--	--

### 3. Adaptación Prácticum II (1º e 2ª Edición) e TFG

#### CAMBIOS PRÁCTICUM CON MÁIS DO 65% superado - PRÁCTICUM II MESTRE (1ª E 2ª EDICIÓN)

##### Observacións:

MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE MARZO COMO CONSECUCENCIA DA SUSPENSIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA PRESENCIAL:

A modificación da guía docente desta materia realizouse seguindo os acordos e recomendacións da Conferencia de decanas e decanos de Educación, e por tanto tendo como marco de actuación as “Guías orientadoras para a adaptación de forma harmonizada das prácticas obrigatorias (Prácticum) dos títulos de Educación ante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19” desenvolvidas pola conferencia seguindo as indicacións da CRUE e publicadas na web da conferencia o 31 de marzo de 2020.

<http://www.conferenciadecanoseducacion.es/guias-orientadoras-la-adaptacion-forma-armonizada-las-practicas-obligatorias-practicum-los-titulos-educacion-ante-la-situacion-emergencia-sanitaria-provocada-covid-19/>

Realizouse máis do 65% das horas presenciais de Prácticum do curso. É dicir, xa coñecen os centros, entraron en clase e interviñeron na aula, etc. Polo tanto, e seguindo as orientacións para a adaptación excepcional das Prácticas de Ensinanza recollidas nas guías anteriormente mencionadas, tómanse os seguintes acordos:

1. Priorizar, na memoria que se presente, o deseño e a planificación da proposta, así como o seu carácter innovador, fronte á posta en práctica e a reflexión sobre a mesma. Sería moi aconsellable que o alumnado tome en consideración que, aproveitando a situación na que nos atopamos, sería moi útil facer unha reflexión sobre como podería adaptarse a súa proposta docente a un escenario de ensino-aprendizaxe non presencial como o que se está producindo neste intre.
2. Reprogramar cando menos unha titoría grupal co profesorado supervisor, virtualmente, para establecer pautas de traballo segundo estas directrices. En consecuencia, é necesario contactar electronicamente co alumnado que se supervisa para reorganizar o Prácticum neste novo escenario e con estas novas directrices. En principio, manteremos a terceira titoría na data que estaba previamente establecida, entre o 13 e o 17 de abril, co fin de supervisar de xeito máis específico a redacción da memoria.
3. Mantense a data de entrega da memoria, que estaba establecida para o 4 de maio de 2020 (será preciso contactar previamente co profesorado que titorizou as prácticas nos centros para que envíen, por correo electrónico ao profesorado supervisor, os informes de avaliación do alumnado). A entrega da memoria será a habitual, en papel, se xa se restableceu a docencia presencial e, se non fose así, entregarase cunha copia electrónica

nunha tarefa que se habilitará, de ser o caso, na aula virtual da materia ata as 23:59 horas de dito día (isto sen prexuízo de que o alumnado tamén lla poida enviar ao seu profesorado supervisor por correo electrónico).

O proceso de supervisión debe documentarse adecuadamente e para iso é importante apoiarse nas ferramentas institucionais (p. e. campus virtual, salas de videoconferencias habilitadas, correo electrónico e ferramentas dixitais colaborativas).

## **CAMBIOS TFG**

Os guías do TFG adaptáronse redefinindo os sistemas de titorización e as modalidades posibles e metodoloxías de traballo adaptándoas ao contexto non presencial e as dificultades para o desenvolvemente de traballos de investigación que requiran traballo de campo.

MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE MARZO COMO CONSECUENCIA DA SUSPENSIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA PRESENCIAL:

No tocante ás modalidades de Traballo Fin de Grao (punto 4 da guía), cómpre reformulalas nos seguintes termos pola situación excepcional de non presencialidade:

Na modalidade b) Traballo de iniciación á investigación de campo: O/a estudante diseña unha investigación na que, tomando como base a revisión da literatura básica sobre o tema ou realidade educativa obxecto de análise, fundamentará e diseñará a metodoloxía requirida para levar a cabo o estudo de campo: fundamentará teóricamente a investigación e organizará e diseñará os instrumentos e técnicas para poder poñela en marcha aínda que, debido á situación excepcional de non presencialidade non se leve a cabo dita implementación senón que se substitúa pola adaptación á situación contextual actual facendo a planificación para a súa posible implementación.

## 10.Anexos

### ANEXO I

**Materias do Doble Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria que son impartidas no Plan de Estudos do Grao de Mestre en Educación Primaria.**

<b>Código</b>	<b>Materia</b>	<b>Semestre</b>	<b>Curso</b>	<b>Ofertada /Non ofertada</b>
G3141101	Socioloxía da Educación	1SG	1º	OFERTA.1
G3141102	Infancia, Familia e Escola	1SG	1º	OFERTA.1
G3141103	Teoría e Historia da Educación Escolar	1SG	1º	OFERTA.1
G3141105	Psicoloxía da Educación	1SG	1º	OFERTA.1
G3141106	Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos)	2SG	1º	OFERTA.1
G3141107	Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento	2SG	2º	
G3141108	Escola, Comunidade e TIC	2SG	1º	OFERTA.1
G3141202	Deseño, Desenvolvemento e Innovación Curricular	1SG	2º	
G3141120	Ensino e Aprendizaxe de Linguas en	2SG	2º	



	contextos Multilingües			
G3141121	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética	2SG	2º	
G3141122	Fundamentos da Educación Física	2SG	1º	OFERTA.1
G3141223	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés)	2SG	3º	
G3141224	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Francés)	2SG	3º	
G3141226	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I	2SG	2º	
G3141227	Ensino e Aprendizaxe da Xeometría	2SG	3º	
G3141228	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I	2SG	2º	
G3141229	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Alemán)		3º	NI/NM
G3141230	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Portugués)	2SG	3º	
G3141321	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II	1SG	3º	

G3141322	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II	1SG	3º	
----------	--	-----	----	--

G3141323	Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos	2SG	3º	
G3141324	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Galegas		4º	NI/NM
G3141325	Ensino e Aprendizaxe da Medida, Probabilidade e Estatística		4º	NI/NM
G3141327	Didáctica da Educación Física	2SG	2º	
G3141328	Música na Educación Primaria	1SG	2º	
G3141422	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Castelás	1SG	2º	
G3141483	Ensino e aprendizaxe das ciencias da natureza e das ciencias sociais na educación primaria		4º	NI/NM
G3141491	Practicum II: sen mención	2SG	4º	
G3141424	Traballo Fin de Grao		4º	NI/NM

G3141443	Experiencias de Aprendizaxe na Era Dixital	1SG	4º	
G3141448	Educación Emocional	2SG	3º	
G3141449	Educación en Valores e Cidadanía	2SG	3º	

G3141451	Historia, Patrimonio e Educación en Galicia	2SG	3º	
G3141452	Lingua Galega para a Docencia	2SG	3º	
G3141453	Titoría e Orientación Educativa	2SG	3º	
G3141454	Literatura, Lectura e Creatividade	1SG	4º	
G3141479	Diversidade e Escola Inclusiva	2SG	3º	
G3141480	Intervención Educativa na Diversidade Cognitiva: Discapacidade Intelectual e Altas Capacidades	2SG	3º	
G3141481	Intervención Educativa nos Trastornos do Desenvolvemento: TDAH e TEA		4º	NI/NM
G3141482	Intervención Educativa nas Dificultades da Linguaxe Oral e Escrita		4º	NI/NM

G3141484	Practicum II: Mención en Atención á Diversidade		4º	NI/NM
3141445	Teoloxía Católica e a súa Pedagogía	2SG	3º	